

'A TVG nunca lle preguntou á oposición sobre o Xacobeo'
(Tareixa Pérez)

(Páx. 11)



1,75 euros



Importante achado arqueolóxico na Torre da Rocha

(Páx. 10)




O sol e a crise réstanlle asistencia ao Día da Patria

O BNG sela a concordia

Quintana e Beiras apertáanse sobre o estrado do Día da Patria.

PACO VILABARROS

HISTORIA DE GALICIA RAMÓN VILLARES



UNHA NOVA HISTORIA DE GALICIA. Unha ollada das diferentes etapas da historia desde cada unha das sete cidades galegas.

Guía cultural e festiva para o mes de agosto

(Páx. 24, 31 e Lecer)

TIVO SORTE O BNG QUE LOGO DE DÍAS DE LIDEIRAS puidera esconxurar gafadas e proxectar unha imaxe de volta á normalidade e de unidade interna na celebración do Día da Patria. Se o novo candidato nacionalista, Anxo Quintana, deixou claro que o seu compromiso de renovación interna é sinónimo de "alternativa de goberno", as bases nacionalistas tamén lles fixeron chegar aos seus dirixentes unha mensaxe clara de unidade. Os militantes e simpatizantes nacionalistas que, como moi ben dixo Quintana, levantaron da nada un proxecto co seu esforzo, no que deixaron os mellores dos seus anos, non están dispostos a que miudezas personalistas ou discrepancias lexítimas estraguen todo o esforzo e o traballo dunha xeración, a primeira das camadas populares que tivo acceso á cultura e á instrución. Quintana afirmou que por riba do BNG só está Galicia. Ese era o compromiso de todos os presentes e de moitos que mostraron tamén a súa opinión non asistindo. Ese ten que ser o roteiro polo que navegue o BNG por máis que forzas externas e erros internos pretendan rectificar o seu rumbo ou levar a nao a pique. ♦

Zapatero posterga o AVE até o 2011

(Páx. 16)

Nelly Maes: 'Camilo era un dos mellores deputados europeos'

(Páx. 12 e 19)

Manuel O'Rivas: 'O xornalismo ten moito de novelesco'

(Páx. 29)



Quintana preséntase como o líder que xa venceu electoralmente o PP

A petición de 'respecto' para o país e para o BNG centra o Día da Patria

A. EIRÉ - P. CONDE

O BNG quixo trasladar unha menxase de volta á normalidade e de unidade interna nunha xornada na que reclamou respecto para esta organización, pero sobre todo para o país. Quintana apresetouse como o líder capaz de derrotar xa ao PP. Desafiou a Fraga a volver presentarse, criticou o PSOE pero pediulle colaboración a Touriño e apresetou un BNG no que a renovación e o cambio son compoñentes básicos para que a sociedade o vexa como "alternativa". A bases nacionalistas tamén faláron. Unhas pedíronlles aos seus dirixentes que se deixen de divisións cos seus aplausos, outros criticáronos non participando. Foi o Día da Patria menos participativo desde 1993.



Edita:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Presidente:
Xosé Fernández Puga.

Vogais:
Cesáreo Sánchez Iglesias,
Xosé M^o Dobarro, Manuel Mera,
Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel
Barros e Bieito Alonso.

Secretario:
Xan Piñeiro.

Director:
Afonso Eiré López.

Redacción:
Xan Carballa, Manuel Veiga, Horacio
Vivande, Carme Vidal, César Lorenzo
Gil, Mar Barros, Rubén Valverde, Paco
Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.

Edicións Especiais:
Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta:
Xoselo Taboada.

Coordenación Humor Gráfico:
Picho Suárez.

Colaboradores:
Galiza: Bieito Iglesias, X.L. Franco
Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muíñoz
Portabales, Martina F. Bañobre, X.C.
Garrido Couceiro, X.M. Sarille, Miguel
Barros, Xesús Veiga, M^o Pilar García

Negro, V.M. Vázquez Portomeie,
A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois
Diéguez, Antón Grande, Xavier López,
Manuel Lugois, Xosé M. Ahel,
Manuel Rivas, Carlos Aymerich.

Sociedade: X. Vázquez Pintor, Xavier
Queipo, Henrique Harguindey.

Economía: Manuel Cao, X.F. Pérez Oia,
Xosé García.

Península: G. Nuno de Faria, Manuel
Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.

Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal,
Gustavo Luca de Tena, Ignacio
Ramonet, Ramón Chao.

Deportes: Manuel Pampín.
Cultura: Ramiro Fonte, Vitor Vaqueiro,
Pilar Pallarés, Celso López Pazos, X.M.

Eyré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar,
Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo
Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel,
Rodolfo Dacuña, Xesús González
Gómez, Gonzalo Vilas, Frank Meyer,
Heitor Mera Herbello, Xosé M. Busán
Bran, Marta Dacosta, Xosé Valiñas,
Damián Villalaín, Xerardo Pardo de
Vera, José Viale Moutinho.

Fw de Semana: Francisco Carballo,
Marga Romero, César Varela,
Xurxo F. Leal, Francisco A. Vidal,
Antón Patiño Regueira, Rudesindo
Soutelo, Irmandade dos Vinhos, Xosé
Miranda.

Lece: Xesús Vaamonde Cid.

Última Páxina: X.R. Pousa, X.A.
Gacío, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía:
Andrés Panaro, Xosé Marra.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Carlos Silvar,
Gonzalo Vilas, Suso Sammartín,
Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha,
Uxia e Brais, Roi Cagiao.

Xefe de Publicidade:
Carlos Martínez Muínoz
publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscricións:
Lola Fernández Puga
subscricions@anosaterra.com

Redacción e Administración:
Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo.
Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfonos:
Redacción:
986 433 886 - 222 405.
Fax 986 223 101.

Correo Electrónico:
info@anosaterra.com

Administración, Subscricións e Publicidade:
986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Deposito Legal: C-963-1977 .
ISSN: 0213-3105.



PACCO VILABARROS

internas no BNG. Ao rousoar o próximo ano aparecen as eleccións autonómicas.

Alguén podería pensar que a gran cita do nacionalismo non lle conviña nada ao BNG. Moi ao contrario. O acto da Quintana, no que importan tanto os xestos coma os discursos, supuxo, como tantas outras veces, unha catarse interna nunha intercomunicación entre a dirección e as bases que lle permitiu proxectar unha imaxe de volta a normalidade e de unidade interna moi difícil de visualizarse, sobre todo socialmente, en calquera outra circunstancia.

A petición de "respecto" abriu o discurso de Quintana e centrou a súa primeira parte: "respecto para o BNG e para as súas boas xentes, respecto para o país e para as súas boas xentes", demandou Anxo Quintana.

Respecto en alusión aos que pretenden esaxerar os conflitos do BNG e respostas para os problemas de Galiza e as súas demandas, que Quintana centrou preferentemente en dúas: pagar a débeda histórica e un novo Estatuto no que Galiza sexa recoñecida como nación.

A base social do nacionalismo, presente na Quintana, baixo un sol abrasador, tamén lanzou unha clara mensaxe que podería ter o ton máis alto cando os aplausos opacaron o son da Berenguela. Anxo Quintana fundíase nun abrazo emocionado con cada membro da dirección. Especialmente emotivos e significativos foron as apertas a Xosé Manuel Beiras e a Francisco Rodríguez.

Os aplausos máis fortes dos militantes semellaban dicir claramente que non queren liortas internas nin divisións. Como dicía máis dun militante "non estamos dispostos a perder nin un gramo do capital acumulado todos estes anos".

Anxo Quintana, que saíu claramente reforzado do acto, entre aclamacións de "presidente, presidente...!", soubo conectar coa militancia. "Hoxe mfo-

vos aos ollos e recoñezo en vós tantos e tantas que coma min consumiron os mellores anos da súa xuventude en erguer un proxecto nacionalista forte, esperanza do país e orgullo de nós mesmos".

"Debémonos aos milleiros de mulleres e homes nacionalistas que nas vilas e cidades do país desafiaron ser excluídos, sinalados ou apartados por ser nacionalistas. Por ser do BNG. A eles e só a eles nos debemos quen temos responsabilidades", continuou o seu discurso Quintana.

Dúas foron as mensaxes máis fortes en clave interna do seu discurso: "o BNG vai antes e por riba de todo o demais" e a "renovación e cambio son imprescindibles para presentar o BNG como "alternativa de goberno". Nun BNG no que "todos somos necesarios e temos moito que achegar" e no que "quen queira ficar atrás terá toda a consideración e agradecemento". A renovación é un camiño sen retorno.

A derrota de Fraga

Anxo Quintana tamén se presentou como un gañador: "eu xa sei o que é gañarlle ao PP nas urnas". Unha mensaxe de optimismo á militancia nacionalista, pero tamén unha mensaxe da súa condición de gañador. "A mín aínda non me tumbaron na lona e a cidadanía galega ten dereito a expresar co seu voto o berro de *Nunca Máis*", retrucoulle a Fraga, quen se referira en días anteriores a que sempre derrotara os seus adversarios nas eleccións autonómicas.

Quintana mesmo se mostrou desafiante con Fraga pedíndolle

que repita como candidato: "... que o faga, que se presente. Porque merece ser derrotado nas urnas. O esforzo será del pero o gusto noso".

Críticas a PP e PSOE

Quintana tamén esixiu respecto pola historia deste país. "O Estado español ten unha débeda histórica e, agora tócalle pagala". E foi debullando as oportunidades perdidas que o BNG considera que se lle deben a Galiza.

Entre elas citou a de que "chegou a última ás autovías e chega a última á alta velocidade". Comezou así as críticas tanto ao PSOE como ao PP. Unhas críticas que fixeron que volvese ecoar na Quintana logo dalgúns anos a cantilena de "PSOE, PP, a mesma merda é".

Anxo Quintana demandou destes partidos "respecto para os homes e mulleres deste país e un mínimo de compromiso coa nosa terra". Criticoulles que utilicen a representación política en Galiza para cubrilles as costas dos seus xefes en Madrid. "Sítuense na reivindicación ou na submisión dependendo unicamente que o seu partido governe ou non governe na capital do Estado".

Neste aspecto a crítica foi directa ao PSOE que "protestaba todos estes anos pola marxina da Galiza", pero tamén un chamamento á colaboración: "agora que o noso traballo conxunto podía ter froitos e beneficios directos para o noso país", o PSDeG adicase a "amparar un goberno que salda a débeda histórica con Andalucía, regala entidades administrativas a Catalunya e asina obras con Castela e León, mentres que a Galiza só o

nomea para anunciar novos atrasos e novas reconversións", laiouse Quintana.

O chamamento de Quintana foi directo para Pérez Touriño, a quen lle chamou "Amigo Emilio" para recordarlle que o Delgado do Goberno está na Coruña e tamén "o salvador das esencia de España", en referencia a Francisco Vázquez.

Ao PP criticoulle Quintana que pasase "oito anos facéndolle a pelota a Aznar" e, agora, "non teñen ningún rubor en facer política de aparencias sumándose ao carro das reivindicacións, co único obxectivo de colocarse novamente co disface galeguista".

Demandou de Fraga que se quere sumarse á reivindicación dun mellor trato do Estado, "comece por perdilles perdón aos galegos e galegas por oito anos de silencio".

Un Estatuto Nacional

A presentación pública dun Estatuto Nacional para Galiza no Día da Patria, chamado a ser o eixo que nuclease a celebración, quedou magoado polo clima de diverxencias internas nas semanas anteriores.

Aínda así, foi outro dos eixos básicos do discurso de Anxo Quintana. Opúxose o voceiro nacional do BNG a unha "reforma limitada do Estatuto", como queren os partidos estatais e reclamou unha novo Estatuto Nacional "convencidos de que canto máis autogoberno teñamos, máis posibilidades de benestar terá a cidadanía deste país".

"Interésanos o Estatuto para a Nación, pero, sobre todo, para os cidadáns da nación, afirmou Quintana, antes de concluir que "a Galiza das ideas, da solidariedade, da tolerancia e da imaxinación, está nas nosas mans e está perto".

¿Superado o "proyecto común" do nacionalismo, anunciado por Beiras hai dez anos, comezará no 2004 o "proyecto común" do BNG coa maioría da sociedade, como pretende Quintana? ♦

A celebración do Día da Patria en *ano santo* teñen, historicamente, algo especial. Unhas veces foron as cargas policiais, outras a prohibición de entrar na Quintana, cando non os controis que paraban aos autobuses... Neste 2004 o problema estaba no propio nacionalismo: a celebración veu marcada pola crise electoral e as discusións

O independentismo maníféstase polas Bases Democráticas

Algo máis de mil persoas agrupáronse baixo a pancarta de "Autodeterminación" e as siglas das Bases Democráticas Galegas, unha nova entidade que permitiu agrupar ás forzas do independentismo que nos últimos anos non fora posíbel.

Despois de varios anos nos que non foi posíbel unha manifestación unitaria do independentismo, desta volta as principais forzas (Nós-UP, FPG, CUT e PCPG) acadaron un acordo que tomou forma no manifesto "Autodeterminación" e as siglas Bases Democráticas Galegas. Os manifestantes agrupáronse detrás desta pancarta de cabeza, pero mantiveron cada un deles a súa propia identidade no percurso da mobilización, que saíu da Alameda e rematou na Praza do Toral. Os berros de "unidade", deron paso aos saúdos a cada unha das forzas que apoiou a mobi-



XAN CARBALLA

lización e á lectura do manifesto realizado polo coordinador da nova plataforma, o sindicalista Braulio Amaro.

Ademais das forzas antes ditas, a manifestación estaba apoiada por AGIR, Sociedade

Desportiva e Cultural do Condado, Adiante-MIR, AMI, Redes Escarlata, A Revolta, ERVA-ecoloxistas en acción de Compostela e Asemblea de Mulheres do Condado. A proposta de Bases Democráticas Galegas é "resga-

tar o vigor de principios como os que falan de autodeterminación e democracia, de defensa da lingua e dun cadro galego de relacións laborais. Configuran antes unha iniciativa, non partidaria nen sectoria, de persoas, mulleres e homes, que promoven a recuperación de elementos decisivos para rearticular un proxecto de resistencia, e ao tempo de proposta activa, fronte á orde existente".

O manifesto común, en defensa da autodeterminación, fixo unha forte crítica do que representa a constitución europea, preanunciando cal vai ser a postura do independentismo no futuro referendo, "a Europa que se institucionaliza non responde ás necesidades democráticas e de liberdade dos pobos que a conforman. Os suxeitos soberanos da Constitución europea non son os pobos, senón os Estados

e as súas elites gobernantes, xestoras dos negocios do Capital. A reivindicación democrática dunha Europa dos pobos, das súas culturas e das súas linguas, é profundamente contraditoria con un proxecto constitucional europeo que nega o dereito de autodeterminación como alternativa á uniformización e ao proxecto excluínte da chamada globalización capitalista. Falar-mos da Constitución europea implica posicionarnos politicamente e evidenciar a súa profundidade antidemocrática, denunciar a transcendencia relixiosa e os intereses neoliberais e imperialistas. É unha constitución xenófoba, que consagra a liberdade do Capital ao tempo que impide o libre movemento das persoas, lexítima e perpetúa a dominación e explotación das mulleres. É antidemocrática, antisocial e belicista". ♦

A calor mandou na Quintana

PERFECTO CONDE

Se non fose porque non se vía a Torre del Oro por ningún lado, o 25 de xullo podía parecer que estabamos en Sevilla. Media hora despois do mediodía, cando saíu da Alameda a manifestación do Día da Patria Galega, camiño da praza de Quintana, o sol petaba sen misericordia na testa dos manifestantes. Nas terrazas da Porta Faxeira no faltaban os curiosos, Xavier Costa Clavell, entre eles, que estaban unicamente pendentes do lugar que fa ocupar Xosé Manuel Beiras no desfile. “Se cadra, nin sequera vén”, dicía alguén que sabía perfectamente que se estaba trabucando.

Claro que estaba Beiras, e estaban todos os que tiñan que estar na cabeza da manifestación: os quince membros da Executiva do BNG. No medio e medio, o portavoz nacional, Anxo Quintana; á súa dereita, Francisco Jorquera, e, a seguir por este lado, Luís Barcia, Francisco Rodríguez, Socorro Cea, Carlos Aymerich, Ana Pontón e Bieito Lobeira. No lado esquerdo de Quintana, o presidente do Consello Nacional, Xosé Manuel Beiras; e, a seguir, Ánxela Bugallo, Encarna Otero, Xoán Carlos Bascuas, Teixeira Novo, Cecilia Pérez Orxe e Santiago Domínguez Oliveira.

A máis alegre de todos –non paraba de bailar e de cantar– era Encarna Otero. A pobre non sabía que, só tres días máis tarde, o mércores 28, volvería encontrarse cos amigos, pero esta vez por un motivo triste, o enterro do seu pai na igrexa do Sar e no campo-santo de Boisaca.

A correr

E, a correr. Este ano a manifestación foi moito máis rápida ca outras veces. A xente parecía que tiña prisa por chegar á Quintana. Como se quixese fuxir do sol implacábel que lle caía derriba. Os curiosos seguían marmurando. Na praza de Galiza habíase comentaban: “Este ano hai a metade da xente que houbo outras veces”. Non tiñan en conta que moitos mozos aínda andaban daquela dando voltas pola Alameda e polo Campus, onde estaba instalado o Festigal, e que os máis vellos xa estaban instalados ao carón da parade de Antealtares, na procura da sombra. Algúns deles cor cargos nas organizacións nacionalistas.

Pola rúa do Doutor Teixeiro abaixo e polo Hórreo arriba, a manifestación converteuse nun mar de bandeiras vermellas, azuis e brancas que competía coa intensa luminosidade azul do ceo. Moita xente nova abaneaba mensaxes coa palabra “autodeterminación”, e non faltaban pancartas verdes pedindo que salvemos os ríos Ulla e Miño dos encoros.

Pola rúa Nova adiante, a manifestación atravesou todo un zoco de artesanía e trebellos diversos e unha auténtica marea de turistas que curioseaban debaixo dos soportais ou sentados nas terrazas das cafeterías. Nese momento, o Santiago monumental estaba sendo un dos lugares máis poboados do mundo debido a distintas festividades que se estaban celebrando. Nin no Times Square neoiroquino



Anxo Quintana protagonizou o Día da Patria. Abaixo, algunhas persoas mostran a súa simpatía cara o portavoz nacional.

PACO VILABARROS

se xunta nunca tanto mundo por metro cadrado. As prazas da Quintana e do Obradoiro, e as rúas Nova, Vilar e do Franco estaban sendo daquela un fervedoiro de xente.

Na Quintana

Os primeiros minutos na Quintana foron de expectativa. De entrada, había pouca xente, e a presentadora do acto, Ánxela Bugallo, anunciou que se fa agardar un momentíño. Se todo continuase como estaba ao principio, case había tanta xente facendo fileira para entrar pola Porta Santa como participando na manifestación. Que pasaba? Parara a xente a refrescarse polo camiño ou era verdade que había moitísimos menos manifestantes que outros anos?

Fose polo que fose, de repente, empezou a encherse a praza con manifestantes que entraron polas Praterías. Viñan cantando e berrando eslogans nacionalistas, e portando un considerable número de bandeiras vermellas da UPG. Rapidamente encheron a escaleiras do fondo e unha boa parte da praza. Dende o escenario, onde agardaban todos os dirixentes do BNG e os representantes de varias forzas políticas que quixeron estar presentes, as caras –até entón, algo murchas– tornáronse celebrantes e todos se sumaron á algarabía da praza. Pero, moitos dos que chegaran ao comezo ían

saído xa para refrescarse nos bares próximos. Cando comezou a falar Quintana xa había case outra manifestación paralela de militantes do BNG cara o rúa do Franco.

Ánxela Bugallo fixo de mestra de cerimonia. A portavoz nacional adxunta do BNG, moi arregladiña cun vestido negro, branco e vermello de singular deseño, non se limitou a ir presentando un a un aos oradores. Ela puxo tamén o seu gran de area e contribuíu a que se fose quantando un ambiente no que non tardaron en aparecer berros contra o PP e o PSOE.

Rubén Cela, de Galiza Nova, en mangas de camisa a cadros,

apoiou as súas rotundas mans no atril como se fose chantalo no escenario. Non precisou un gran discurso para demostrar que tiña moitos seguidores entre o público, que por certo xa empezaba a queixarse da calor que todos estabamos padecendo.

Quintana non caeu na lona

Cando lle tocou o turno a Anxo Quintana, a praza xa non era praza. Era un auténtico forno. Ao meu lado había un paisano que lle dixo a unha moza que abaneaba unha gran bandeira que lle daba sombra: “Ai, neniña, se a deixases aí quietaíña, valíame a vida”. Ela sorriu, e seguiu movendo a enseña, que por certo era a de Cuba.

O portavoz nacional do BNG sabía que estaba de estrea no Día da Patria Galega, e esforzouse por chegar ao público que non se lle mostrou difícil, por outra parte, e pouco tardou en co-realo berrando “presidente, presidente”. Quintana, como todos os demais, fa en mangas de camisa –a ver quen non, nun día como que facía–, pero a súa era a única que aparecía marcada pola moda actual das raías, no seu caso ben gordas, por certo.

Na súa intervención deixou claras algunhas cousas, abertas outras, e

motrouse orgulloso da súa carreira política. “A min aínda no me tumbaron na lona”, dixo referíndose a unhas palabras recentes e atrevidas de Manuel Fraga, e a xente premiou o seu desafío con aplausos de estrondosos. Un cincuentón que escoitaba dixo, non obstante: “Eu, se houbese escisión, voume con Beiras”. Para que logo digan que, no Bloque, a xente non fala de todo.

Seguramente este home non ha precisar irse de onde está porque, segundo quixo deixar claro Quintana, na escena política da praza, a harmonía reina entre el e os restantes dirixentes do BNG. Nada máis rematar o seu discurso, abrazou amistosamente a Xosé Manuel Beiras e logo a Francisco Rodríguez e a todos os membros da executiva que presidían con el o acto de celebración do Día da Patria Galega. O del non foi un abrazo de Vergara, porque na Quintana non había un xeneral Maroto rendido nin ningún Espartaco, pero a súa reacción espontánea ceceais foi o máis significativo de toda a súa intervención do 25 de xullo. En todo caso, o público acusou recibo dela, e premiou o seu autor con outro estrondo de aplausos.

Festigal

E pola tarde, festa. Este ano o Festigal foi no Campus Sur de Santiago e contou coa presenza de moita xente. Ademais de todo o staff directivo do BNG, na carballera que acolleu a festa reuníronse militantes e simpatizantes do nacionalismo de todas as tendencias, en comidas e merendas que amenizaron grupos de gaiteiros, acordeonistas e distintos músicos procedentes de toda Galiza. Foi unha boa fin de festa para o Día da Patria Galega. ♦



PACO VILABARROS

Ofrenda floral con Touriño e Espinosa de protagonistas O PSdeG volve centrar en Rianxo os actos do 25 de xullo

Como todos os anos, o Partido dos Socialistas de Galiza volveu elixir a localidade natal de Castela para a celebración do 25 de xullo. Nos actos, Pérez Touriño resaltou o compromiso da súa forza na modernización do país con vistas ás vindeiras eleccións.

É tradicional que o PSdeG-PSOE centre en Rianxo os actos para celebrar o 25 de xullo e nesta ocasión volveu facer unha ofrenda floral no busto de Castela na vila mariñeira. A continuación, pronunciáronse varios discursos e, acto seguido, a comitiva socialista percorreu a zona da ribeira.

O acto de "galeguismo cívico e solidario" organizado polos socialistas contou coa participación do seu secretario xeral, Emilio Pérez Touriño, o alcalde da localidade, Pedro Piñeiro, membro deste partido, e a ministra de Agricultura e Pesca, Helena Espinosa.


O presidente Fraga tamén foi protagonista nos actos celebrados polos socialistas en Rianxo, xa que aludiron a el os oradores que pronunciaron o seu discurso tras a ofrenda floral.

No seu parlamento, Pérez Touriño dixo que Fraga se presentará de novo ás eleccións autonómicas próximas debido á "incapacidade do PP para soste-lo un proxecto de futuro para Galiza". A incapacidade tamén foi unha característica que Touriño lle atribuíu a Fraga á

hora de "manter e cumprir a súa palabra", fronte á capacidade "para manipular" ou para "manter actitudes antidemocráticas".

Nos seus proxectos de futuro, Touriño agarda un cambio de goberno tras as próximas eleccións autonómicas e prometeu unha reforma do Estatuto e "unha renovación política, económica, social e cultural" no país. Así mesmo, sinalou que o Plan Galiza do PP é "papel mollado e propaganda".

Na súa quenda, o alcalde de Rianxo, o socialista Pedro Piñeiro, comunicoulles aos presentes a ilusión do novo Goberno central e a ministra de Agricultura Helena Espinosa referiuse a Pérez Touriño como o "cirurxián de elite que vai operar na Galiza". ♦



A ministra de Pesca, Helena Espinosa, foi a encargada de ler o discurso do Día Nacional de Galiza no acto de Rianxo.

Os concellos celebran a Patria con ofrendas e conferencias

Concellos como o de Pontevedra, Poio, Vigo ou Boiro realizaron os seus tradicionais actos para conmemorar o Día da Patria. As ofrendas foron o máis común nesta data.

En Pontevedra, o alcalde da localidade, Miguel Anxo Fernández Lores, presidiu o acto oficial, que, como é habitual, consiste nunha ofrenda floral a Castela no monumento erixido a el no paseo de Santa María. Durante o acto interviñeron o historiador Lois Obelleiro e o propio alcalde. Este

último pronunciou un discurso no que indicou que "nós queremos un país que medre seguro de si mesmo, orgulloso, con audacia, sabedor da súa potencialidade e capaz de concentrar os seus recursos en desenvolverse e mellorar a vida dos cidadáns".

Nun lugar moi próximo, en Poio, ás oito e media da tarde dese mesmo día 24, o alcalde Luciano Sobral presidiu o acto de entrega de bandeiras aos veciños. A continuación, ás nove da tarde no salón de plenos, tivo lu-

gar unha conferencia pronunciada por Uxío Breogán Diéguez.

En Vigo, como é tradicional, celebrouse unha recepción no Pazo de Castrelos na xornada previa ao Día da Patria. No acto, presidido pola alcaldesa Corina Porro, estiveron presentes representantes de todos os grupos políticos e o artista Carlos Núñez leu o bando oficial vigués, redactado por el con motivo desta celebración.

En Boiro, os actos foron máis festivos e en Cabo de Cruz, no porto, houbo unha car-

pa para despedir a expedición Quetzal. Despois, como todos os anos, as autoridades políticas partiron en barco pola mesma rúa á que, segundo a tradición, chegou o Apóstolo.

Outros concellos tamén rexistraron distintas conmemoracións e a nivel partidario algunhas forzas celebraron nas localidades algún tipo de acto. Así, por exemplo, en Carballo o BNG o luns anterior, 19 de xullo, entregou os Premios Patria e Língua no Pazo da Cultura. ♦

D'... Declaro que o nacer, vivir e morrer nunha mesma terra é a sorte máis grande que se lle pode desexar a unha criatura (...) e non me sostén o recordo senón as esperanzas, porque no retorno á miña Terra, que será un retorno á vida, e por ende, á loita"

D.R. Castela
Sempre en Galicia



CONCELLO DE POIO

Vivimos no mellor dos mundos posibles
Felipe González

Carmina Ordóñez tivo a virtude de recoñecer que era drogadicta. A valentía sempre é de aprezo, aínda que seña **para iso**.

Xa o dixo Massiel, se te meteches coca non tomes un baño de auga quente porque pode darche un **infarto**.

Botín compra un banco inglés arruinado. Este home dá moito que desconfiar e non só polo apelido. O Estado, na época de González, tapoulle un burato de varios miles de millóns. Pero se é vostede un cidadán do común, non espere que un banco ou a Administración lle condon unha **débeda**.

Unha empresa gacela: fabricante de chaleques reflectantes. Se non quere colaborar no negocio, pode facer vostede un mesmo de la, pendurándolle as lámpadas da árbore de **Nadal**.

A Radio Televisión Portuguesa, canal internacional, deixou de estar na oferta de canais xeneralistas de R. Substituírono por

Está moi de moda, en determinados ámbitos políticos do noso país, establecer unha falsa dicotomía entre nacionalismo e comunmente chamada *esquerda*. Como se nesta nosa nación se poder representar coerentemente a “esquerda” sen adherirse ao nacionalismo! (e viceversa). Aquí entre nós, ambos termos van (ou deberían ir) indisolubelmente unidos polo que teñen de común: A determinación –mesmo a paixón– por transformar.

Claro que sempre foi máis doado –por resultar social e politicamente máis permisíbel– declararse “esquerdista” que nacionalista, entre outros motivos, porque baixo o ambiguo alcume de “esquerdista” (e só de “esquerdista”) cabe todo un remexido, un “totum revolutum” de posicións que van desde o vago e abstracto compromiso por transformar o mundo en xeral a significar a pura e simple representación dunha estética: a do “pseudo-progre”, “in”, a do individuo “rebelde sen causa”, engaiolado/a de coñecerse a si mesmo, progre de salón e ben pouco favorable a unha transformación política e social real do país no que reside, fundamentalmente porque tal país non está residenciado nunca no seu cerebro. Vamos, unha simple impostura, esa do “rebelde guai”, transformador na indumentaria, mais adaptativo até a medula, no fondo do seu pensamento. Claro que agora, para conformar o verdadeiro perfil do referido “progre guai” cómpre acompañar tal difuso e confuso “esquerdismo” doutro apelido así mesmo ambiguo e igualmente nominalista: o chamado “galeguismo”. E xa temos sementada a confusión perfecta para a perpetuación –e perpetración– do secular crime continuado contra Galiza: a submisión, a dependencia, a subordinación, a alienación deste noso pobo.

Exemplos temos abondo nalguñs dos nosos representantes políticos desta falsificada “avangarda”: deputadas e deputados do PSOE e da disolvida EdeG no Parlamento Galego, que, *ipso facto*, ao abandonaren o seu escano e deviren en “ex”, proceden a se despoxaren de todo sinal inequivocamente galego (comezando polo idioma) para se converteren en xornalistas galegos “a la española” e perfectamente asimilábeis e asumíbeis polo sistema, baixo o carimbo, iso si, do máis progre dos “esquerdismos-galeguistas”. Abaixo, pois coa incómoda carauta!. Viva o nominalismo confusionista!. Adiante co oportunismo!

Mais o referido “nominalismo confusionista” non remata aquí. Ca! Recentemente incorporouse á toda esta cerimonia, nada máis e nada menos que... o “feminismo-anatómico”! E si, xa lanzaron a súa carga de condenación moral, máis unha vez, contra o BNG, representado, neste caso, pola Depu-

tada nacionalista Ana Pontón, quen nun sensato exercicio de oportunidade política (lonxe pois de todo oportunismo), tivo a ousadía de emitir un voto particular, no “espíneo” asunto da prostitución, no que solicitaba a elaboración dun estudo, previo diálogo cos sectores afectados, co fin de articulárense medidas e reformas necesarias para as persoas que se dedican á prostitución e coberturas de protección social. Mais non. Seica a nova moda é lexislar sen escoitar os sectores implicados, arrogarse unha representatividade aparenzialmente proteccionista e profundamente “paternalista” sobre as mulleres, ou sobre determinadas mulleres sob capa dunha pretensa superioridade intelectual ou, mesmo moral, e sobre todo, apuntarse a todo aquilo que, desde a óptica dos máis elementais estudos de Política Criminal hai xa moito tempo que está desbotado: a ineficacia de reprimir en aquilo que é incontrolábel.

Mais non fica aí a historia. É evidente que padecemos un gravísimo e incuestionábel problema de violencia de xénero, de orixe estrutural. As estatísticas son contundentes, reveladoras e teimudas: máis de trinta mulleres mortas no que vai de ano en todo o Estado (oitenta e unha o pasado ano); máis de cento cincuenta e seis mil mulleres na Galiza sofren malos tratos –segundo o *Instituto de la Mujer*. Cómpre, pois abranquear o problema nas súas múltiples faces. Cómpre abandonámonos a retórica vacua, as máis das veces erma, e buscar medidas integrais (que non integristas) e, principalmente, e-fi-ca-ces. E todo hai que dicilo: as solucións non son doadas, porque, por moi ben intencionadas que foren os remedios, a miúdo deveñen piores que a propia enfermidade. Precisamos de medidas xurídicas de carácter civil, administrativo, laboral e, sobre todo educativas e sociais, en xeral. Mais non todo vale. E dicimos isto con toda a franqueza e con toda a lexitimidade, pois o BNG nunca es-

Carautas fóra!

ANA RÚA SOUTO

A autora crítica o que considera “poses” políticas de esquerdas, sen compromiso real, e argumenta a prol das medidas feministas defendidas ultimamente polo BNG.

‘Está comprobado que o aumento da pena non disuade os agresores. Non é eficaz’

centificou a crítica pola crítica nunha fuxida cara adiante e refugando a responsabilidade que como segunda forza política na Galiza lle correspondía e corresponde. Máis ben ao contrario. O BNG tivo a valentía, á altura do ano 98 de presentar sendas Proposicións de Lei no Parlamento Galego (através da deputada M^a Pilar García Negro) e no Congreso de Deputados (por intermedación do deputado Guillermo Vázquez), de reforma do Código Penal e da Lei de Xuizamento Criminal, abrindo con tales medidas o debate –até aquel momento ausente– nas institucións. Claro que, desde aquela data até o momento actual, a realidade mudou extraordinariamente: desde a inicial resistencia ás propostas do BNG, baseadas en outorgaren un lóxico tratamento penal ao que era un clamor social, a asistímonos nos últimos anos a unha estraña vaga de autoritarismo, consistente na

introdución de reformas a cada cal máis dura e represiva, co único empeño –semella– de gobernar a golpe de Código Penal e na que permanentemente converxen, en aras do tótem do “consenso”, o PP e o PSOE (lembran, verbigrata, o consenso na represiva e opresiva Lei Orgánica 6/ 2002, de 27 de xuño de Partidos Políticos?). E opino que hai que disentir. Disentir decidida e valentemente da medida penal consistente en converter unha falta leve de ameaza ou coacción en delito polo feito de que o suxeito pasivo sexa unha muller, porque de prosperar tal medida implicaría romper con principios basilares de todo Dereito Penal que se predique minimamente democrático como os de proporcionalidade da pena e de o de igualdade, principios que custou sangue, suor e bagoas conquistarmos e en cuxa defensa o nacionalismo sempre estivo na primeira liña. Porque non podemos permitírnos meter nun caixón “desastre” os fins e funcións que debe perseguir todo sistema punitivo: as finalidades disuasoria e reinseradora. E está comprobado que o aumento da pena non

Continúa na páxina seguinte

Cartas

Manuel María

O 4 de xullo tivo lugar na Carballreira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, a presentación do libro de Manuel María: *Eléxias á miña vida pequena*, obra composta polo poeta chairego ao redor do ano 1950, xusto despois do seu primeiro libro publicado: *Mulleiro de brétemas*.

Transcorridas certas reviravoltas no tempo, que duraron máis de medio século, recuperouse este traballo grazas ao labor do profesor mindoniense Antón Xosé Meilán García.

A noticia de achádego tan importante, chegou ao Instituto de Estudos Chairegos que decidiu facer a súa edición, comemorando os 50 anos da publicación do poemario *Terra Chá*, en colaboración coa asociación cultural *Xermolos* e coa *Fundación Manuel María*.

Na presentación fixeron uso da palabra Manuel Roca, polo Instituto de Estudos Chairegos, o profesor Meilán, que tamén es-

cribiu a introdución do libro publicado; Alfonso Blanco, en representación de *Xermolos* e da *Fundación Manuel María*; Miguel Anxo Fernán Vello da editorial *Espirál Maior*; e rematando as intervencións, o propio autor.

Ouvíronse na carballreira palabras emocionadas que chegaron ao fondo do ser das xentes diversas presentes no acto. Alí estívenos chairegos de nación, amigos de todo o país, a familia... Persoas todas unidas nun círculo máximo, de irmandade, ao redor de Manuel María e de Saleta.

Estivo tamén o pai Miño, silencioso como nunca se ten acordado; o vento mainiño abaneando levemente carballos e ameñeiros, a capela recuperada do esborrallamento e o cuco, que agasalhou co seu canto o empardecer. Todos eles quixeron así corresponderen ao galano que o poeta lles fixo na súa obra.

Mais no eido oficial todo foron ausencias ese día en Outeiro. A no-

sa cultura xa se sabe que vende pouco e por riba sempre hai ocupación que atender. Tampouco mereceu o interese dos medios informativos, máis esforzados en ofertas macro, de carácter global. Digo eu se andarían a cavilar naquilo de que libro máis libro menos... e como Manuel xa leva escrito tantos, tampouco resulta novidade.

Mágoa que na exhaustiva publicidade adicada a glosar as festas oficiais da capital do concello, que coincidiron coa presentación do libro, non se teña atopado lugar para facer unha mención, aínda que breve, Manuel María e Galiza ben o merecen. ♦

ORLANDO VIVEIRO
(SAN LOURENZO DE AGUIAR-
OUTEIRO DE REI)

Os galegos

Un xa vai tendo anos, e a forza de experiencias, observa e padecer, vai chegando a algunha conclusión.

Vén da páxina anterior

disuade os agresores. Non é eficaz. Xa que logo, non serve. E todo isto, segundo a miña opinión, temos que dicilo alto e claro –de así o estimarmos, despois do necesario debate ponderado e rigoroso no seo do BNG, así como das pertinentes consultas no seo da sociedade–, e procedermos a desenmascarar a tanto esquerdismo-feminismo rampante e represivo. Loxicamente, actuando coa responsabilidade de presentarmos alternativas positivas cara a unha necesaria e desexábel resolución dos conflitos inter-xéneros e partindo da base de que, desgrazadamente, non hai fórmulas máxicas a curto prazo que erradiquen os conflitos, mais si medidas paliativas e, sobre todo, medidas que encamiñen e/ou reconduzan a situación. Por suposto, falaremos delas en próximos artigos.

O pasado Día da Patria Galega, o Portavoz Nacional do Bloque Nacionalista Galego, Anxo Quintana, facía referencia a un BNG “capaz de gañarse o corazón e a cabeza da xente, capaz de gobernar o país”. Fagámolo. Fagámolo, de verdade, através do nacionalismo organizado –sempre liberador, nunca opresor– e estaremos en disposición de pedir á sociedade galega o seu voto para unha alternativa política real e non para unha simple alternancia adaptativa do poder na Galiza. ♦

ANA MARÍA RÚA SOUTO é Responsábel Nacional de Mulleres do Bloque Nacionalista Galego.

Os nosos amigos e inimigos

EMILIO LÓPEZ PÉREZ

O 40º aniversario da UPG desvela emocións e tamén arelas de cara ao futuro, xusto no intre no que o nacionalismo recibe ataques das outras forzas políticas.

Non podo deixar de recoñecer que son un sentimental pouco precavido. Na celebración do 40º aniversario da UPG non me emocioniei coas “vellas glorias” como tiña previsto, pero recoñezo que me viñeron as bágoas ao escoitar a parella de presentadores, Dani e Iria Aboi. É non porque o fixesen mellor ou peor senón porque o fixeron cheos de vida e de ilusión.

Estes da UPG, até os novos e as novas non tan da vella garda que en vez de falar do mundo feliz que nos agarda falan da crúa realidade. Co doado que sería regalarnos co galano dun galeguismo galante, moderno, progresista, actualizado e europeo. É dunha Galiza moderna, modernista, avanzada, progresista, superada, superior e en clave de futuro.

Porque se empeñan Suso Seixo e máis Bautista e máis o Paco e o outro Paco, e máis Ana, Pilar e Maricarme e o meu amigo *moro* (e perdón polo racismo) en recordar a Cas-

telo e máis a Marx e porque se empeñan en defender que a realidade se pode e debe cambiar organizada e colectivamente?

E por riba Pilar empéñase en gardar toda esta chatarra decimonónica (que diría o ilustrado Pita) do comunismo, do patriotismo, dos dereitos dos débiles, que di que, se cadra, tiran os víveres.

O que pasa é que Pilar, e perdoa, é unha mala boca. En Galiza dá unha patada (un couce) e atopas:

- Modelos de partido á carta.
- Socialismo á carta
- Democracia a la española
- Bilingüismo a la coruñesa ou de tufo varios
- Galeguismo e progresismo a gusto do consumidor.

E os da UPG soñando coas denominacións de orixe.

Total que o normal, queridos nacionalistas, é que teñamos inimigos.

Mais o sentido diplomático do respecto mútuo obríganos a compartir cousas non só cos nosos amigos, cos que camiñamos sempre, como dixó Bautista, senón tamén cos nosos queridos inimigos.

Na res pública, como na agricultura, até nas formas máis primarias como eran as sociedades de cazadores, hai épocas de moito labor.

Abriuse a “caza do nacionalista galego” ao berro de a por eles, que son poucos, covardes e están divididos e desarmados! *Disparen a la cabeza!, dispárenle a la U!*

Mais dicímoosles con toda a boa fe, queridos artistas: controlen a súa arte porque a vostedes non lles pagan porque das suas plumas debuxadoras saian harmoniosos sons de *Stradivarius* ou, fermosas afroditas, sen máis bacos, idílicos paraísos con Adán, Eva, Caín ou Abel, a vostedes páganlles polo odio que nos profesan, ou mellor aínda: polo autoodio que teñen contra o país e contra vostedes mesmos. Se matades a UPG, a onde iredes de caza? ♦

EMILIO LÓPEZ PÉREZ é sociólogo e deputado do BNG no parlamento galego



nen desde La Rioja e derogar o Estatuto, que total para o que serve, aínda saíramos gañando.

Ríome do tópico da querença dos galegos pola súa terra. En canto teñen catro pesos, devancen por desmantelala, furala, ou erguer monstruosidades para convertela en caricatura patética ou nun erro para sempre.

Das xeracións novas non espero gran cousa, visto o visto, e desde logo moito menos que dos vellos, ou mesmo dos que viviron no franquismo e non tiveron oportunidades de se educaren no respecto á súa terra.

Usar e tirar, así fará con nós a vida, a sociedade de mercado, na que procuraremos protección e referentes.

Por desgraza, sen dúbida ningunha, ha chegar o día en que o tempo botaranos, de seguirmos así, onde desexamos ir, ao balde do lixo da Historia. ♦

FRANCISCO XABIER GIL (PIAS- PONTEAREAS)

Votos galegofalantes

Desde hai xa anos veño observando que nas listas electorais aparecen persoas que non utilizan o galego, ben porque se negan a falar a lingua autóctona desta terra ou ben porque non a coñecen e, ao parecer, nin tempo teñen de aprender.

Estes políticos practican un nacionalismo español excluínte, pois cada día amosan, con feitos, o seu desexo de excluír a lingua da terra onde naceu.

Ao meu ver, o partido que menos fai polo galego é o PSOE, seguido moi de perto polo PP. Tamén o Bloque ten moitos máis castrapeiros dos que debería, dada a súa postura diante de cultura galega. Iso si, todos eles son moi galegos. “Galego hasta la médula” din algúns. “Galego hasta el último porro” din outros. Non os creo. Como tampouco eles me crearían se lles dixese que eu me sinto moi español. Por estas e por outras razóns, Galiza vai camiño de se converter

nunha colonia lingüística, a xulgar pola velocidade á que o galego desaparece e o castelán se impón. ¿Cal pode ser a actitude dun galego falante diante dese desprezo e dese desexo colonizador que moitos políticos gelegos teñen? A miña resposta a estas preguntas é a seguinte. De persoa a persoa, de cidadán a cidadán, de votante a buscador de voto, pagarlles coa mesma moeda: desprezo por desprezo.

Teño poucas dúbidas de que se un bo número de persoas votase poñendo por diante estes principios, a actitude dos partidos había cambiar. En xeral, penso que os pobos fortes defenden a súa cultura e a súa lingua, e mellórana. Os outros pobos, os que teñen a autoestima polo chan, un complexo de inferioridade incrustado na xenética, un comportamento colectivo cunha forte sobredose de pasividade, submisión e servilismo, axeóñllanse e déixanse colonizar.

Algúns dos pobos colonizados teñen a fortuna de que a po-

tencia colonizadora pertence á primeira división, entre outras razóns, porque a contribución que a metrópole, e polo tanto da súa lingua, fixo ao progreso científico e técnico do mundo foi grande.

Outros pobos déixanse colonizar por linguas que en nada melloran a que teñen. É o caso do galego, todos sabemos que a contribución dos castelán falantes ao progreso científico e técnico do mundo é escasa. Aqueles que pensen que seremos máis respectados no resto de España o día en que a lingua galega teña desaparecido están descamiñados.

Quixera acabar manifestándolles o máis fondo respecto e admiração a dous pobos e as súas linguas. O catalán pola posición de vangarda e defensa pacífica, democrática e firme da súa cultura. E a Portugal, porque mentras exista, xunto ao mundo lusófono, a lingua galega seguirá viva. ♦

XOSÉ MANUEL PAZ (NEDA)

Tele Deporte. Grande idea, moi moderna e novidosa.

“Hai unha Galicia que vai máis alá da lingua galega que hoxe coñecemos. É algo que os nosos amigos irlandeses asimilaron hai xa moito tempo, así Irlanda ten dado algúns dos mellores escritores en lingua inglesa da historia”. Este texto, lido polo gaitreiro Carlos Núñez (aínda que semella escrito polo seu pai), como parte do pregón do 25 de xullo, para o concello de Vigo, pode ser criticado por todo menos por ambiguo. Pide directamente que nos pasemos todos ao castelán, como os irlandeses. Para ese traballo non facía falta a axuda de Núñez. O colmo é elixir o 25 de xullo para espallar esas ideas. Debeu escoller o 18. ♦

Correo electrónico: info@anosaterra.com

A NOSA TERRA non se publica no mes de agosto.

Próximo número á venda o 2 de setembro.

EN POLICIA? ALLE

Zapatero é Bin Laden, segundo o PP

O escritor **Juan José Millas** ironiza en *El País* (23 de xullo) sobre as acusacións do PP na comisión do 11-M. "Se algo quedou claro na comisión do 11-M, é que houbo unha autoría intelectual do atentado sobre a que o PSOE bota terra porque o nome que se agacha tras o X non é outro que o de Rodríguez Zapatero, cuxos contactos co terrorismo internacional son ben notorios. Señores socialistas, deixen xa de falar coma se **Acebes** fora o ministro do Interior e **Aznar** o presidente do Goberno cando se produciu a matanza, porque é tanto como intentar convencernos de que **Trillo** era ministro de Defensa cando o Yak-42 ou **Cascos de Fomento** cando o *Prestige*". ♦


Castro pregunta polo turismo sexual norteamericano e español

Nun discurso, con motivo do aniversario do asalto ao Moncada, o presidente cubano, Fidel Castro, respondeu

Castro co neno Elian e o seu irmán.



O director Michael Moore nun fotograma da película *Fahrenheit 9/11*.



PAREJA / El Progreso, 25 de xullo de 04

ás últimas críticas de **Bush**. O presidente norteamericano acusara á illa de participar no tráfico internacional de sexo. Castro preguntouse "se Bush cualificaría ás industrias turísticas estadounidenses e españolas de turismo sexual cando na primeira hai casinos, locais de xogo e prostibulos, e na segunda prensa con anuncios de persoas que practican o antigo oficio da prostitución". ♦

As razóns do éxito da película *Fahrenheit 9/11*

O xornalista **Ignacio Ramonet** preguntábase en *La Voz de*

Galicia (28 de xullo) polo éxito da película *Fahrenheit 9/11*. "Cando máis necesitados andamos de explicacións que nos axuden a entender o que está a pasar, é cando nos decatamos de que o sistema mediático (en particular as televisións) é incapaz de darnos esas explicacións. Nin sequera información fiábel. O que nos dá sobre todo son andrómenas e propaganda. E agáchanos datos fundamentais", di Ramonet. O director de *Le Monde Diplomatique* xulga que "esta ocultación é a que creou espazo para unha película política como *Fahrenheit 9/11*. **Moore** [o seu director] mostra o que as televisións censuraron: os sete minutos de un Bush paralizado ante as noticias dos atentados do 11 de setembro, incapaz de reaccionar e que se escuda tras un libro de párvulos *My pet goat* (A miña amiga a cabra); ou as do vicesecretario de defensa, **Paul Wolfowitz**, mollándose na boca con cuspe, de maneira noxenta, un peite para arranxar o pelo ante as cámaras. Ou toda a información sobre as relacións entre a familia **Bush** e a familia multimillonaria **Bin Laden**; ou a secuencia da caza aos voluntarios (case todos negros, pobres, habitantes de barrios marxidados) para incorporalos aos marines, ou ese dato insólito, descoñecido, de que só un único congressista dos Estados Unidos ten un fillo baixo uniforme no Irak, e que todos os demais votaron a guerra para que a fixesen os pobres". ♦

Bexigas

BIETTO IGLESIAS

A primeira plana de *La Voz* sae en idioma vernáculo o 25 de xullo, como grande concesión que a burguesía provinciana lle fai, un día do ano, á caste dos intocables e á xovialidade folclórica. A requitropa de *parvenus* en posesión de xornais, entidades de aforro e poltronas autonómicas odia os tesouros da canteira clásico-popular. Sufrimos unha clase dirixente tan insegura da propia valía como a pendanga que se publicita nos anuncios de relax co reclamo do *alto standing*. Abonda con darlle a volta ao diario pra desvendar, na última páxina, a auténtica face dos peraltos deste ingrato país, picada de bexigas corcundas. Certo columnista -Paco Sánchez- deosta as leis reformadoras da familia (matrimonio e adopción gai); asegura, serio como un pau, que a familia sempiterna e a parella da garda civil nos empoleiraron en altos pericutos de progreso material e moral, que resulta temerario armarlle ao merlo con modelos de convivio alternativos. Quere dicir que as nacións escandinavas ou Holanda, onde casan gaios e toda sorte de paxaros, con nivel de vida e rendas entre as máis elevadas da Terra, son un mal exemplo pra nós. De seguirmos ás luminarias da prensa poubana, habería que imitar a Guatemala e outros paraísos do casal cristiao sumamente progresivo. De resto, o Día da Patria correu por veredas calcaidas: un bispo efeminado tonante contra Sodoma; unha Xunta repartindo medallas á destra (a sinistra fica no ostracismo); reas turísticas estremecidas polo berro de *¡Independencia!* proferido polos manifestantes que patearon Compostela, cando esperaban un motín de meigas e mariscos; unhos tantos patriotas galegos que, por raro desingnio euxeñésico, nacemos vascos e catalaos. ♦

O acordeón de Antuerpe

XURXO SOUTO

Estradas con ferradura

Díxomo o home dos contos, Carlos Díaz, o Xestal: Sabes por que se pon na porta da casa ou no Mercedes -quen o teña- unha ferradura? Porque o cabalo é o único animal que non se pode enmeigar. Por iso calquera detalle que do cabalo veña ten forza para espantar os males todos.

Hai dúas semanas tocouse ser pregoeiro, en Vimianzo, da rapa das bestas do monte do Faro. Inmediatamente lembrei a falancia esa do vello sabio. Estes non van ferrados, mais, abofé, que o cabalo é un ser maravilhoso. E abofé que poucos espectáculos hai tan fermosos coma o do curro. Os prospectos turísticos subliñan case sempre a dimensión antiga do conto -con adxectivos tipo atávico, resistente, ancestral- cando esta festa é sobre todo un referente de futuro. A besta brava é en si mesma un grande indicador ecolóxico. Onde hai bestas, hai monte, onde hai monte hai vida, e onde hai vida -insisto- haiche diversidade e futuro.

Nun tempo de zoolóxicos e parques temáticos, diante do espectáculo da hípica elitista, cómpre subir ao monte para descubrir o esplendor da natureza.

Asombra positivamente comprobar como a conservación do curro e a propia supervivencia das bestas depende directamente do esforzo dos veciños das aldeas da volta, agrupados na Asociación Cultural e Cabalar Monte do Faro. E moito presta atopar, a carón dos mozos "aluitadores", ao señor Gelitio ou a José da Calle, ilustres veteranos, sempre dispostos a controlar os detalles todos da rapa.

Dous días durou a festa. Na mañá do segundo un rexoubo triste axiña ocupou as conversas do campo do Curro da Areosa.

Esa madrugada morreron, en accidente de coche, dous rapaces de Zas de Carreira. Outros catro que viaxaban canda eles resultarían feridos. Cando a nova chegou aos meus beizos, un amigo reveloume unha triste realidade para min descoñecida: Ves aquel home? Morréronlle dous netos. E a aqueloutro morreulle outro neto na estrada.

Moitas familias de Soneira teñen, por accidente de coche, un rapaz no cemiterio. Incluídos tamén moitos dos veteranos que, cheos de vitalidade, se dispuñan na Areosa a baixaren do monte as bestas.

Velaí un andazo terrible sen solución. Nin sequera ten formulación mediática, porque, entre outras causas, pertence ao eido que menos lles interesa aos medios: a poboación rural.

É un problema de mal amaño. Sabémolo. Pero algo haberá que facer. Polo menos mostralo.

O coche é para a xente nova -así nolo recorda constantemente a publicidade- o maior símbolo de liberdade, tamén sexual.

Pola contra, a conciencia da sociedade pretende descansar en multas, prohibicións e límites. Argumentos ben cativos diante do arrollalo da mocidade. Sobre todo cando esta mocidade vai chea.

Todas as iniciativas han ser boas. Principando, por exemplo, por reclamar que a enxeñería de camiños do século XXI chegue algún día ás estradas da Costa da Morte. Ou porque as agrupacións de hostaleiros e os concellos sexan quen de organizar buses de madrugada -total, só habería que cambiar os horarios do transporte escolar- para que exista unha alternativa segura de regreso á casa.

A día de hoxe, é un risco de accidente engadido ser moza ou mozo na aldea e ter que desprazarse trinta quilómetros para te divertires. Hai que espellar as neuronas con urxencia, pois contra este andazo na estrada xa non nos gardan nin as ferraduras. ♦

X.M. SARILLE

En contra do que pode parecer, a maioría dos personaxes políticos pasan polos gobernos sen excesivos sobresaltos, mais hai algúns que sen chegar á violencia de Hitler ou Franco, agárranse con auténtica ferocidade ao mando, outros que o fan violentamente, outros máis que o aproveitan para enriquecerse, e case todos buscan a admiración até obsesionarse con pasar á historia, aínda que sexan uns burráns incapaces de facer avanzar nin un paso á sociedade que os padece. Hai de todo.

O pagamento a grupos de presión estadounidenses para que Aznar recibise a medalla, ademais de polas nefastas características anteriores e doutras que non están recollidas neste exhaustivo tratado, caracterízase como mínimo por outra máis, cremos que enfermidade, que poderíamos chamar o mal dos tiranos. Os síntomas son esas maneiras tan propias de conducirse das moscas Somoza, moscas Trujillo, moscas Stroesner, moscas Batista. Das sabias moscas que describe Neruda no seu *Canto General* e doutras que non describe, como a propia mosca Pinochet.

Cando estes tipos se afianzan no poder, cando observan que están no lugar axeitado e cren que a acumulación e conserva de mando non é tan difícil como podería parecer, van perdendo a noción da realidade e logran despegar do mundo. Eu sei todo isto porque o noto nalgúns concelleiros e alcaldes vilagos, que mesmo recién chegados pónense tan imparábeis que até parecen subsecretarios.

Pero no dos tiranos a parte pior vén despois, cando humillan e desafían abertamente ao pobo, como se lles cumprise un definitivo e supremo corolar de autoridade.

Unha das imaxes máis impresionantes do grande terremoto de Managua foi a de Tachito Somoza tomando un exquisito xantar no medio dunha rúa destruída, mentres daba unha rolda de prensa, vestido de milico, con mesa elegante, só, mantel e vaixela fina. É o mal do tirano, envenenado de soberbia.

Claro que o noso pavo non chegou tan lonxe, ao mellor porque non puido, mais insulta e desafía á inmensa maioría da poboación, que está en contra da guerra e dos crimi- nais que a propiciaron.

E levan razón os que din que denuncialo pola medalla é darlle oxixeno. Outra cousa sería que os tribunais de xustiza admitisen as denuncias contra el por ter declarado unha guerra sen dereito para facelo. ♦

Zapatero asiste por primeira vez á Ofrenda ao Apóstolo O arcebispo Xulián Barrio sitúa a Igrexa por riba da sociedade civil

B. LAXE
“Hai que obedecer a Deus antes ca aos homes”. Con esta frase, case ao comezo da súa “resposta” ao rei na súa ‘Ofrenda ao Apóstolo’ o arcebispo de Compostela, Xulián Barrio, deixaba ao mesmo tempo clara a mensaxe de que a Igrexa Católica se considera por riba da sociedade civil e o anacronismo deste acto.

Nos anos após o franquismo e nos primeiros de vixencia da actual constitución, a Ofrenda ao Apóstolo Santiago quedaba minimizada nos medios de comunicación, aínda nos controlados polo clero e os de obediencia católica expresa. Moitos dos oferentes, algúns militares, recitaban un discurso contrario ao espírito de cambio que demandaba a sociedade. Eran daquelas os prelados os que avogaban por tímidas reformas.

Desde hai algúns anos, a xerarquía católica chamou ao rearme contra os poderes civís, mesmo demandando a desobediencia expresa. A súa relixión non só por riba das demais senón por encima dos poderes civís. Levan anos facéndoo desde os seus púlpitos, eclesiásticos e xornalísticos, e aproveitando actos cívico-relixiosos como os do 25 de xullo, atopando inmeliorábel eco en todos os medios de comunicación e eclipsando totalmente as demais celebracións desta data.

O anacronismo desta Ofrenda ao Apóstolo evidenciábase ao ter



O arcebispo diante de José Luis R. Zapatero, os reis e Manuel Fraga.

en conta que estamos nun Estado laico e a confesional, pero o rei, ou o seu delegado, somete a súa autoridade á da Igrexa e móstrase vasalo da súa doutrina e ritos.

Nos oito anos do PP, cando a Igrexa se rearmou, apoiada por fortes correntes internas de carácter integrista próximas á Moncloa, os discursos de Estado e os da xerarquía eclesiástica católica non desentaban senón que eran mesmo complementarios.

Sorprende, polo tanto, que fronte aos ataques eclesiásticos das últimas datas ás reformas sociais emprendidas polos socialistas (nomeadamente matrimonios

entre persoas do mesmo sexo) o presidente José Luis Rodríguez Zapatero se presentase o 25 de xullo para non só escoitar as críticas directas do Arcebispo, senón tamén para darse un croque, rito que a TVE soubo, por certo, non transmitir.

A resposta do prelado católico ao discurso de Juan Carlos I, co terrorismo un ano máis coma eixo e o Camiño como referencia a Europa, foi un duro alegato contra os poderes civís. Barrio situou a moral católica como o verdadeiro referente social e as raíces cristiás como peares básicos da cultura e da historia española. Atacou

o laicismo da sociedade, pero tamén o do Estado, e defendeu que non existe unha sociedade xusta que non acate a moral cristiá e os valores do Evanxeo.

Para a Igrexa, a fe non debe de ser algo privado e persoal, senón que, segundo Barrio, a doutrina eclesiástica ten que ser o garante de calquera sistema democrático. Xa que logo, mostrouse belixerante contra os matrimonios de homosexuais e contra o aborto.

Nada novo, só que o rei e o novo presidente, socialista, admitían este maxisterio coa súa presenza. ♦

Fraga demanda concordia, tolerancia e perdón

B. L.
O discurso institucional do Día de Galicia pronunciado polo presidente Manuel Fraga Iribarne, semella discurrir cada ano afastado a anos luz da práctica diaria da acción de goberno do Executivo galego. Fraga insiste en “tender os brazos nun abrazo cordial a todos” e, o mesmo que en anos anteriores, pide “escusas” por posíbeis erros ou agravios”, ben del ou dalgúns dos seus conselleiros.

Flor dun día. Porque, como afirmou, no Día de Galicia (négase a acatar o oficial de Día

Nacional de Galicia) debe “primar a concordia, a paz, a tolerancia e a comprensión de todos para con todos”. Tamén discurrea que “estamos nun tempo de perdoar, e debemos esquecer ofensas e pechar diatribas”.

Tamén, ano tras ano, realiza o mesmo chamamento a “traballar a favor dos intereses de Galicia” e cheo de ledicia predica que “Galicia mellora”.

“Galicia, nos últimos corenta anos, mellorou a súa calidade de vida, erradicouse a emigración e o analfabetismo. O minifundis-

mo reduciuse considerabelmente e a comunicación multiplicouse”.

Od presentes ao acto, sobre todos os que recibiron distincións honoríficas aplauden con entusiasmo. Ninguén pode negar que Galiza mellorou nestas últimas décadas, pero tampouco que melloramos menos que os demais. O da erradicación da emigración non é un dogma tan unánime. As estatísticas afirman que a emigración repuntou fortemente nos cinco últimos anos e que aínda que se erradicou o analfabetismo, agora emigra man de

obra cualificada, sobre todo universitarios. Tamén melloraron as comunicacións pero somos os rabeiros do Estado. Chegaron as autovías cando todos disfrutaban delas hai anos e ventamos un tren de alta velocidade cada vez máis afastado no tempo.

Diálogo

Ante este panorama tan venturoso que Fraga nos pinta cada ano coa súa voz chea de emoción, non hai máis que gabar o “espírito de diálogo” que pregao o presidente.

Fraga anima “a todas as forzas políticas e sociais a participaren na reforma do Estatuto de Autonomía co espírito de diálogo e concordia que caracterizou no orixe do noso proceso estatutario o Grupo dos Dazaseis”.

Semella que o tempo se non pode mudar os feitos, si muda as perspectivas e permite que cada un asuma unha máis adaptada ás circunstancias actuais. Por algo estamos a falar dun discurso oficial.

Tanto é así que Fraga recoñeceu que as reformas comportan “riscos”, pero, ao mesmo tempo, advertiu que a lexislación absoluta tamén constitúe un perigo. ♦

COUSAS DE GALIZA



ROI CAGIAO



A fortaleza fora destruída polos irmandiños Os achados da Rocha Forte revolucionan a arqueoloxía medieval

PERFECTO CONDE
A Fernando Acuña Castroviejo, catedrático de Arqueoloxía da Universidade de Santiago, e a Raquel Casal García, profesora titular do mesmo Departamento, non lles puido ir mellor do que lles foi até agora na excavación que dirixen para investigar o pasado da fortaleza da Rocha Forte, case nas portas de Santiago. Despois de tres anos de traballo, realizado só en curtos períodos do verán, alcanzaron importantes achados que lles fan pensar que o conseguido na Rocha "pode servir de fósil director para toda a arqueoloxía galega".

Ademais de descubrir a existencia dun torreón impresionante, dúas escaleiras e unha posíbel fonte interior, o equipo dirixido por Acuña e Casal atopou pezas importantes que pertencen aos séculos XIII, XIV e XV, que consisten en abundantes restos de cerámica de importación (de Manises, Paterna e Sevilla, fundamentalmente), máis de trinta moedas de diversos anos que foron acuñadas en Sevilla, A Coruña, Santiago e Portugal, diversas armas de ferro, puntas de besta, unha espada e unha especie de punta de lanza.

Todo isto sen contar os numerosos bolaños ou proyectís de pedra que utilizaban as armas antigas. Dentro dos que atoparon na Rocha Forte, hai de moitos diversos tamaños, dende os que teñen até medio metro ou máis de diámetro até os que son tan pequenos que fan pensar en que puideron ser utilizados con armas de pólvora. A orixe destes bolaños podía estar precisamente nos ataques de que foi obxecto a fortaleza da Rocha, por parte dos Irmandiños, até chegar á súa destrución.

Referente para Galiza

O máis importante da investigación de Fernando Acuña e Raquel Casal, ademais da importancia concreta dos materiais atopados, radica en que se descubriu unha



Fernando Acuña Castroviejo e Raquel Casal dirixen as excavacións.

estrutura medieval e uns materiais perfectamente adaptados a un ámbito cronolóxico, o que fai posíbel que este achado arqueolóxico se converta en referente necesario para este tipo de investigación en Galiza. A fortaleza da Rocha non se volveu tocar dende que foi destruída pola revolta dos Irmandiños, e constituíu un xacemento pechado que agora está a acender moitas luces sobre o seu pasado.

No ano 2002 xa levaron a cabo unha pequena excavación que consistiu pouco máis que en limpar o xacemento, levantar a planimetría e facer o seu estudo documental. No 2003, fixeron tres catas na zona norte que serviron para descubrir a existencia dunha porta de entrada, a muralla, un torreón desmochado e dúas torres moi destruídas nas que había gran cantidade de bolardos de tamaño grande, mediano e pequeno. Tamén atoparon cunchas das ostras que probablemente comían os habitantes da fortaleza, pero que sobre todo serviron para facer os morteiros construtivos.



P.C.

P.C.

Na campaña do 2004, proseguiron con grande éxito as excavacións coas que chegaron á base dun torreón de potencia extraordinaria e atoparon máis de 2.000 cravos de ferro, o que demostra a

existencia no seu día de madeira nos elementos construtivos. Tamén descubriron dúas escaleiras maxestuosas que van dar unha suposta fonte interior que dispón de canalización de auga que comuni-

ca con outras estancias da fortaleza. Outros descubrimentos consisten en fustes, capiteis e adornos dunha ventá gótica, así como gran cantidade de ósos de animais domésticos (boi, vaca, galiñas, coello, can e gato) e mesmo de pescada. Os investigadores da Rocha Forte non atoparon, polo menos de momento, restos de procedencia humana, a pesar de que esta fortaleza está ligada a varios episodios de violencia que causaron mortos.

Crimes en Compostela

Un deles aconteceu cando Berenguel de Landoira foi nomeado bispo de Compostela e convocou na Rocha a Alonso Suárez de Deza –representante da burguesía– e a varios concelleiros de Santiago para negociar a oposición que mantiñan contra el. Unha vez dentro da fortaleza, mandounos decapitar un a un. Daquela os composteláns viviron no terror, e entregáronlle a cidade a Landoira, pero anos máis tarde os Deza vingaron aquela afronta matando o arcebispo Suero Gómez de Toledo, nun crime que rematou sendo toda unha lenda en Santiago.

O abandono no que se atopa esta importante peza do patrimonio histórico e cultural de Galiza era tan manifesto que a propia Xunta de Galiza non tiña nin siquiera catalogada a Rocha Forte até que empezaron estas investigacións. Agora, polo menos, xa conta cunha declaración oficial como ben de interese especial. Non obstante, na declaración de impacto ambiental que houbo que facer para as obras de construción da vía férrea do AVE díse que Rocha Forte non ten ningún interese. E, para máis *inri*, a empresa Fenosa non acaba de facer caso das peticións de retirar do medio e medio da fortaleza unha enorme torre metálica de conducción eléctrica. De momento, os únicos que se preocupan realmente da Rocha Forte son a Universidade e o Concello de Santiago, este último mediante o financiamento das excavacións. ♦

Santiago

Participación orzamentaria

XAVIER LÓPEZ

A participación veciñal nos orzamentos provoca esperanzas entre os cidadáns, pendentes non só de marcar as prioridades das obras senón de orientar o xeito de acometelas.

Ben está que o Concello mantén a súa idea de avanzar na idea de abrir a elaboración dos seus presupostos aos movementos veciñais. Por moi perto que os gobernantes estean dos cidadáns, ninguén como os veciños de cada barrio ou parroquia para saber das necesidades, que non sempre saltan á vista do visitante ocasional. Antes de fin de ano estarán delimitadas as áreas e capítulos onde a opinión veciñal se terá en conta e hai o compromiso de que os orzamentos de 2006 serán abertos á participación e que polo menos unha parte dos investimentos se farán de acordo coas prioridades marcadas polos veciños.

Sería de desexar que as ve-

ciñas e os veciños de Santiago tamén puidesen dar opinións vinculantes e facer valer o sentido común non só con respecto ao qué, senón sobre como e cando se deben facer as obras.

Así poderían solucionarse, polo menos en parte, algúns despro-

pósitos de rúas levantadas en momentos claramente fóra de razón.

Unha obra que está a punto de remate é a do conservatorio profesional de música de Santiago, no terreo cedido polo concello en monte dos Postes.

Está aberto o prazo de inscrición para o próximo curso, na Escola de Idiomas. As obras do Conservatorio van avanzadas e o centro poderá acoller no próximo curso a uns catrocentos estudantes que poderán formarse en especialidades de vento-ma-

deira, vento-metal, corda, percusión, piano e guitarra. O conservatorio será inicialmente de grao medio, pero a Consellaría de Educación nos descarta que poida incorporar o grao superior, sempre que se acaden os 240 alumnos nese nivel.

Outra boa iniciativa recente –á parte da recuperación da área de lecer de Chaín, especialmente de agradecer pola época na que andamos– é a que permitirá a apertura, en setembro, da oficina de apoio a inmigrantes, dependente da Mancomunidade de Santiago. Información e atención para os emigrantes retornados e os inmigrantes, unha necesidade clara, un servizo de xustiza para a comarca. ♦

Tareixa Pérez

'Na TVG os cidadáns só son consultados para falar de accidentes'

RUBÉN VALVERDE
Representante do Comité de Empresa da TVG en representación de CC OO, Tareixa Pérez é a responsable dun estudo sobre a cobertura informativa da campaña das Eleccións Europeas na televisión pública. O obxectivo dos autores foi "constatar unha realidade que todos os que traballamos no medio coñecemos". A investigación contou co apoio metodolóxico da asociación Aidea, composta por profesores da Universidade Carlos III.

Que conclusións se desprenden do estudo?

A investigación pon de manifesto que existe un control férreo dos informativos da TVG por parte do Partido Popular. O estudo analizou o Telexornal de mediodía, que é o programa máis visto da cadea pública, cun share que abala entre o 24% e o 26%. Os datos extraídos confirman que a presenza dos políticos é enorme, especialmente os do PP. Fraga saíu o triplo de tempo que Quintana e Touriño. O tempo adicado á Xunta e ao PP é de case o dobre que o que ocupou o BNG, PSOE e Goberno central xuntos.

Podemos falar de ausencia de pluralismo?

Non se cumpre a función para a que se fundou a TVG. A lei de creación da Compañía indica que hai que cumprir co pluralismo, a veracidade, a defensa da lingua e a cultura galega, a independencia informativa e o acceso dos colectivos sociais. Nada disto existe. Os cidadáns galegos saen opinando sobre sucesos. Por exemplo, nun accidente contra unha casa preguntáraselle a un veciño que estaba alí que opina. Curiosamente, non opinan sobre ningún dos temas que os cidadáns consideran de interese, segundo as múltiples enquisas que se veñen realizando até agora. Nunca son preguntados por problemas como o paro, a vivenda ou o terrorismo.

Que obxectivo teñen os directivos da TVG non ofrecendo a opinión dos cidadáns?

Seguramente permitindo que os cidadáns opinen sobre temas políticos cuestionáranse moitas das políticas que está levando a cabo o PP. Por exemplo nos últimos datos de paro, que foron moi negativos para Galicia, só falou a Conselleira. Non se lle deu voz nin a cidadanía nin aos axentes sociais.

Que outros datos son relevantes a partir do estudo?

Por exemplo, a maioría das intervencións escollidas dos representantes do BNG e de IU foron atacando o Goberno central e polo tanto o PSOE. Hai outros datos curiosos. Sobre o Prestige do partido que máis infor-



A. PANARÓ

po saíu falando foi o BNG, cun 43%. A maior parte dese tempo correspóndense a declaracións de Quintana falando sobre o

plano Galicia e pedindo que non sexa o Goberno Autónomo quen teña que pagar a reciclaxe do fuel. Outro tema sorprendente é

o do Xacobeo. A oposición non fala sobre o Xacobeo. Tamén, nestes momentos nos que se está a debater sobre a modifica-

Unha televisión sensacionalista?

RUBÉN VALVERDE

Preguntádolle á xente se considera que a TVG é unha televisión sensacionalista, case seguro que todo o mundo contestaría que non. Non emite Gran Hermano, nin Tómbola, nin Crónicas Marcianas, nin ningún *reality show*. O profesor australiano John Langer publicou un libro chamado *A televisión sensacionalista. O periodismo popular e as outras noticias* no que explica que en moitos casos o control hexemónico dos medios de comunicación por parte dos grupos dominantes non chega a través das chamadas "noticias serias", senón das noticias de sucesos e sociedade.

No informe que se vén de publicar hai un dato alarmante no que non se reparou. A cantidade de informacións de noticias de Sociedade -compuesta por sucesos, accidentes, crimes, incendios ou festas populares- é do 46,29%. Isto é, máis do triplo que as informacións de política. Pode semellar un dato pouco relevante, pero autores como Langer, seguindo os teóricos dos Estudos Culturais Británicos, poñen de manifesto que estas infor-

macións son utilizadas para gañar credibilidade e consentimento entre a cidadanía porque amosan unha visión da realidade "tal como é". De feito, un directivo da TVG declaraba hai pouco que o Galicia Noticias -telexornal de sucesos- era o máis obxectivo que existía porque non había lugar para a manipulación.

Langer explica que desviando a atención cara estes temas menores, ademais de gañar credibilidade, acadar un maior entretimento porque adoitan ser noticias espectaculares con imaxes impactantes, conseguen que as noticias serias pasen a un segundo plano. Isto é, desvían a atención dos asuntos que poden ser máis importantes para a cidadanía. Non se trata só de conseguir que a televisión se converta nun espectáculo, senón de que este espectáculo esta localizado nun lugar moi concreto: Hollywood, Los Angeles. É por este motivo que no final dos telexornais non pode faltar unha noticia amábel, seguindo o final feliz dos filmes.

Con este modelo de informacións, o poder político consegue

manter a hexemonía, non a través da manipulación, senón da credibilidade, presentando o mundo "como é". Marcan o límite de todo o que é pensábel e posíbel. Conseguen asegurarse o que Langer chama o "liderado cultural", facendo que temas relevantes que poderían servir para artellar a sociedade civil pasen a un segundo plano. Se a TVG fose vista como unha canle manipuladora perdería audiencia. Iso foi o que ocorreu durante o *Prestige*. A audiencia do Telexornal 2 é alta: entre o 25% e o 27%.

Por iso, o problema máis grande non é o do reparto de tempos entre os distintos partidos, tal e como pretende facer ver a oposición, senón definir que tipo de informativos queremos. Un telexornal baseado en sucesos e festas populares asegurarlle sempre o liderado cultural aos grupos hexemónicos no poder, impedirá unha estrutura da sociedade galega e a participación da mesma nos asuntos públicos. Non é o mesmo a Plataforma Nunca Máis que unha sociedade de amigos do chipirón. ♦

ción integral da lei sobre a violencia de xénero, non se lle pide opinión ás organizacións de mulleres nin á cidadanía en xeral. Só opina Fraga. Até agora facíase moito fincapé nos tempos que ocupaba cada partido. Este estudo vén constatar que non só se trata dun problema de tempos, senón que tamén de como se utiliza o tempo e como se silencian a determinados actores sociais, entre os que destaca a cidadanía.

Os traballadores son conscientes da situación que se vive na televisión?

Penso que si. Este estudo vennos dicir dalgunha forma o que xa sabíamos pero que non tiñamos avalado por nada. O que ocorre é que non todos os traballadores pensan igual nin teñen a mesma situación. Na TVG existe unha contratación moi elevada cuns índices de precariedade grandes. Os fixos teñen unhas garantías, pero os contratados non teñen practicamente ningunhas. O poder de decisión dos temas e o xeito de facelos decídeo o director de informativos, que é un cargo de confianza. Del depende todo o criterio informativo.

Ou sexa que os traballadores teñen unha serie de pautas cando realizan as súas informacións?

Na redacción hai un xeito de traballar que é o único que se admite. Por iso moitas veces os xornalistas traballan con autocensura. Un xornalista sabe que se fai unha noticia de determinada forma, vai que dar fóra. Non todos os que traballan alí son iguais. Hai algúns que elaboran a información con criterios xornalísticos e esperan a que lla eliminen e outros que xa de entrada a elaboran como lle din que ten que facela.

Que se pode facer para tentar cambiar esta situación?

Do estudo despréndese que hai que democratizar os medios de comunicación públicos e máis concretamente a TVG. Para iso sería importante que o Director de Radio Televisión fose escollido por unha maioría cualificada no Parlamento Galego e por un período maior a unha lexislatura. Isto foi o que se propuxo xa na Iniciativa Lexislativa Popular, que foi avalada coa sinatura de miles de galegos. Penso que agora os partidos da oposición que están representados no Parlamento deben presionar o Goberno para que cambie a lei. Obviamente isto non é fácil. Pero agardemos que cun futuro cambio de Goberno en Galicia, si sexa posíbel. Este é cando menos o compromiso que até agora demostraron BNG e PSDeG. Agardemos que o sigan mantendo unha vez que cheguen ao poder. ♦

Fáltanlle 162 votos e recorrerá ao Constitucional O Supremo dálle a razón a Galeusca pero tíralle o escano en Bruxelas

H.V.
O BNG decidiu presentar un recurso diante do Tribunal Constitucional despois do fallo do Supremo no que se lle negaba o terceiro escano a Galeusca no Parlamento europeo a pesar de que lle deu a razón no fondo do asunto.

O Tribunal Supremo analizaba un recurso da coalición de CiU, PNV e BNG ás eleccións europeas contra a proclamación de electos por parte da Xunta Electoral Central. Esta entidade realizara unha revisión de actas que beneficiara ao PP e Galeusca recorreu ante o Supremo o cómputo. Tras analizar o recurso, o Supremo admitiu "múltiplas irregularidades" no escrutinio, pero os datos presentados polo BNG non abondaron para restituír o escano a Camilo Nogueira porque a coalición só tivo acceso fundamentalmente aos datos de Madrid, xa que llos facilitou Izquierda Unida. Afínda así, tras o fallo Galeusca quedou a 162 votos e cunha revisión pormenorizada das actas por todo o Estado, tería habido unha "alteración na asignación de deputados, en favor do BNG".

Galeusca vai presentar recurso diante do Constitucional e farao o xoves 28, o último día de prazo. Baséase en que a resolu-



Camilo Nogueira.

PACO VILABARROS

ción do Supremo admite que hai que entrar en materia porque as irregularidades déronse en todo o Estado. O fallo recoñece que as Xuntas Electorais Provinciais

modificaron os resultados cando non podían facelo e que a Xunta Electoral Central avalou esta conduta. No recurso contencioso electoral presentado diante da sa-

la do contencioso administrativo do Tribunal Supremo, un dos argumentos de Galeusca era precisamente que as Xuntas Electorais Provinciais non poden facer cam-

bios que muden os resultados e que unicamente poden corrixir erros sobre os que non hai dúbida, pero ignoraron esta premissa en favor do PP e corrixiron actas a requirimento deste partido.

Os erros nas actas existen, pero como son aleatorios, afectan por igual a todas as forzas, de forma que quedan compensados a nivel global. O que acontece neste caso é que, cando o PP recorre os erros nunhas mesas determinadas e non se corrixen en todas as mesas nin en todas as circunscricións, pode chegar a alterarse o resultado, como así sucedeu, xa que o PP recorreu só nas mesas nas que a corrección beneficiáballo. Deste xeito, o procedemento empregado polo PP supúxolle 13.000 votos máis, cando o PSOE, o partido gañador, só conseguiu 3.000 votos máis nese proceso de revisión impulsado polo PP. Sobre esta circunstancia, e sobre a necesidade de corrixir os erros en todas as mesas ou non corrixilos en ningunha, baséase parte da argumentación de Galeusca no recurso ante o Constitucional.

En calquera caso, o recurso ante o Constitucional preséntase o xoves 28 de xullo. Galeusca non dubida da súa aceptación a trámite. O fallo terá que producirse en quince días. ♦

"Viva Babel!" Este era o grito que acostumaba a utilizar Pepe Velo nos seus mítins. O 30 de xuño tivemos o pracer de partillar co club Valle-Inclán de Lugo a longametraxe *Santa Liberdade*, dirixida por Margarita Ledo. Neste documental relátase o episodio do secuestro do buque de pasaxeiros Santa María a mans do comando guerrilleiro do que facía parte o Xosé Velo, galego antifranquista, mestre republicano; Galvão, portugués, home polifacético (escritor, actor, cazador, etc) figura quixotesca, e o tamén galego Xosé Fernández, "capitán Soutomaior", entre outros. Os feitos aconteceron nos anos 50, en que a España e Portugal encontrábanse sob as ditaduras de Franco e Salazar. Anos de fame e represión. A ditadura salazarista impúxose ás umas que lle deran a vitoria democrática a Humberto Delgado. A acción pretende chamar a atención acerca deste feito e tamén é unha resposta ao "Pacto Ibérico" que asinan Salazar e Franco, que representan os derradeiros réximes fascistas da Europa. Fundan o DRIL, que é outro "Pacto Ibérico antifascista", sob o lema Liberdade, Xustiza ou Morte". Este comando galego-portugués realiza o que puido ser a última xesta romántica do século XX.

Viva Babel! era a expresión de Pepe Velo como alternativa á homoxeneidade de pensamento e cultura. Denuncia, xa daquela, a expansión dun modelo monocolor de pensamento, o que, na actualidade, chamamos globalización ou pensamento único.

Hoxe, 60 anos despois dos feitos, asistimos ao triste espectáculo da progresiva uniformidade política e cultural, que elimina o diferente e que se asombra e ofende perante o pensamento alternativo e independente. Se Europa é o que é hoxe, débese precisamente a ese punto de desequilibrio, de complexidade ou proceso inacabado que caracteriza a cultura europea, en

Viva babel!

ADELA FIGUEROA

A definitiva perda do eurodeputado do BNG dálle pé á autora para se preguntar que clase de país queremos, se un no que haxa pluralidade política ou unha Galiza dominada polo bipartidismo.

que encontraron o seu lugar as figuras de pensamento orixinal como Copérnico, Galileo, Miquel Servet, Francisco Sánchez, o Padre Sarmiento, Rosalía de Castro, ou tantos outros, a pesar de todos os intentos de eliminar o diferente, de homoxeneizar inquisitorialmente a sociedade. É na expresión libre da diversidade que está o progreso, as artes, as ciencias ou as letras.

O espectáculo do PP, arrapañando os votos dos falanxistas nas mesas en que a coalición Galeusca non tiña fácil acceso, é deplorábel. Pero máis espectáculo é o dunha Xunta Electoral Central que, arbitrariamente, aplica diferentes varas de medir segundo conveña, e que está integrada por cargos nomeados polo anterior goberno central. Non deplorábel como ver o PSOE ollar cara a outro lado, como se non fose con eles, e negando o máis mínimo apoio que compensase a indefensión en que se encontrou Galeusca, parti-

cularmente o representante do BNG.

Fica consolidado o bipartidismo. Os dous pés do mesmo banco. "Que todo cambie para que todo permaneza", que diría o Gatopardo decimonónico e siciliano.

“O lugar de Nogueira vaino ocupar unha representante da Rioja. Galiza perde un deputado. O máis cualificado en Bruxelas, a única voz galega do Parlamento Europeo”

Mais a liberdade, que se sustenta no respecto á diversidade cultural e de pensamento, ficou gravemente agredida por apenas 300 votos.

O PSOE pode pensar que lle beneficia, mais eu diríalle que, se socialismo é un mellor e máis eficaz reparto da riqueza material e cultural, estanlle a facer un fraco favor ao socialismo, camiñando, progresivamente, cara a unha sociedade a branco e preto.

Non é menos deplorábel o espectáculo dun país –Galiza– que confía tan pouco en si mesma, para entregarlle o futuro ás mans de forzas que teñen os seus intereses fóra de aquí.

Quen tería falado do *Prestige*, en Bruxelas, se non fose Camilo Nogueira?

Quen presionou para que se constituíse a Comisión Sterckx, quen investiga o que aconteceu no caso *Prestige* e elabora as liñas de actuación para evitar que aconteza unha nova catástrofe?

O recente afundimento do barco *O Bahia* volveu pór de manifesto a pobreza de medios que existen na Galiza en relación co salvamento marítimo; mais séguese a votar aos responsábeis (ou irresponsábeis).

O lugar de Camilo Nogueira vaino ocupar unha representante da Rioja. Galiza perde un deputado. O seu máis cualificado en Bruxelas, a única voz galega do Parlamento Europeo. Será que estamos atacados de auto aniquilamento, de suicidio colectivo?

Porque, neste caso, non foron os Reis Católicos quen nos quitaron a voz para sermos representados por Zamora. O PP axudou, mais fomos os galegos quen optamos, co noso voto, por delegar en partidos de obediencia foránea a solución dos nosos problemas.

O futuro vese negro. O PSOE non vai defender a nosa cultura (nunca o fixo de *motu proprio*, nin os nosos intereses (IZAR-Ferrol, cuota láctea, tránsito marítimo, política forestal, política enerxética...) É un momento crítico. Se reaccionamos como pobo, aínda poderíamos ter unha oportunidade.

Se nós, como colectividade, concordamos cos grandes partidos –PP e PSOE– que a nosa identidade non ten valor, que os nosos valores culturais, medioambientais, etc non merecen ser defendidos, esta "rexión" continuará co seu declive demográfico, económico, social e cultural, que a fan tan pouco atractiva para a xuventude ou para a xente emprendedora. Ficarán apenas os vellos e os caciques. Esa será a nosa triste vinganza. ♦

ADELA FIGUEROA PANISSE pertence ao movemento Nunca Máis de Lugo

Bases para unha nova Galiza

CARLOS AYMERICH

O pasado 23 de xullo o BNG presentou un documento de Bases para a elaboración dun novo Estatuto para Galiza. Precisamente a reivindicación dun novo Estatuto centrou os actos do Día da Patria deste ano.

Nun artigo anterior explicitei xa as razóns que, ao meu ver, obrigaban ao BNG a apostar por un novo Estatuto e non simplemente pola reforma do texto vixente. Cómpre agora presentar as ideas forza da proposta e máis tamén o procedemento para un debate imprescindible, primeiro a nivel social e, a seguir, coas demais forzas políticas no seo do Parlamento de Galiza. Para entre todos conseguirmos para Galiza o lugar que lle corresponde no seo dun Estado plurinacional e dunha Europa dos pobos.

O documento de bases elaborado polo BNG é un texto aberto. Aberto á crítica, aberto ao debate, aberto a contributos e suxestións. E aberto tamén na súa propia xénese: o texto é resultado do traballo dunha Comisión integrada por homes e mulleres de todo o país, de dentro e de fóra do BNG, con especializacións, experiencias e idades diversas. Sen ideas preconcebidas e cun único elo de unión: o compromiso con Galiza e coas súas xentes.

E estas bases, non por casualidade a primeira achega a un debate que os partidos estatais non queren abrir en Galiza, fundaméntanse nalgunhas ideas-forza que lle dan sentido e unidade. Ideas que constituíen, na miña idea, os alicerces xurídico-políticos dunha nova Galiza para unha nova xeración de galegos e de galegas.

A comezar polo dereito da sociedade galega a decidir libre e democraticamente o seu futuro. Os límites serán os que poña a cidadanía. Os poderes públicos galegos derivan a súa lexitimidade da decisión do pobo galego. A el se deben e, xa que logo, só diante del deben responder e dar conta da súa xestión.

De aquí resulta que os poderes públicos de Galiza, en canto que lexítimos representantes da sociedade galega, deban protagonizar un novo pacto co Estado. Unha nova relación bilateral, en pé de igualdade. De aquí resulta tamén que Galiza deba contar cunha representación directa na Unión Europea e cunha proxección internacional propia, tanto no ámbito político como tamén no cultural e no deportivo. E, enfin, de aquí debería resultar tamén unha nova configuración dos órganos do Estado: que deixasen de seren órganos do Estado "central" para se converteren en órganos do Estado "común".

A seguir pola oportunidade que a elaboración dun novo Estatuto nos brinda para afondar na democracia, no recoñecemento e na efectividade dos dereitos humanos individuais e colectivos (e, en especial, dos dereitos sociais) e máis para establecer directrices das políticas públicas

que nos inmunicen fronte aos consensos neoliberais.

Así por exemplo o establecemento de canles abertas á participación directa da cidadanía no goberno e na xestión dos asuntos públicos como, por exemplo, as consultas populares vinculantes. Ou o establecemento dunha renda básica como dereito de todos os cidadáns e cidadás de Galiza. Ou tamén unha política que teña como obxectivo o pleno emprego, o equilibrio territorial, a igualdade entre xéneros e o desenvolvemento sustentábel.

Rematando, enfin, coa previsión dos instrumentos necesarios para facer posíbel un verdadeiro autogoberno galego. Un marco de competencias coherente, no sentido de non fragmentado, e garantido, no sentido de protexido fronte a eventuais extralimitacións por parte do Estado, que permitan a elaboración de políticas propias acidas ás nosas necesidades. E, loxicamente, tamén máis recursos financeiros. As bases elaboradas polo BNG propoñen que Galiza conte con competencias plenas sobre o conxunto do sistema tributario, incluído o Imposto de Sociedades e os impostos especiais, a xestión dos fondos estruturais europeos que non correspondan e que o Estado salde a débeda histórica que contraeu con Galiza en materia de infraestruturas, sanidade e ensino.

Eis pois unha proposta para o traballo e o compromiso. Unha proposta aberta que quere provocar un debate do que Galiza non pode ficar, máis outra vez, ausente. As bases dunha nova Galiza. ♦

‘Galiza debe contar cunha representación directa na UE e cunha proxección internacional propia, nos ámbitos político, cultural e deportivo’

CRÓQUES

Dúas sabotaxes

Semella que as discusións habidas nos últimos tempos no independentismo a respecto da necesidade da violencia política non serviron para nada. Como xa vén sendo tradicional na noite do 24 de xullo, produciuse unha sabotaxe nunha sucursal de Caixa Galicia en Compostela. Esta vez os danos foron superiores aos de anos anteriores ao producirse un incendio e quedar fóra de servizo a sucursal situada no barrio de San Lázaro.

Nun comunicado anónimo enviado a diversos medios de comunicación (non así a *A Nosa Terra*) un grupo anónimo, que remata o seu comunicado cun ‘Viva o día da Patria e Viva Galiza ceive e socialista’, tamén

reivindica un “ataque” á estación eléctrica das Canceles. Non comunicado afirmase que resultado seriamente danada e que deixou sen electricidade dez minutos a cidade de Compostela. ♦

Comisión de estratexia no BNG

As divisións no BNG, por mor das distintas lecturas que realizaban algúns dos seus dirixentes das caídas electorais, queda, desde onte, baixo control da comisión de estratexia que preside o alcalde de Allariz, Francisco García. Este órgano, integrado no Consello Nacional, analizará as causas da perda de votos e propondrá solucións. Nela poderán participar todos os militantes que o desexan. ♦



José Luis Rodríguez Zapatero. P.V.

As bandeiras de Zapatero

Cando Fraga visitou a Moncloa, Zapatero recibíuno situando a bandeira galega ao carón da espa-

ñola. Non pasou nada. Cousa moi distinta foi cando chegou Maragall á residencia do presidente español. A maioría dos medios de comunicación arremeteron contra Zapatero por “pregarse” aos cataláns. Algúns até editorializaron falando da “desintegración de España”. Houbo outros que titularon que Maragall afirmara que Catalunya era un Estado e que, como tal se fá comportar. Maragall só defendera que as autonomías forman parte do Estado. O da administración única de Fraga, para entendernos.

Polo que se pode comprobar, en política, os discursos e os xestos van en función de quen os realice. E as análises dos xornalistas seguindo en que medio escriben. *El Periodico de Catalunya* denuncia que Fernando Ónega critica a Maragall

cando escribe o sábado en *La Voz de Galicia* e deféndo o día anterior en *La Vanguardia*. O problema é que crítica e defende a refrense ao mesmo feito da súa visita á Moncloa. ♦

Pablo Vioque, un fillo bo

A cociña non era problema para dona Eulalia, pero a droga si. Cando aínda non era famoso como narcotraficante, Pablo Vioque editou un luxo de libro coas receitas de cociña da súa nai, titulado *La Cocina no es problema. Por Laly*. Despois meteu en faria. Agora a Audiencia Nacional pídele catro anos de cadea por branqueo de diñeiro do seu fillo. ♦

Guisa e Napo

UXÍA E BRAIS



Ferrol

Feiras á carta

MARTINA F. BAÑOBRE

¿Será quen a Feira da Ilustración de ofrecerlles aos visitantes algo máis ca unha típica festa medieval con outros disfraces? Turistas e veciños ficarían ben agradecidos.

A piques de entrar no mes de agosto, estamos en tempo de festas, feiras e romarías. Galicia ferve de xolda e proliferan os actos de “nova creación” como pintorescas festas gastronómicas e exaltacións dun pasado dubidoso. Ferrol non fa ser menos. Este ano 2004 verá a luz a Feira da Ilustración, un evento baseado na época máis floreciente da cidade.

Semella que por unha vez rexe o bo criterio á hora de escoller novos reclamos turísticos e distraccións para os habitantes da comar-

ca. Por toda a comunidade reproducense coma fungos as exitosas feiras medievais. Unha amalgama de mercado *hippie*, traxes de xogar e tenderetes de comidas que se supoñen da época. Agás certas excepcións, nas que estas celebracións gozan dunha importante tradición e do aval da historia, trátase dun “evento-para-encher-ocoso-e-atraer-xente”, e pouco máis.

Máis ou menos o mesmo foi o que xa ocorreu en Ferrol. Aludindo á orixe medieval da cidade, e ás rúas desta época que aínda se conser-

van na zona portuaria, creouse unha feira medieval que rexistrou récords de asistencia. Moi bonita, moi concorrida e tamén animada. Pero se cadra faltaba algo máis orixinal, e tamén axeitado á nosa historia. Ese algo chega este ano, no que se celebrará nas rúas do casco histórico a primeira Feira da Ilustración. Unha proposta que devolverá o pasado máis brillante de Ferrol, que no século XVIII asistiu á creación de toda unha nova cidade baseada nos principios ilustrados.

Esas mesmas rúas, de trazado ortogonal, verán agora —os días 6, 7 e 8 de agosto— como volven os correos de Carlos III de Borbón e os pendóns asoman ás fiestras. Agardemos que se cumplan as expectativas e que non se trate dunha feira medieval co nome cambiado. Dito queda. A aqueles que se acheguen a vela, ou gocen da oferta existente noutros puntos de Galicia, boas festas. ♦

A Audiencia inhabilitouno por oito anos a causa dunha licenza ilegal

O alcalde de Tui négase a dimitir

GUSTAVO LUCA
O alcalde de Tui non demite a pesar dun proceso de inhabilitación xudicial que demostra que Feliciano Fernández Rocha non cumpriu a normativa sobre bens de interese cultural á hora de expedir licenzas.

O alcalde Feliciano Fernández Rocha coñecía a normativa que protexe o contorno urbano de Tui como ben de interese cultural pero, con todo, concedeu varias licenzas contra o ordenamento. Por unha delas —a do Edificio Beira Miño— condenouno por prevaricación a Audiencia de Pontevedra a oito anos de inhabilitación. Outras ilegalidades coma o Edificio Bahamonde, o Edificio Kiwi ou o macizado do Casino Vello esperan xuízo. Os veciños piden a dimisión do alcalde e do seu mentor na Xunta, o conselleiro Xoán Miguel Diz Guedes.

Fernández Rocha asinou en 1999 permiso para construír un bloque de apartamentos fóra de toda medida dentro da zona protexida, no Camiño Portugués, fronte a Valença, e permitiuse ironizar sobre as denuncias dos veciños que reclamaban a intervención da Dirección de Patrimonio da Xunta.

O lento proceder da intervención pública contrastaba co acelera-

do progreso do formigón do edificio Beira Miño, en menos dun ano revogado en rosa e chapado de anuncios de baixos comerciais. A denuncia foi de xullo de 2001; a primeira licenza do 1999 pero no 2000 o alcalde concedeu unha nova autorización para meter 30 vivendas máis.

A Dirección Xeral de Patrimonio confirmou, a consultas dos veciños, o que xa publicara no Boletín Oficial de Pontevedra en decembro do 1994: que o Plano Xeral de Tui incumpria a protección do conxunto histórico. A Consellaría de Política

Territorial chamara en febreiro de 2002 “contradición de normas” o que agora aparece no xuízo como norma superior infrinxida pola alcaldía cunha licenza ilegal, mal amparada por un ordenamento urbano fóra do marco legal cuxo fin era especular dentro do conxunto histórico. O conflito entre normas, chamado así dende a consellaría de Política Territorial nun intento desesperado por salvar a onda de licenzas ilegais da alcaldía, foi a única argumentación esgrimida na súa defensa por Rocha. Pola con-

tra, quedou probado que alcalde, asesores e técnicos recibiran información suficiente da existencia dunha norma superior por parte da Dirección Xeral de Patrimonio, que reclamou en varias ocasións a suspensión desta e doutras obras. O alcalde non lles concedeu a menor importancia a estes avisos, tanto no momento de sérrelle comunicados coma no acto de xuízo.

Polo ben dos veciños

Para a concelleira do BNG

Anxela Alonso Testa, que dende o 1999 interpelara á alcaldía sobre o estrago do conxunto histórico, o que se sanciona na Audiencia “é o resultado dunha práctica urbanística que se vén realizando durante todos estes anos con total falta de respecto pola norma”. Alonso lembrou que os avisos á alcaldía do PP sobre as responsabilidades incumpridas foron ignorados con prepotencia: “Coidaron que as normas non eran para eles”.

Pola contra, Rocha chamou inxusta a sentenza, declarouse seguro e en pleno dereito para seguir exercendo o cargo de alcalde e dixo que lle montaran unha casa de bruxas. “Falei con avogados e técnicos e todos se alporizan pola sentenza, así que seguirei traballando polo progreso de Tui e polo ben dos veciños”.

A pesar de que Rocha ten de cara un longo proceso por outras licenzas que recompuxeron e parcelaron arbitrariamente o terreo do Casino e por moito que cargos da Xunta marquen distancias co seu proceder, o responsábel do PP para Pontevedra, Rafael Louzán, declarou que o partido tiña plena satisfacción polo traballo realizado desde a alcaldía. ♦

Un estrago urbanístico

Non é unha licenza ilegal o que acaba de sancionar a Xustiza senón toda unha ofensiva contra o casco histórico de Tui como non tardará en mostrar o proceso en curso doutras denuncias.

O voceiro dos veciños que reclamaron intervencións contra o estrago urbanístico, Xosé María Lores, avisara hai anos dunha coincidencia: “os beneficiarios de todas estas licenzas absolutamente ilegais son xente vencellada co poder, familiares ou militantes e incluso financiadores de campañas

electorais. Porque non estamos aquí a falar dun veciño que levanta un faiado ou que realiza un pequeno incremento de volume nun edificio; estamos a falar de terreos que se converten en edificábeis para beneficio de determinados construtores e dalgúns políticos de todos coñecidos”.

O ex alcalde Miguel Anxo Capón Rei coloca nomes concretos a esta denuncia: “Os maiores responsábeis son certos cargos do PP de Tui coma Xosé Miguel Diz Guedes, por-

que el foi quen axudou e amparou a moción de censura no Concello e Rocha e o presidente e vicepresidente da actual xestora porque se equivocaron coa persoa na que confiaron” Capón sinala que agora aparece claro que a moción de censura que o derrubara, inspirada e posta en escena polo que hoxe é conselleiro de Agricultura Diz Guedes, non tiña outro motivo que os intereses especulativos. A súa conclusión é que “Diz Guedes tamén debería dimitir”. ♦

Ulla e Lérez os máis afectados pola decisión da Xunta

Aprobados dez encoros no Lérez, Mandeo, Ulla, Verduxo e Xallas

H.V.
 O Consello da Xunta do pasado xoves 22 aprobou os proxectos sectoriais para dez aproveitamentos hidroeléctricos en cinco ríos galegos. Catro das centrais están previstas no río Ulla e tres no Lérez.

O alto Ulla e o Lérez son os máis afectados pola decisión do Consello da Xunta, que aprobou catro encoros no alto Ulla, tres

no Lérez, e un no Xallas, outro no Mandeo e outro no Verduxo.

Esta aprobación dos proxectos sectoriais viña precedida da declaración, hai case un ano, da supramunicipalidade dos aproveitamentos, o que obriga á adaptación das normas urbanísticas municipais á nova situación. Deste xeito, paraxes naturais como a de Frádegas, no Ulla, deixarán de ser zona verde

para permitir a construción dun encoro.

Se a zona do alto Ulla é a máis afectada porque se trata dunha das últimas bacías de grandes ríos aínda por regular, o Lérez non só se enfrenta á construción de tres encoros. Neste río pontevedrés prevense tres proxectos, pero inclúen un total de seis saltos, dous por proxecto.

A aprobación dos dez apro-

veitamentos hidroeléctricos non significa o fin do movemento contra estas centrais. A Coordinadora Galega en Defensa dos Ríos e a Plataforma Social pola Defensa do Alto Ulla anunciaron que continuarán cos recursos en marcha e cos actos reivindicativos para denunciar uns proxectos que van ter unha contribución moi pobre á xeración enerxética na Galiza pero que afecta-

rán moi negativamente a contornos naturais valiosos. De momento, hai aínda un mes de prazo para a Administración aceptar audiencias sobre estes proxectos e continúan en marcha varios recursos xudiciais.

No plano reivindicativo, no alto Ulla hai varios actos previstos, dos que o máis salientábel é unha manifestación a celebrar o 22 de agosto en Palas de Rei. ♦

A Coruña

A instalación de cámaras de vixilancia a debate

MANUEL LUGRÍS

A polémica sobre a colocación de videocámaras enfrenta os mozos do botellón cos veciños que padecen ruídos e algúns desperfectos.

A instalación de cámaras de vixilancia en puntos estratégicos da “movida” coruñesa, está a causar unha certa polémica por mor dos diversos xuízos, ás veces encontrados, que se xeran na opinión pública e, mesmo, en diversos estamentos de representación cidadá tales como partidos políticos e asociacionismo veciñal.

A problemática do que se denomina “vandalismo nocturno” é dicir, os estragos provocados nas noites das fins de semana no mobiliario urbano e noutros bens tanto públicos coma privados, amais das molestias causadas aos residentes das zonas de actividade son unha constante en cidades e vilas desde hai moito tempo e obxeto de agres debates nos que as posturas dos bandos en disputa amosan ordinariamente unha creba de corte que se concreta na idade como estampa descritiva: por unha banda os mozos de “marcha” e pola outra os apeitados veciños,

vítimas do desenfreo incontrolado de alcohol e outros aditamentos varios. Recentes exemplos desta situación témoslos en alto número na nosa cidade; como son a morte de mais de douscentos peixes no céntrico estanque dos xardíns de Méndez Núñez, liortas con feridos no contorno do Orzán, atracos na zona de Xoán Flórez... E por riba, a aseveración do concelleiro de Seguridade Cidadá de que a policía local xa non pode facer mais e insta

aos pais a que loiten de xeito máis efectivo contra o masivo consumo etílico...

Pero esta estratificación conceptual que parte da exposición anterior non é mais que un simplificado narrativo que oculta a verdadeira natureza das cousas e o real alcance social e, mesmo político, que se agocha tras a aparente disfunción entre orde, folgado e negocio. Tres ingredientes que conforman o corpo do asunto e que raramente atre-

ven a enfrontar os servidores da vida pública, xa que logo o seu propio existir ten mais de condescendencia voluntaria que de imposición imperativa dos propios feitos. A inercia da xénese non resulta casual. Os poderes públicos, en xeral, tiveron, sobre todo desde os anos oitenta do pasado século, unha postura laxativa cando non meramente contemplativa, no desenvolvemento acelerado deste estado de cousas cas suas secuelas colaterais do

“botellón”, o gamberrismo urbano..., etc. Pero, cal é a motivación profunda e última desta actitude pública? Unha simple aserción pode ilustrar esta idea: un rapaz que se deita ás dez da mañá, logo dunha longa noite de quirolo e xolda non vai a ningunha protesta nin a ningún acto reivindicativo. Mentres, o poder si que está espilido. Pensemos na desmobilización social e mesmo ideolóxica que progresivamente se foi apoderando da cidadanía desde os tempos da chamada transición, desmobilización que permite, na práctica, unha caste de articulado orgánico dos referentes epónimos máis propio dos tempos pasados que do presente “moderno” como gostan de dicir coa boca chea de baballa os detentadores do leme político. Inquiramos por aí onde está a verdadeira orixe do vandalismo urbano e, seguramente, acadaremos unha explicación máis próxima á realidade. ♦

Xosé Luís Muñoz

Odía que neste país os políticos invistan en traballo a metade do que gastan en folións, teremos gañado o camiño do futuro.

Algunha vez repararon no tempo que perden en poñer dobre ao adversario, no lugar de facer cousas e facelas ben para que o adversario non os poña podres a eles? Este estilo de permanente descualificación; de consignas envelenadas e repetidas até o infinito, que así é a maneira de que preñan; de constante alporizamento. Este estilo que tan ben se lle deu ao aznarismo e que agora se está a converter no seu propio purgatorio. Este estilo, que amais sempre vai unido ao argumento propagandístico do ben que o facemos nós e o mal que o fan eles... Este estilo é o que leva a que o noso país, esta nosa e antiga Suevia, non saia do furgón de cola de Europa, nin sequera do de Iberia, por moito que algúns porfien en ir dicindo por aí, unha e mil veces, que somos o mellor do mellor do mundo; o cerne da deboura.

Se no lugar de lle ir dando á lingua de contino acerca do ben que cumprimos nós e do mal que cumpren eles, se puxesen todos a traballar e a facer as cousas como as hai que facer, habíamos aforrar moito espazo nos xornais, na radio e na tele, e moitas doses de paciencia, que ás veces non hai que os ature.

Falábanos hai pouco Xosé Luís Barreiro desde a súa 'Torre Vixía', e como sempre con estilo e con moita retranca, das "kalendas galeicas". Resulta que á hora de lles marcaren data-término ás grandes obras, que mesmo semella que as pagasen do seu peto, a todos os políticos se lles vai a lingua por alegrías. Logo, aos que de oficio lles corresponde a oposición póñenos podres por non cumpriren a tempo; pero cando a tortilla dá a volta, os acusados convértense en acusadores, e ao revés. E é que non teñen remedio. No fondo son coma nenos.

Miren que nos levan dado a vara co dos prazos da autovía Santiago-Ourense, que disque ía estar para 2003; ou co dos da Cidade da Cultura, para 2004, e agora co dos de AVE, que si para 2009, ou 2010, ou 2011, por non falar xa da maior das enguedelladas de prazos que un recorda, a das autovías da Meseta.

¿Pero non se decatarán de que xa os galegos deixamos hai tempo de chaparnos o dedo?; ¿de que por moito que nos digan non nos van quitar de que o mellor que se pode facer e non lles facer caso?

¿Por que agora algúns políticos lle esixen a Madrid o que hai catro meses non lle esixían? ¿E por que outros non lle esixen o que hai catro meses lle esixían?

O dito. No fondo é que son coma nenos. ♦



A Conferencia Episcopal tenta persuadir ao Parlamento en contra do matrimonio homosexual

Os colectivos gais respóndenlle á Igrexa

LARA ROZADOS LORENZO

Os colectivos homosexuais están a afrontar a polémica xerada pola Conferencia Episcopal Española, que presentou un comunicado titulado "A favor do verdadeiro matrimonio". Nela, a CEE insta aos parlamentarios católicos a oporse ao proxecto de lei co que se regularán o matrimonio, as parellas de feito e a adopción para parellas homosexuais.

Pero a Conferencia non ten competencia para intervir en cuestións lexislativas. "A Igrexa está tentando incidir no Parlamento, mais ten que ser consciente de que xa non ten ese poder", salienta Esteban Souto, membro do colectivo vigués Raras Somos Todas (RST). "O único partido que pode ser influenciado pola Igrexa católica é o PP, que acolle dende o centro á ultradereita. Se cadra manteñen unha postura de abstención, pero sería moito máis positivo que o Partido Popular, tendo en conta as declaracións que facía cando defendía a Lei de Parellas de Feito, sexa coherente e vote a favor."

No comunicado eclesiástico afirmase que as persoas homosexuais serán "respectadas e acollidas con amor" no seo da Igrexa, e que non é aceptábel que sexan menosprezadas, maltratadas ou discriminadas. Mais logo expón a iniciativa lexislativa coma un "erro e unha inxustiza" que alterará a orde social e porá en perigo o sistema económico. A Igrexa nega o dereito ao matrimonio para dúas persoas do mesmo sexo, por consideralo "inexistente."

A adopción, un punto polémico

A Igrexa tampouco admite a adopción de menores por parte de parellas homosexuais: o feito de ser fillo dun matrimonio gai é considerado pola Igrexa "prexudicial" para a identidade sexual do menor. Monseñor Gea Escolano, arcebispo de Mondoñedo, vai máis alá, e

nega radicalmente o dereito dos gais a adoptar. Milhomes, colectivo galego, responde nun comunicado: "os valores de compromiso, amor mutuo, respecto (...) poden ter tanta valía nunha parella heterosexual coma homosexual. Os estudos científicos e a vida cotiá de centeaes de miles de familias homosexuais así o avalan."

Non embargante, no Parlamento catalán xa se regula tanto o dereito a adoptar menores por parte dunha parella coma que un dos membros adopte os fillos do outro.

As repercusións

Dende a difusión da nota, a presión por parte de figuras da Igrexa continúa: Monseñor Barrio, arcebispo de Santiago, instou o presidente do Goberno, na súa visita a Compostela no Día do Apóstolo, a basear a democracia na tradición católica, e chegou a prognosticar a "creba da familia e da sociedade" unha vez que se regularice o matrimonio homosexual. Tamén o arcebispo mindoniense, Gea Escolano, fixo declaracións nas que se refería á homosexualidade coma un vicio. A propagación deste tipo de mensaxes alarma a membros de colectivos coma Milhomes. Segundo Xosé Carlos Alonso, voceiro da asociación, "esas declaracións deberían de constituir un delito: son incitacións á violencia, a agresións por parte de grupos nazis. Se hai anos a policía nacional podía mallar a un homosexual, e a Igrexa era a primeira

en "delatalos", hoxe, un policía católico farao tamén en nome do ben social. Ben social? Quen está a desestabilizar á sociedade é a Conferencia Episcopal."

Esteban Souto advirte: "Gea Escolano chámalle á situación aberrante ou chámamos a nós enfermos ou viciosos: as opinións da Igrexa son insultos, e son publicados con total impunidad." Como resposta, asociacións coma Milhomes emitiron manifestos á prensa, aínda que non tiveron a mesma repercusión mediática. Souto conta que, dende RST, "a postura é moi clara, pero non sabemos como responder de xeito práctico: facer unha manifestación, campaña pública..." Mesmo a Federación Andaluza Colegas de Gais, Lesbianas, Bisexuais e Transexuais esixiu á Fiscalía Xeral que tome medidas perante esta "apología da homofobia."

Fronte á discriminación, cada vez máis persoas optan por renegar formalmente da fe católica: "A apostasía é unha cuestión de coherencia moral: ningunha persoa que estea de acordo co principio de igualdade é coherente mentres esta rexistrada coma católica.", di Xosé Carlos Alonso, "O que acontece neste país é que a maior parte da poboación non é crente nin practicante, mais segue a estar rexistrados onde se bautizaron, non toman medidas activas. A Igrexa pode posicionarse en contra do aborto, en contra do matrimonio e adopción de parellas homosexuais, etc., argumentando que un 85% da cidadanía é católica e a ampara." Mais deixar de pertencer oficialmente á confesión católica non é tan sinxelo. Segundo Esteban Souto, trátase dun proceso longo e complicado: "A apostasía non é sempre doada, xa que poñen moitas dificultades:

esixe unha burocracia longa e incómoda, que non sempre se consegue concluír con éxito."

Igrexa e Estado

A Federación Estatal de Gais, Lesbianas, Bisexuais e Transexuais insta o Goberno a que asente as bases para superar o intervencionismo da Igrexa na política, materia pendente dende a Transición. Tanto dende o executivo coma dende a sociedade lémbrese a separación entre Estado aconfesional e Igrexa. "O Estado está apoiando con subvencións a unha organización que actúa, ás veces, coma unha seita: irrespectuosa, intolerante, e violenta cara outros sectores da sociedade", afirma Souto. "Parece que a Igrexa católica está a aferrarse ao seu pasado: non se decatan de cómo é a situación actual, de que son unha minoría na opinión pública. Os seus adeptos e os crentes non están de acordo con moitas das ideas retrógradas que difunden."

A sociedade apoia o proxecto

"A repercusión esaxerada que están a ter estas declaracións nos medios de comunicación contraponse á representación da vontade popular: os parlamentarios son escollidos por maioría, e a cidadanía sabía que un dos puntos do PSOE era promover a lexislación do matrimonio civil entre homosexuais", explica Esteban Souto: "A sociedade posicionouse claramente." Na última enquisa do CIS, o 66% da mostra está a favor da regularización do matrimonio entre homosexuais, e case a metade apoia tamén a adopción. Mais segue a haber cifras preocupantes, próximas ao 10%, de cidadáns que perciben a homosexualidade coma unha enfermidade ou algo "antinatural". ♦

PP e BNG pídenlle que 'cumpra o seu compromiso con Galiza'

Zapatero anuncia que o AVE non chegará até o 2011

RUBÉN VALVERDE

O AVE Galiza-Madrid podería demorarse até o 2011. Así o deixou ver o presidente do Goberno central, José Luís Rodríguez Zapatero, nunha rolda de prensa en León tras un Consello de Ministros. Concretamente anunciou que "o tramo entre Madrid e Valladolid estará listo no 2007. O noso obxectivo é que entre Valladolid e Zamora poida estar listo no 2011". Con este calendario, a liña que continua a Lubián e Ourense para entrar en Galiza, incumpriría o compromiso de Zapatero de telo listo no 2009.

Cando Zapatero se reuniu con Manuel Fraga hai quince días, asegurou que se cumpriría o prazo de conectar as sete cidades galegas con Madrid nun prazo de tres horas. O presidente do Goberno central tentaba así calmar as críticas que levantaron as declaracións de Magdalena Álvarez dicindo que "Galiza está obsesionada coa alta velocidade" e dando a entender que o Plano Galiza non existía.

O plano deseñado polo executivo de José María Aznar proyectaba dúas liñas que chegarían a Galiza ao mesmo tempo. Unha delas por Zamora, que conectaría con Ourense. A outra por Ponferrada, que iría até Monforte. Zapatero tamén recoñeceu que esta segunda liña estaría lista no 2011.

Polo de agora non existe aínda ningún anuncio oficial das cantidades que se orzamentarán o vindeiro ano para levar a adiante o plano Galiza. Porén, Zapatero saíu un día despois da polémica afirmando que se cumprirán os prazos previstos. A Xunta considera "un agravio e discriminación con Galiza" o atraso nos prazos. "As palabras de Zapatero demostran que Galiza non está entre as prioridades de acción do Goberno central, tal e como se comproba nas actuacións dos seus primeiros cen días", sinalou o presidente da Xunta, Manuel Fraga.

A polémica sobre o AVE pode ser ficticia posto que como lembra o politólogo Xosé Luís Barreiro "non sabemos que racionalidade anima a terminar o tramo

galego catro anos antes de podedo conectar coas liñas de Castela. Nin por que non se discute que tipo de AVE imos ter. O que é certo é que calquera enxeñeiro independente pode dicirle a Núñez Feixó que o AVE Santiago-Madrid non pode estar terminado nin no 2009, nin no 2011". O comentarista lembraba así a demora histórica coa que chegaron as infraestruturas a Galiza.

Comisión de seguimento

Para o presidente da Xunta é preciso que "o clima de diálogo institucional non se rompa malia as medidas agraviantes con Galiza do Goberno de Zapatero". Neste sentido, Manuel Fraga reclamou que se constituía unha comisión mixta con representantes de ambas administracións para facer un seguimento integral do Plano Galiza. Esta petición oficializouna nunha carta dirixida a Zapatero. A misiva aínda non foi contestada oficialmente polo socialista, pero asegurou que "teño a mellor dispoñibilidade de colaboración coa Xunta de Galiza para acadar unha boa coordinación". ♦

REACCIÓNS




Núñez Feixó
'Agora enténdese a insistencia do Goberno de retrasar o tramo Santiago-Ourense'

O Conselleiro de Política Territorial Alberto Núñez Feixó denunciou que Zapatero "corrixiu o líder do PSdeG, Emilio Pérez Touriño, nun prazo de 48 horas". Feixó refírese ao anuncio feito por Touriño a semana pasada, tras reunirse con Zapatero, de que o tramo Lubián-Ourense -o principal para a conexión entre Galiza e Madrid- estaría listo no 2009. O Conselleiro engadiu que "agora encáixanme as pezas que explican que o Fomento non lle interese acelerar o tramo Santiago-Ourense". Feixó engadiu que "o Plano de Infraestruturas do Noroeste demostra que o Goberno central volve esquecerse de Galiza". ♦



Anxo Quintana
'Zapatero ten que complementar con cartos as súas boas maneiras'

O portavoz nacional do BNG, Anxo Quintana, sinalou onte que o presidente do Goberno "comeza a fallarlle a Galiza ao anunciar un retraso até o 2011. Xa comeza a ser unha práctica do presidente do Goberno español a discriminación negativa con respecto a Galiza". Engadiu que Zapatero "comprometeuse con partidas orzamentarias concretas ao financiamento de infraestruturas concretas en León, Cataluña e Andalucía. Os galegos estamos agardando que se comprobe con diñeiro sobre a mesa as boas maneiras do presidente". Non obstante, responsabilizou a Manuel Fraga pola "situación na que está agora a comunidade". ♦



Emilio Pérez Touriño
'Recoméndolle a Fraga que mire para adiante'

O secretario xeral do PSdeG-PSOE, Emilio Pérez Touriño, reiterou onte -28 de xuño- que "o horizonte temporal para o AVE Ourense-Madrid está fixado entre os anos 2009 e 2011". Matizou así a afirmación taxativa de que a conexión estaría lista para o ano 2009. En contestación ás declaracións do presidente da Xunta, Manuel Fraga, Touriño dixo que "el é o único gato encerrado entre as catro paredes das leas do seu partido. Recomendolle que mire para adiante e que faga un retiro espiritual nalgún parador ou casa rural porque o precisa". ♦



De volta a Galiza

MANUEL CAO

O período estival permite albisar o avance implacábel da seca cara ao norte. Nas paisaxes de Ourense percíbese unha semellanza con Ávila con temperaturas extremas tanto no verán como no inverno facilitando a integración daqueles que desexan verse asadiños e moreniños como calquera celtíbero moderno. Xa estamos na temperatura ideal para instaurar as corridas de touros en todas as vilas, lástima que as vilas son poucas e escasas en xente moza. Indo máis cara ao norte, aínda hai molestas fronteiras que apenas traen nubes sen auga ameazando a seca no Sarela e a ruína das festas patronais.

A economía galega ten bastantes semellanzas co conxunto da economía española. A composición por sectores en materia de PIB, emprego e prezos é case igual, unha vez que a reconversión agraria permitiu eliminar o subemprego no sector. A automoción segue a ser o motor principal da industria, centrado nunha empresa clave para o tecido produtivo galego. Citroën vertebrará a área económica viguesa, configurada como o territorio máis integrado na economía global. Existen outras actividades industriais importantes no téxtil e no agroalimentario e unha gran cantidade de empresas pequenas e medianas cun certo grao de flexibilidade e adaptación aos mercados internacionais.

Ao igual que en España, o problema principal reside na insuficiencia da industria existente para absorber a man de obra pagando salarios dignos. Neste sentido, o sector servizos configúrase como o gran creador de actividade económica e empregos, iso si, con maiores taxas de temporalidade e salarios variábeis e incertos. As políticas de impulso ao sector turístico van parellas á da economía española e algunhas iniciativas con éxitos evidentes como o Camiño de Santiago están a converter Galiza nun lugar coñecido nos circuitos internacionais irradiando os seus efectos ao conxunto do país. A construción foi, historicamente, unha especie de motor diésel que mantivo a flote á nosa economía e así segue a manterse cunha tendencia á alza consistente coa función motora atribuída polos axentes e dirixentes económicos españois a este sector. Quizais a diferenza fundamental con España sexa a grande importancia dos fondos da PAC para a agricultura española fronte ao abandono que soportou o sector agrario galego.

En Galiza existen tamén grandes diferenzas territoriais en materia de desenvolvemento e creación de emprego, sendo o litoral e a área configurada pola AP-9 do Atlántico as zonas con taxas de crecemento económico e poboacional, mentras as comarcas do interior soportan taxas de envellecemento que as convierten en residencias para anciáns. En xeral, o peso da economía pública materializada no papel da burocracia político-administrativa aumentou de xeito parello ao conxunto de España existindo unhas zonas de predominio da burocracia -a maioría- e algúns lugares -área de Vigo- nos que a actividade privada é o motor principal da súa economía. O conxunto da economía galega, igual que a española, é gobernado, basicamente, polas preferencias da burocracia.

No referente a infraestruturas e equipamentos, as melloras introducidas nos últimos anos mediante o esforzo financeiro dos fondos da Unión Europea e, en menor medida, do Estado aproximaron o nivel das vías terrestres, marítimas e aéreas ás do conxunto de España. O grao de eficacia dos deseños e o modelo de xestión e implementación estivo determinado pola influencia decisiva do goberno autonómico con resultados dispares.

'A automoción segue a ser o motor principal da industria, centrado nunha empresa clave para o tecido produtivo galego'

Galiza comparte con España a insuficiencia do esforzo tecnolóxico pero tamén hai diferenzas como as relativas á capacidade de atracción do capital estranxeiro. Máis, a principal diferenza atópase no eido político, pois mentres en España fíxose realidade, varias veces xa, a alternancia no ámbito goberamental en Galiza esta non foi posíbel. ♦

Lidia Senra elixida para a Comisión de Xénero da organización **Vía Campesina mobilízase** contra a Organización Mundial de Comercio

X.G.
Do 19 ao 24 de xullo celebrouse en todo o mundo a semana da *Loita contra a Organización Mundial do Comercio*. Foi a primeira das accións levadas a cabo pola Vía Campesina despois de realizarse, hai agora un mes, a súa cuarta Conferencia Internacional. Neste evento, Lidia Senra, Secretaria Xeral do SLG, foi elixida membro da Comisión de Xénero da Vía Campesina, en representación de Europa.

Na conferencia, celebrada entre o 14 e o 19 de xuño en Brasil, Vía Campesina definiu as estratexias fronte ao modelo neoliberal que se impón sobre a pequena agricultura labrega e familiar. A axenda de traballo estivo artellada en tres eixos centrais: a soberanía alimentaria, a defensa das sementes como patrimonio labrego e indíxena, e a loita pola reforma agraria. Estas son as armas que engrasaron os centos de delegados asistentes para facerlle fronte a un sistema "que destrúe culturas, pobos e familias labregas no mundo enteiro".

Dende este punto de vista, analizaron a desaparición de millóns de familias labregas en todo o mundo —unha por minuto na Unión Europea dos 25—, á que habería que engadir a represión, os desprazamentos e migracións masivos forzados pola guerra e pola miseria, pola concentración da terra e a destrución do medio ambiente; ou as violacións sistemáticas dos dereitos humanos.

As organizacións que integran a Vía Campesina denunciaron o papel de gardiáns deste modelo neoliberal que exercen o Fondo Monetario Internacional (FMI), o Banco Mundial (BM) e a Organización Mundial do Comercio (OMC), apoiados por institucións como a Organización das Nacións Unidas (ONU) e a súa sucursal para a agricultura e a alimentación: a FAO. Na mesma denuncia entraron os tratados de libre comercio, que se están a multiplicar e que, xunto a outros acordos internacionais, supoñen a destrución dos principios básicos de protección para moitos pobos, que ven conculcados os seus dereitos humanos e sociais básicos en prol

de maximizar os beneficios das empresas transnacionais.

A cuarta Conferencia da Vía Campesina afirmou, pola contra, que "a permanencia da agricultura labrega é fundamental para a eliminación da pobreza, da fame, do desemprego e da marxización. Estamos convencidos de que a agricultura labrega é a peza fundamental da soberanía alimentaria, e a soberanía alimentaria é un proceso imprescindible para a existencia da agricultura labrega. E non haberá autonomía nin agricultura labrega se non mantemos as nosas propias sementes".

Outra das vías de acción da Vía Campesina será a de dar prioridade ao dereito dos labregos a esixir políticas públicas ao servizo dunha agricultura sostíbel.

Esta organización acordou tamén opoñerse aos cultivos transxénicos e criticou o recente informe favorable da FAO a estes organismos manipulados, que foron cualificados como "tecnoloxía da morte".



Conferencia mundial de Vía Campesina, celebrada entre o 14 e o 19 de xuño, na localidade brasileira de Itaipu, en São Paulo.

Os membros de Vía Campesina consideran igualmente que o actual modelo agrícola neoliberal é o causante do aumento das migracións e dos seus efectos destrutivos.

Outro dos compromisos da Conferencia foi a redacción dun-

ha Carta Internacional dos Dereitos Labregos. A declaración final remata dicindo que: "Todos os participantes na cuarta Conferencia de Vía Campesina comprometémonos a seguir loitando polo benestar e a dignidade dos no-

sos pobos. Articularemos todas as loitas e construcións dende o local cara ao global, creando novas formas de alianzas que nos dean maior forza para esixir o respecto e protección dos nosos dereitos e as nosas culturas". ♦

Unha década de loita estendida a todo o planeta

A idea de crear a Vía Campesina naceu en 1992 en Nicaragua, no marco dun congreso realizado pola Unión Nacional da Agricultura deste país. A intención era articular un movemento labrego internacional capaz de facerlle unha oposición real ao sistema económico neoliberal. Daquela, países de Europa, O Caribe e América remataron por comprometerse en Bélxica a construír esa organización, que se constituíu como Vía Cam-

pesina o 16 de maio de 1993.

Á cabeza do movemento estaría durante esa década de vida Rafael Alegría, Secretario de Operacións da Vía Campesina. A primeira acción destacábel do movemento tivo lugar en Marrocos, no transcurso dun encontro no que a Organización Mundial do Comercio pretendía comezar a controlar os mercados agrícolas internacionais. Máis tarde, no marco da segunda Conferencia Internacional da

Vía Campesina, institucionalizouse o 17 de abril como Día Internacional da Loita Labrega en conmemoración dunha masacre sufrida polo Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST) que se saldou co asasinato de 19 labregos.

A última acción de importancia da Vía Campesina aconteceu diante do cumio que a OMC celebrou en Cancún en setembro de 2003, con multitude de manifestacións e protestas a escala mun-

dial e a inmolación do labrego coreano Lee Kyung Hae, que se suicidou para chamar a atención da opinión pública sobre a destrución do mundo rural e das comunidades labregas e indíxenas que está a acontecer en todo o mundo.

Hoxe, a Vía Campesina aglutina perto dun cento de organizacións agrarias de catro continentes que representan a máis de douscentos millóns de labregos. Da Galiza, forma parte deste colectivo o Sindicato Labrego Galego. ♦

Valedor e Parlamento poñen contra as cordas o presidente do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica



Agatha Broeskamp (SLG) presentando ante o Valedor do Pobo as queixas.

XOSÉ GARCÍA
Gabino Vázquez, presidente do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega), semella ter as horas contadas. O Valedor do Pobo e o Parlamento de Galiza veñen de facerlle cadansía chamada de atención. Os críticos acúsano de cometer arbitrariedades e de ter maneiras ditatoriais.

O 10 de novembro de 2003, a vocal do Sindicato Labrego Galego (SLG) no Craega, Agatha Broeskamp, presentaba ante o Valedor do Pobo un nutrido inventario de queixas relacionadas co labor de acoso e obstrución a que estaba sendo sometido

este órgano: negación das actas de plenos e orzamentos, ocultación das memorias de actividades, sesións plenarias convocadas fóra dos prazos legais, ou silencio diante das preguntas feitas. O Craega é unha das poucas institucións de Galiza que carece de regulamento interno, o cal crea un baleiro legal que favorece a toma de decisións unilaterais por parte do seu presidente, imposto sen eleccións nas orixes do consello.

Diante das denuncias do Sindicato Labrego, o Valedor do Pobo, no seu informe anual, resalta no apartado 2.6.2, a negativa de facilitarlle a Agatha Broeskamp

o acceso a documentación que debería ser accesíbel a calquera membro do consello, como as actas dos plenos.

O informe do Valedor do Pobo reconece que "entre as facultades dos membros dos órganos colexiados —como o Craega— están a de obter copias ou certificados das actas de dito órgano". Con este informe, responsábeis do SLG agardan que "o Presidente do Craega, Gabino Vázquez, acepte, dunha vez por todas, que as regras democráticas están para respectalas, e que reconeza que o Consello Regulador está para servir á produción ecolóxica galega con transparen-

cia e con apertura aos seus vocais e membros".

O Parlamento de Galiza vén de recoñecer tamén, coa aprobación dunha proposición non de lei, que o Craega ten un funcionamento anómalo.

Co texto aprobado, a Xunta insta ao Craega a que elabore un Regulamento de Réxime Interno e a que "defina claramente" as funcións dos seus distintos cargos e órganos.

Finalmente, o parlamento esixe que o presidente do Craega "remita con axilidade e facilite toda a documentación que para as súas funcións precise cada un dos compoñentes de dito órgano". ♦

A Comisión parlamentaria inicia a súa fase política O PP afirma que aínda non se coñece o autor intelectual do 11-M

CÉSAR LORENZO GIL
O PP non se dá por satisfeito coa pista islámica no atentado do 11-M en Madrid. O ex ministro do Interior, Ángel Acebes, esixe que se busquen os autores intelectuais do ataque e non descarta que a ETA estea no cumio da pirámide.

“Non se descarta que a ETA, ou unha parte da organización, decidiran un atentado coma este para chegaren á dirección na banda”, así xustificou o ex ministro do Interior, Ángel Acebes, a súa defensa de que a investigación sobre o 11-M non está pechada coa detención de varios activistas islámicos e o suicidio colectivo en Leganés. “Sabemos quen foron os autores materiais pero eu, e millóns de españois, queremos saber quen está por riba e por baixo nesta trama”, engadiu.

O agora secretario xeral adxunto do PP continuou na comisión que investiga no Congreso dos Deputados o 11-M a verea iniciada polo fiscal da Audiencia Nacional, Eduardo Fungairiño, que non descartaba a ETA. Acebes considera inaxeitado queimar o fio etarra polo momento. “As investigacións seguen conducíndonos á estratexia desta organización. Había antecedentes, documentos e incluso varias testemuñas identificaron unha suposta autora que foi detida a pasada semana como colaboradora etarra”, dixo en referencia a Josune Oña, nunha revelación inaudita até agora no Parlamento.

Acebes optou por unha declaración política e non tivo reparos en entrar en contradición co antes alí explicado polos responsábeis policiais e dos servizos secretos. Se altos cargos da policía e da garda civil advertiron de que a pista islámica se deu como única válida a partir do 13 de marzo á mañá, o ex ministro


indicou que até as primeiras declaracións dos detidos non houbo indicios claros que fixesen desequilibrar a balanza a favor da “pista do sur”.

Ademais, Acebes defende que a colaboración entre a ETA e grupos islámicos é ben posible e até deixou caer a posibilidade de que haxa alguén máis implicado na trama. “Aquí hai demasiados puntos escuros que precisan pronto de investigación. Mentiron, manipularon e acabaron tombando un goberno. E iso non poder seguir a ser unha incógnita”. Curiosamente, o ex director do Centro Nacional de Intelixencia, Jorge Dezcállar, defendera o contrario na comisión. “A ETA e Al-Qaeda son auga e aceite. Nunca se mesturarían”, dixera entón o diplomático, especializado en temas árabes.

Outros menten

Acebes, e posteriormente o ex portavoz do goberno, Eduardo Zaplana, insistiron moito en culpabilizar a “alguén” de mentiras e manipulacións entre o 11 e o 13 de marzo. “Todo o mundo esixía do goberno explicacións rápidas e transparentes. Pero ningún lles esixe aos mentireiros que dean a cara”, dixo Zaplana.

O ex ministro do Interior negou tamén que o ex presidente do goberno, José María Aznar, presionase os directores dos principais xornais e considerou unha falsidade a noticia de que Ana Palacio (convocada o mesmo día na comisión, pero cuxas declaracións se fixeron unha vez pechada a edición deste periódico) impuxese nas Nacións Unidas unha condena expresa á ETA na declaración sobre o atentado. Acebes subliñou a presenza de noticias “que se demostraron falsas”, caso do suposto achado de suicidas nos



Ángel Acebes mantívose firme nas súas posicións a pesar das declaracións dos mandos policiais.

trens de Atocha, as reivindicacións en diferentes xornais e televisións estranxeiras e outros detalles que aludían directamente a *Cadena Ser*.

Tanto Zaplana como Acebes teñen claro que houbo unha conspiración de medios de comunicación e forzas políticas para desalojar do poder o PP. “Intentouse vulnerar a xornada de reflexión, estendéronse mentiras sobre supostas actitudes gobernantais en contra da Constitución e mantívose un clima de acoso co único obxectivo de propiciar a derrota de uns e a vitoria doutros”, explicou o agora portavoz parlamentario popular.

Esta tese da gran manipulación é a que segue o PP nos últimos días co fin de imiscir o PSOE nos atentados. Así, o propio Mariano Raxoi, secretario xeral do partido de centro-dereita, pedía que o Parlamento investigase que grao de responsabilidade tiñan nos atentados o actual ministro do Interior, José Antonio Alonso e o propio presidente Zapatero. ♦

Hixiene mental

XOSÉ FERNANDO PÉREZ OIA

Nos nosos, xa afastados, anos mozos estudabamos nunha Escola de Dereito unha definición de Ulpiano, o gran tratadista, que nos dicía, máis ou menos, que a xustiza era a sabedoría do xusto e in-xusto, ademais do coñecemento das cousas divinas e humanas.

O repugnante Fungairiño parece descalificado en ambos os aspectos. A súa finxida ignorancia do asunto da moi levada e traída furgoneta relacionada con ese espantoso crime do pasado marzo revela que despreza os informes e a “notitia” do humano. O aspecto máis fundamental do xusto fica preterido polo lamentábel fiscal cando evita, con formalistas pretextos, o encausamento dun criminal como Pinochet. O fiscal podería lembrar o que dicía aquel xuíz do Reino Unido que ponderaba os baleiros e certa flexibilidade das leis no seu país xa que así podía introducir a Xustiza (con maíuscula) a través das fisuras que existían na lei. O Nazareno dicía tamén algo moi parecido, aínda que non mentado en certos noticieros.

Aínda non comprendemos como é o caso de que ninguén non abandonara a sala de enquisas declarando que prefería asistir a circos máis serios e menos sinistros. Así vai a vida. En canto a este cidadán cada vez que aparece na radio, prensa ou na TV unha declaración de Fungairiño promete precipitarse a cambiar de canle ou emisora ou pasar a páxina a páxina velozmente; evidentemente por hixiene mental. ♦

XOSÉ FERNANDO PÉREZ OIA é economista e ex funcionario das Nacións Unidas en Xenebra.

ROSALÍA CASTRO

Este discurso de ingreso na Real Academia Española de Augusto González Besada intitulado *Rosalía Castro. Notas Biográficas*, de 1916 é ben máis positivo e esclarecedor que a meirande parte da bibliografía posterior sobre a nosa excelsa escritora e precursora do nacionalismo. Contrasta coa estupidez falsificadora, co prexuízo, coa mentira e a deformación analítica de consumo ordinario sobre a súa persoa e a súa obra. É un contraste ou contrapunto face a tanta desfiguración monstruosa. Non deixa de ser paradoxal que, euase 100 anos máis tarde, sexa o discurso dun político galego “a la española”, ao servizo da Corte de Madrid, perante unha institución do aparato cultural do Estado centralista, o que cumpra un labor hixiénico. Parece ar fresco, osíxeno purificador, face a tanta contaminación acugulada durante estes cen anos para destruír o significado real de Rosalía e a súa obra.

Francisco Rodríguez



Augusto G. Besada
Edición de M^a Pilar
García Negro

COLECCIÓN
INÍOIS | OÍOIS | GÍOIS | EÍOIS |
A NOSA TERRA



A. PANARO / Arquivo

Nelly Maes 'O Parlamento Europeo perde un dos seus mellores deputados'

ANA MIRANDA / R.V.A.

É presidenta da Alianza Libre Europea e deputada europea na anterior lexislatura para a formación flamenga de esquerdas Spirit (antiga Volksunie). Estivo en Galicia co gallo do Día da Patria.

Que lle parece a perda do escano de Camilo Nogueira?

Como presidenta do novo partido Alianza Libre Europea (ALE) dende marzo do 2004, que reúne partidos rexionalistas e nacionalistas como o BNG, Partido de Gales, Partido Nacionalista Escocés, Partido Sardo de Acción, Unión Transilvania, Unión Frisia, Unión do Pobo

Moravo e vinte organizacións máis, foi para min unha honra poder asistir o 24 e 25 de xullo aos actos organizados polo Bloque en Santiago. En especial, como presidenta da ALE, quería vir para transmitirille toda a miña solidariedade a Camilo Nogueira, ese gran colega humana e politicamente, e ao BNG polo acontecer en todo o maquiavélico pro-

ceso da perda do escano. O noso grupo no Parlamento Europeo, Verdes-ALE, denunciou que o sucedido é semellante ao acontecido con Bush en Florida. O PP non ten escrúpulos, usa calquera método antidemocrático para conseguir o que quere. Notei moitas diferenzas entre a vida política belga e a española, onde aínda parecen existir anacos do

réxime pasado. Ademais, quixen vir a Galicia para convidar a Camilo Nogueira a que sexa comigo e con Neil MacCormick (ex-eurodeputado do Partido Nacionalista Escocés) un dos impulsores que poña as bases deste novo partido político europeo que vai ter un ámbito de proxección semellante ao PPE e o PSE.

Pensa que van ser defendidos do mesmo xeito os intereses de Galicia?

Sentín moita mágoa, como todo o grupo dos Verdes-ALE, estivemos moi pendentes da situación e estamos aínda hoxe agardando pola decisión do Tribunal Constitucional. Non só os galegos e o BNG perderon un defensor dos seus intereses, senón que o Parlamento Europeo perdeu a un dos seus mellores eurodeputados. Teño que dicir que estabamos marabillados da súa capacidade política e tenacidade, pasando da abstracción e a teoría á práctica nas numerosas iniciativas e traballo conxunto que fixemos. Non só tratando os problemas reais de Galicia e actuando como o seu embaixador, na súa lingua, senón en cuestións transcendentais que atinxen á humanidade. Coido que Galicia fica orfa sen un deputado tan carismático na Eurocámara. Se finalmente se consuma a desaparición do escano, abrinlle as portas para que o BNG siga defendendo as súas demandas no Parlamento Europeo.

Que opinión ten sobre a futura Constitución?

A futura Constitución Europea ten un punto forte: supera o déficit democrático que tantas organizacións progresistas criticamos que carecía a UE. Mais ten moitas debilidades. Empezando por como foi redactada, con pouca participación democrática. Tamén, polo escaso recoñecemento das realidades nacionais. Aínda que as menciona, non lles outorga unha soberanía equivalente á dos estados. A abstención producida nas pasadas eleccións europeas é consecuencia de que a UE non ilusiona. Hai que ser conscientes que nos Estados os mesmos interesados en que non ilusione para manter o seu poder. Os pobos e nacións non debemos deixarnos ir por esa mentalidade estatista e antieuropea que impoñen propiciada polos medios de comunicación.

Por que, por exemplo, hai tanta información sobre o que acontece nos EE UU e tan pouca sobre a UE?

Porque non interesa dar a coñecer a democracia real existente no Parlamento Europeo. Coido que este proxecto de tratado constitucional ten que ser sometido a referendo e aberto a un

maior consenso coa cidadanía europea.

Que opina do nomeamento de Durão Barroso?

Durão Barroso asistiu a mediados de xuño a unha audiencia co noso grupo Verdes-ALE. Vimos que é un político áxil, que curiosamente coñece ben a esquerda porque paradoxalmente foi maoísta na súa mocidade. Comparado con Aznar fala ben varios idiomas. O noso grupo votou en contra da súa candidatura porque fronte a súa axilidade verbal, están as súas ideas, que non coinciden coas nosas. Defende unha Europa política que conte esencialmente cos estados. Incide especialmente no papel da defensa e ten unha visión neoliberal da economía totalmente oposta á nosa. Vai ter moito que demostrar e dende logo o noso grupo vai fiscalizar con rigor o seu traballo e esixirle unha Europa política baseada na paz e respecto dos dereitos humanos e dos dereitos dos pobos.

'A abstención das pasadas eleccións europeas é consecuencia de que a UE non ilusiona. Son os propios Estados os interesados en que non ilusione para manter o seu poder.'

Cales van ser as prioridades de ALE para esta lexislatura?

En primeiro lugar, defensa da diversidade e recoñecemento das realidades pluri-nacionais europeas a todos os niveis. Tamén a defensa e protección das culturas propias e das linguas. En terceiro lugar a participación das entidades con competencias lexislativas como Galicia ou Flandres nos procesos de decisión comunitaria. A solidariedade cos pobos menos favorecidos e a defensa sen límite das liberdades e dereitos humanos, son tamén prioritarios para nós.

Que pensa da ampliación?

A ampliación é un acontecemento dunha envergadura territorial, social e económica que vai ser moi importante historicamente, porque une pobos, culturas e cidadáns que estaban separados até agora. Criticamos que estes países son proamericanos. Esta pode ser a ocasión para rachar a tradicional admiración e dependencia cos Estados Unidos. A UE está viva pola xente, están a suprimirse fronteiras físicas, económicas e de pensamento. Abrense oportunidades novas para a presenza política das nacións. Hai que desterrar moitos mitos que atribúen á UE moitas culpabilidades das que en gran parte teñen a culpa os Estados. Os nacionalistas temos que estar presentes nesta nova Europa ampliada e seducir a organizacións políticas e sociais con realidades semellantes ás nosas. Un exemplo foi a integración na ALE dunha eurodeputada letona. Temos que dar a batalla e non sucumbir á ideoloxía dos que queren que desaparezcamos, como no caso do escano arrebatado ao BNG. ♦



Embarcación pesqueira tradicional en Manta. A dereita, un pescador retira os túnidos da auga.

A base de Manta, centro do poder do Pentágono no Pacífico sur A armada dos EE UU controla o mar do Ecuador para asegurar os bancos de atún

GUILLERMO SANTOS/ QUITO
Amáis de servir de base na loita contra a guerrilla colombiana e facilitar o control do tráfico de armas na Amazonía, a base de Manta é a punta de lanza no control pesqueiro do Pacífico sur, rico no apreciado atún albacora branco.

"Tengo una historia que contar, es de piratas en mi mar". Así soba unha canción de Silvio Rodríguez aló na década do 1960. Coma un eco resoa agora nas augas turquesas do Ecuador. Porque por un malfadado acordo de cooperación en actividades en actividades aéreas antinarcóticos. O Ecuador cedoulles aos EE UU a base aeronaval de Manta, no 1999. Non foi o único que cedeu: tamén o obrigaron a aceptar a "pax americana" co seu veciño Perú e cederlle o Cordal do Cóndor e outras posesións.

A presenza estadounidense nesta base, ademais de compro-

meter ao Ecuador no conflito colombiano, pon en severo risco a vida, a paz e o traballo dos ecuatorianos. Todos os actores que interveñen neste conflito violan os dereitos humanos, estima Juan de Dios Parra, secretario xeral da Asociación Latinoamericana para os Dereitos Humanos.

Na base de Manta opera, conxuntamente cos militares da US Navy, a empresa Dyn Corp. Esta sociedade privada de mercenarios mantén contratos co goberno norteamericano desde a guerra de Corea. Por máis de 50 anos, a Dyn recibiu diñeiro para servizos militares. Actualmente, os seus negocios co Pentágono superan os 1.800 millóns de dólares ao ano. Máis de 23.000 "especialistas" están na súa nómina, procedentes do Vietnam, Iugoslavia e o golfo Pérsico. A Dyn Corp fíxose famosa na década do 1980 por ser a propietaria da East, a empresa que utilizou o coronel Oliver

North para financiar as armas dos contras nicaraguanos co tráfico de cocaína.

E os negocios de drogas da compañía non se refiren só ao pasado remoto. En maio do 2000 secuestraron no aeroporto bogotano de El Dorado un embarque de heroína para os EE UU, supostamente remitido por Dyn, que aínda se investiga, pese ás ameazas dos paramilitares, nunha fiscalía colombiana.

O Pacífico en lapas

Nestes intres nos que o único poder forte no Ecuador é o da embaixada norteamericana, na persoa de Anne Kenney –"casualmente" esposa do embaixador en Chile–, o país contempla como os EE UU converten o Pacífico sur nunha especie de *mare nostrum* estadounidense e a base de Manta na sede virtual do Comando Sur desprazado do Panamá. O xeneral Hill xa declarou

que os seus planos para o Ecuador son os mesmos que para Colombia e que "controlarán" o tráfico marítimo na zona. Segundo Parra, oitenta fragatas norteamericanas visitaron Manta nos últimos dous anos e acabaron afundidos 25 pesqueiros. Por que se acometen estes ataques. Para evitar o tráfico de persoas?, de drogas?

A resposta dánola un patrón de lancha que prefire ficar no anonimato. "Des que afundiron o *Jorge VI* fíxose evidente que os *gringos* viñan polo atún, a evitar que o pescásemos nos outros", dixo. Este pescador confirma que non é rendíbel traficar droga con estas precarias embarcacións e considera que o realmente importante para a flota estadounidense é controlar o apreciado atún albacora branco, unha das partes do acordo comercial do Alca para cando se desprace ao sur a flota pesqueira californiana. ♦

Ladróns do Sáhara

G. LUCA

O número de compromisos do Estado coa descolonización do Sáhara, dende decembro de 1966, só se pode comparar co número de veces que se faltou á palabra dada. Aínda así non deixa de sorprendere que o último voluntario que corra a roubarlle os paus ás tendas dos saharauís refuxiados no terríbel tambor do sol de Tinduf, fins do deserto alxeriano, sexa José Luis Rodríguez Zapatero.

Para renunciar ao prometido referendo de autodeterminación dos saharauís, Zapatero argumenta que a tal consulta, ben que organizada pola ONU, podería descarrilar a política do Magreb. Palabras que se pronuncian á sombra dunha bandeira que presidiu durante moitos anos o dominio colonial sobre o Sáhara, e que en nada aluden ao longo secuestro e militarización do país, con danos enormes para a poboación e os medios de vida. Despois de todo, a prevista intervención do Comité de Descolonización, que xa leva case corenta anos de espera, era unha reparación.

O equilibrio que Zapatero di respectar é de forza, non de dereito. O primeiro obxectivo político da coroa de Marrocos é estorbar o referendo e para iso conta co Francia, o seu parceiro e valedor na UE, socio primeiro de España e presión real sobre a política de Alxer que é, pese a todo, quen máis consecuentemente defende o pobo saharauí. Non o queren os EE UU que enreda (con James Baker, Boutros Gali, Javier Pérez de Cuéllar, Kofi Annan) para que Alxer non conte cunha saída ao Atlántico.

Coa carta da ONU na man, España é aínda responsable da integridade territorial da nación saharauí e está obrigada a asegurarlles aos seus habitantes todos os dereitos da nacionalidade española en tanto non se resolva o proceso de autodeterminación. En que resolución das Nacións Unidas proscribiron estas obrigas? Traidores e ladróns chamaran os do partido de Zapatero aos promotores dos Acordos de Madrid (novembro de 1975) polos que se lles vendía a ex-colonia a varios grupos de presión representados por Hassan II. Aquel si que foi atraco (roubar un país enteiro) e non as rasmiñadas de Luis Roldán ou Mariano Rubio, pouco menos que rapapetos. Pois a verdade é que este golpe non é menor. ♦

NOVIDADE



Urbano Lugrís

de Antón Patiño

A biografía do pintor do mar

Colección
ESENCIAS - A NOSA TERRA

O Día Mundial contra o refresco
celebrase con críticas á súa política laboral e ecolóxica

Coca Cola, algo máis ca unha bebida

XOSÉ GARCÍA

A Coca Cola é algo máis que un simple refresco. Tras a imaxe desta marca que xera uns beneficios anuais de 4.000 millóns de euros, agáchase, segundo os seus críticos, unha realidade de represión sindical, emprego de man de obra infantil, discriminación racial ou emprego de produtos químicos de alta toxicidade. Isto é, cando menos, o que denunciaron diversas organizacións en todo o mundo o pasado 22 de xullo, Día Internacional contra a Coca Cola.

A decisión de crear esta xornada tivo a súa orixe no último Foro Social de Porto Alegre nun intento de facer chegar á opinión pública feitos que, en moitas ocasións, o meirande dos medios informativos non se atreven a desvelar, segundo os promotores desta campaña.

Nunha das denuncias sinálase a violencia exercida contra os dirixentes e afiliados de Sinaltrainal (Sindicato Nacional de Traballadores da Industria de Alimentos de Colombia). Esta organización xa denunciara o 20 de xullo de 2001, ante o tribunal do distrito do sur de Florida, as prácticas criminais da embotelladora colombiana da marca estadounidense.

Coca Cola Company, Coca Cola de Colombia, a súa filial Panamco SA e Bebidas e Alimentos Uraba serían responsables, por acción ou omisión, dunha política de esmagamento dos movementos sociais e sindicais deste país latinoamericano. Fálase do asasinato de nove traballadores, o exilio de dous, o desprazamento forzado de 48, ameazas de morte contra 67, ou o encarceramento por falsas acusacións de máis de quince obreiros grazas ás supostas calumnias dos funcionarios da multinacional. Os executores deste tipo de prácticas serían grupos paramilitares que actúan en complicidade coas forzas armadas e os corpos de seguridade do Estado.

A relación da coñecida marca con este tipo de prácticas viría do interese por aplicar unha política laboral moi dura, caracterizada polo descoñecemento total dos convenios colectivos por parte dos traballadores ou polo feito de que un 86% da man de obra sexa subcontratada e perciba salarios extremadamente baixos.

Esta política non só se estaría a impoñer en Colombia. Noutros países como Panamá, en outubro de 2002, oito sindicalistas foron despedidos, incumprindo o contrato, da envasadora local de Coca Cola por reclamar mellores condicións de traballo.

Boa parte do concentrado de zume de laranxa elaborado por Coca Cola para produtos como Cappy ou Minute Maid procede do Brasil. Alí, os traballadores das plantacións cobran menos de doce euros diarios de soldo. Isto fai que un tercio teñan uns ingresos por debaixo do mínimo


necesario para alimentar a unha familia, o que obriga a moitos nenos a traballar para contribuír aos ingresos familiares.

A Central Izalco, embotelladora salvadoreña de Coca Cola, merca o azucre para os seus produtos a catro plantacións que empregan habitualmente man de obra infantil. Un terzo dos traballadores salvadoreños da colleita de caña son menores de 18 anos, moitos dos cales comezaron a traballar nas plantacións cando tiñan entre 8 e 13 anos. A Organización Internacional do Traballo estima que, polo menos, 5.000 menores –cifra que podería ascender a 30.000– fan este tipo de tarefa en El Salvador.

Condenada por racismo nos EE UU

O 8 de agosto de 2001, Coca Cola foi condenada a pagar 192,5 millóns de dólares nos Estados Unidos pola discriminación racial exercida contra os seus traballadores afroamericanos.

Segundo a emisora británica BBC, Coca Cola contaminou, no ano 2003, grandes superficies agrícolas no sudoeste indio con produtos químicos altamente tóxicos e, en parte, cancerxenos, coma chumbo e cadmio. A isto acompañou o esaxerado



PACO VILABARROS

consumo de auga da multinacional naquela zona, o que provocou unha seca con consecuencias graves para a agricultura local. Nas protestas foron detidas 300 persoas.

Coca Cola tivo en 2002 un volume de vendas de 19.600 millóns de euros, das que lle quedaron limpos uns beneficios de 4.000 millóns de euros. Con sede en Atlanta (Georgia, Esta-

dos Unidos), dá emprego a 600.000 traballadores e é propietaria, entre outras marcas, de Aquarius, Bonaqua, Cappy Fanta, Kinley, Minute Maid, Nestea, Powerade ou Sprite. ♦

Os dez usos máis habituais de deterxente Capaz de disolver un cravo en catro días

Unha das facetas de Coca Cola é que serve para limpar aquilo que moitos deterxentes non conseguen. Segundo o portal dixital Solidariedade.net, isto débese a que un dos ingredientes activos da Coca Cola é o ácido fosfórico, que cun PH do 2,8 é quen de disolver un cravo en catro días. Vexamos algunhas das curiosas utilidades do refresco máis famoso do mundo:

—Nos Estados Unidos, moitas unidades da Patrulla dos Camións levan canda si garrafas de Coca Cola para limpar os restos de sangue que fican no asfalto tras un accidente.

—Se vostede cubre un anaco de carne con Coca Co-

la, desaparecerá en dous días.

—Para limpar un inodoro: baleira unha lata de Coca Cola dentro da cubeta do váter, déixea unha hora en reposo, e despois tire da cadea. A Coca Cola quitará o meirande das manchas.

—Para quitar as manchas do óxido de cromo dos gardalamas dos automóviles, fregue o cromado cun anaco engurrado de papel de aluminio de coñiña mollado en Coca Cola.

—Para limpar a corrosión nos terminais da batería do seu coche, bote unha lata de Coca Cola sobre eles e as burbullas levaranse a corrosión

—Para afrouxar un pa-

rafuso enferruxado, aplíquello Coca Cola cun trapo durante varios minutos, ou mergulle o parafuso nunha lata de Coca Cola.

—Para as manchas de graxa na roupa, coloque as prendas lixadas na lavadora e deterxente e lave cun ciclo completo. As manchas de graxa desaparecerán. Como efecto secundario, cómpre advertir que Coca Cola pode chegar a destinxir algunhas prendas.

—Coca Cola tamén é un excelente limpador para os parabrisas dos automóviles. Basta limpar cun trapo mollado no refresco.

—Os distribuidores de

Coca Cola levan usando o seu propio produto dende hai máis de dúas décadas para limpar os motores dos seus camións.

En canto á Coca Cola como bebida, Solidariedade.net advirte de certos efectos secundarios que, normalmente, a xente descoñece. O ácido fosfórico deste refresco é moi prexudicial para o calcio dos ósos e contribúe ao aumento da osteoporose. Un dato a ter en conta é que en moitos países, segundo informa o portal dixital, os camións que transportan o concentrado de Coca Cola deben portar a tarxeta de Material Perigoso, reservada para substancias corrosivas. ♦

REMO

Astillero mantén a súa hexemonía e Tirán segue en crise
Cabo de Cruz consegue o seu primeiro triunfo na liga ACT

CÉSAR LORENZO GIL
 A embarcación do Cabo de Cruz de Boiro é a agradábel sorpresa galega na liga ACT de traíñas. O seu triunfo en Hondarribia converteo en alternativa ao tándem de líderes: Astillero e Urdaibai.

Após seis bandeiras da liga da Asociación de Clubs de Traíñas (ACT) 2004, Astillero volve comandar a clasificación, quizais con máis apuros dos previstos. Os cántabros empezaron bastante mal a competición e foron amplamente superados polos biscaíños do Urdaibai de Bermeo. Mais arestora, o barco *San José XII* volveu á cabeza da táboa, se-

guido dos vascos a un só punto. Fóra da disputa entre estes dous equipos –claramente favoritos para acabar vencendo– está o Cabo de Cruz de Boiro. A embarcación galega afianzouse na terceira praza logo de vencer na bandeira de Hondarribia do pasado 24 de xullo.

O adestrador dos galegos, Benigno Silva, salientou as limitacións do seu equipo para dar a batalla final, que se convierten en vantaxes regata a regata. “Sabemos que somos un equipo pequeno sen demasiada potencia”, explica o técnico. “Levamos oito anos traballando co mesmo bloque, composto por xente da casa, cun único obxectivo: gañar unha bandeira. E finalmente lográmolos”.

A estratexia do Cabo de Cruz non só se rendibilizou co orgullo de ter gañado unha regata senón que impulsa os seus remeiros a pelexaren até o derradeiro folgo en cada tanda. “Mudamos a maneira de enfocar as regatas. Agora imos a por todas desde o principio. Arriscamos moitísimo e sabemos que iso nos prexudica ás veces. Pero sen ese dezevo, de seguro que non teriamos gañado en Hondarribia”.

O domingo, 25, na bandeira de Lekeitio, o vencedor foi o Astillero. Os mellores galegos foron os Mecos do Grove, que aca-



As traíñas vascas non brillaron no traslado da liga a Euskadi. Na imaxe, detalle da tripulación do Orío. PACO VILABARROS

baron terceiros. Con esta vitoria, os cántabros demostraron gran capacidade de reacción e un bo momento de forma, logo da súa segunda praza o día anterior en Hondarribia. ♦

O repartidor de butano

MANUEL PAMPÍN

A principios dos 70 era a miña debilidade; subía os portos coa mesma facilidade coa que nós entramos na casa; José Manuel Fuente, “Tarangu”, tiña unhas facultades portentosas para a escalada; dicía que grazas á potencia que conseguiu nas pernas logo de estar varios anos repartindo bombonas de butano na súa Asturias natal. Pero tamén foi o inventor da famosa “pájara”.

Lance Armstrong nunca repartiu butano, pero a súa vida está chea de sufrimento e dor; abandonado polo pai e anos despois polo padrastro, que lle pegaba, el e súa nai tiveron que facer de todo para sobrevivir; aí forxouse nel o espírito indómito e competitivo; por se fose pouco, cando xa era profesional, tivo que superar un cancro.

Lance podería presumir daquela máxima de Ortega “eu son eu e as miñas circunstancias”; agora, cando acaba de gañar o mítico *Tour* por sexta vez consecutiva, xorden os rumores de dopaxe, as críticas á súa complexa personalidade... pero é inxusto non recoñecer que é un superdotado; un deses campións que xorden cada 10, 15 ou 20 anos e arrastran con eles admiración e odio a partes iguais.

Todos os grandes mitos teñen algo de incomprensibles; este ianqui non ía ser a excepción; que só se centra no *Tour*?; que non tiña rivais de nivel?; dá igual. Vencer media ducia de veces seguidas na proba máis importante do ciclismo mundial non é casualidade; só está ao alcance de alguén cunhas calidades excepcionais en forza e talento.

E creo absurdo o debate de se era mellor Indurain, Mercks, Anquetil, Hinault... non se poden comparar épocas tan diferentes, con cambios tan brutais no ciclismo (desde a alimentación até as bicicletas); son discutíbeis os estilos, as características persoais, pero non o seu dominio, a superioridade sobre o resto.

Nun deporte tan auténtico coma o ciclismo, baseado no sacrificio físico e mental, é perverso caer na crítica gratuita; na descalificación simplista; páreceme que Armstrong non as merece.

Limitémonos a desfrutar del, do seu pedaleo, do seu poderío; como soe pasar, será a historia a que lle faga xustiza.

Estimado Lance, só che atopo un “pero”: que sexas amigo de Bush. ♦

| Clasificación xeral | |
|------------------------------|--------|
| (Apos seis probas) | |
| Equipos | Puntos |
| 1 Astillero | 66 |
| 2 Urdaibai (Bermeo) | 65 |
| 3 Cabo de Cruz (Boiro) | 54 |
| 4 Castro | 50 |
| 5 Hondarribia | 49 |
| 6 Mecos (O Grove) | 44 |
| 7 Orío | 44 |
| 8 Trintxerpe (Pasaia) | 22 |
| 9 Pasaí Donibane (Pasaia) 21 | |
| 10 Isuntza (Lekeitio) | 20 |
| 11 Pedreña | 18 |
| 12 Tirán | 14 |

COPA AMÉRICA

Os equipos europeos pescan entre os novos talentos
O ‘Brasil B’ a punto para o despece tras a vitoria

C. L.
 O triunfo brasileiro na Copa América 2004 consolidou un xeito de xogo que vai de vitoria en vitoria desde hai anos e que se basea na eficacia e na capacidade de reacción. Agora, a elite futbolística quere aproveitarse destas vantaxes para os seus equipos.

Non se parou o Campionato Brasileiro para atender mellor ao torneo peruano. Iso significou certa apatía da *torcida*, pouco e pouco vencida a medida que o equipo avanzaba na competición. Após o 4-0 diante de México, a afección brasileira recuperou a ilusión e as cotas de audiencia medraron na semifinal diante do Uruguai e fronte á Arxentina na emocionante final.

Os rapaces de Carlos Alberto Parreira demostraron unha enorme capacidade para facer eficaz o seu fútbol e, sen faceren un xogo brillante, foron superiores a todos os seus rivais, agás a Arxentina, ben

plantada pero sen sorte, tanto no rexeitamento da última ocasión da final como na execución dos penaltis. O duelo contra os mexicanos xa tan rapidamente privou de que se puidese comprobar se o bo xogo da “tricolor” na primeira fase fora só

un espellismo ou respondía a un recambio xeracional de importancia. Agora, rematado o campionato, son moitos os olleiros europeos que pasan informes sobre as estrelas da Copa América do Perú. Principalmente nas ligas

menores (Rusia, Holanda, Alemaña e Francia) prevese que haxa movementos de importancia. Ao tempo, equipos brasileiros e arxentinos ollan estrelas de países menores para incluílos nos seus planteis en breve. ♦

Os cromos dos campións

A *canarinha* demostrou que, a pesar de non contar con algunhas das súas figuras, ten capacidade para acometer vindeiras eliminatorias de cara ao Mundial de Alemaña 2006. Velaquí os máis destacados.

Júlio César. Decisivo nos penaltis ante o Uruguai e a Arxentina. O gardamallas do Santos merece, no futuro, ser o segundo do equipo, por detrás de Dida.

Juan. Foi o máis destacado entre os zagueiros. Ademais da boa técnica, foi decisivo

no corte. O do Bayer Leverkusen vai ser decisivo nos próximos meses.

Renato. A nova fichaxe do Sevilla foi dos mellores como mediocampista defensivo. Pareira xa anunciou que contará con el no futuro.

Kléberson. O do Manchester United é o único xogador que participou no triunfo no Mundial 2002, comezou mal no torneo, mais foi mellorando e acabou sendo o mellor.

Júlio Baptista. Lesionado, xogou pouco no torneo. Mesmo

así, o seu estilo de xogo e o seu liderado no Sevilla vanlle abrir as portas para as eliminatorias de Alemaña.

Alex. O creador do Cruzeiro foi decisivo em moitos partidos, com passes perfectos que terminaron en goles. É un *craque* e o seleccionador confía nel.

Adriano. Máximo goleador e xogador máis decisivo do torneo. O próximo ano debería ser o seu, no Inter de Milán. A avultada presenza de bos xogadores no ataque impídelle ser fixo para o futuro. ♦




Adeus a Carlos Paredes

O mestre da guitarra portuguesa Carlos Paredes morreu o pasado 23 de xullo en Lisboa. Fillo e neto dos guitarristas Artur e Gonçalo Paredes, Carlos Paredes comezou a tocar con apenas catro anos. O seu primeiro disco, gravado en 1957 co título Carlos Paredes, foi o inicio dunha ampla carreira musical que ademais lle fixo acenos ao cine portugués. A súa música serviu de banda sonora para filmes como *Metais Preciosos* de Cândido da Costa Pinto ou *Verdes anos*, de Paulo Rocha. ♦



Tabucchi, primeiro en galego

A editorial Galaxia publicará en galego a nova novela do escritor italiano Antonio Tabucchi, que levará por título *Tristano morre*. A obra publicárase no noso idioma no mes de agosto, antes de que saia á rúa a versión en castelán. Nesta ocasión, o que fora autor do libro *Afirma Pereira*, tamén pasado ao galego pola mesma editorial, será traducido por Leandro García Bugarín. Nesta nova novela, o escritor reflexiona sobre o sentido do tempo e da vida, sobre o século XX e a humanidade. ♦



Acisclo Manzano premio Celanova

A Fundación Curros Enríquez vén de conceder o premio *Celanova*, *Casa dos Poetas* ao escultor ourensán Acisclo Manzano, por considerar "que forma parte da historia da escultura galega". Dende a fundación destacou do artista "ter encetado os vieiros da innovación plástica", subliñando así mesmo o tándem que conforma con Xaime Quessada. Parellamente quedou constituído o grupo que coordinará o I Congreso sobre Celso Emilio, do que forman parte Méndez Ferrín e Marcos Valcárcel. ♦



Novo poemario de Fernán Vello

Territorio da desaparición é o título do novo poemario de Miguel Anxo Fernán Vello, un libro no que reivindica a poesía fronte a política. A obra vén de ser editada por Galaxia, dentro da colección *Dombate*, a mesma serie na que no mes de setembro publicará *Foulas* de Manuel Antonio. O oitavo poemario do autor da xeración dos oitenta reúne trinta poemas "impregnados de xornalismo, unha crónica emotiva e sensorial da realidade do país e cun latexo universal", segundo o autor. ♦

Noticia de

Lolita

ultura

Nº 1.139
Do 28 de xullo ao 2 de setembro
AN
ALVISA
TIERRA
Ano XXVII

Xulio Fernández, creador dos Estudos Filmax, ben merece unha homenaxe. Foi a Semana de Cinema de Betanzos a encargada de axuntar o produtor con algunhas das súas estrelas, caso do galego Sancho Gracia ou a actriz Elsa Pataki. De celebración cinematográfica tamén está a produtora Vaca Films, que presentou a súa nova longametraxe, *Residencial Caribe*, unha coprodu-

ción con Cuba que xa confirmou a presenza de *Milladoiro* e Pablo Milanés na súa banda sonora. E de Cuba chegan tamén boas noticias para a arqueoloxía literaria. O investigador Xosé Lois García achou un manuscrito do poeta Domingo Campio Devesa Naveiro (xa entregado ao Instituto Cubano de Literatura e Lingüística) e que verá a luz, acompañado dun estudo do seu descubridor, en Edicións do Castro. ♦

Do Irán a Compostela, un mes de exposicións

Agosto concentra algunhas das mostras máis importantes do ano

SILVIA ROZAS GARCÍA

Dende as peregrinacións marítimas á escaseza de auga. Dende a Galiza que retratou o etnógrafo Xocas até a afastada arte iraní. Dende as imaxes surrealistas de Max Ernst á arquitectura rexionalista de Manuel Gómez Román, pasando polo realista retrato de bicos, o visitante poderá disfrutar este verán dunha oferta cultural de calidade.

O pasado de Irán, unha das culturas máis abertas e refinadas da antigüidade, achégase á xente a través das cento oitenta obras de arte de incalculábel valor arqueolóxico e histórico presentes en *7.000 anos de arte persa*. Esta exposición é a primeira, e a maior destas características, organizada no estranxeiro tralo triunfo da Revolución Islámica en Irán, e está organizada polo Kunsthistorisches Museum de Viena en colaboración co Ministerio de Cultura iraní, o Museo Nacional de Irán e a Fundación 'La Caixa'. A mostra está en Santiago, no museo do convento de San Martiño Pinario, até o 5 de setembro.

Seguindo na liña histórica, referida agora ás peregrinacións, atópase no Museo do Mar de Vigo, *Ate o confín do mundo: diálogos entre Santiago e o mar*. Cento corenta obras ilustran a primeira exposición que fai referencia ás peregrinacións marítimas a Santiago e a súa influencia na evolución da historia de Galiza, no tocante ás relacións artísticas e culturais con outras culturas. A chegada do sepulcro de Santiago a Iria Flavia, o nacemento das primeiras tradicións cristiánas e a integración do culto a Santiago en América durante os séculos XV-XVI constitúen a temática dunha homenaxe ao mar inserida dentro da oferta cultural do Xacobeo que permanece até o 30 de setembro.

Quen guste da poética do Surrealismo disfrutará coa exposición *Max ernst e os seus amigos surrealistas* da Fundación Barrié de la Maza que estará na Coruña até o 12 de setembro. A mostra inclúe noventa obras e presenta como núcleo central o traballo de Max Ernst, figura indispensable na xénese e desenvolvemento do movemento surrealista europeo dende a publicación do *Manifesto Surrealista* en 1924 até finais dos anos sesenta.

A solidariedade ten lugar tamén no verán, pois o Museo Nacional da Prensa portugués levará a quinta edición da exposición internacional *Auga con humor* ao Auditorio de Galiza. Para a realización desta mostra mobilizáronse pintores de todo o mundo co fin de tratar o problema da escaseza de auga no mundo, concienciando á xente para que pense nos hábitos, carenzas e insensibilidades humanas. Arredor de dous-




A mostra *Até o confín do mundo: diálogos entre Santiago e o mar*, foi inaugura no Museo do Mar en Vigo.

PACO VILABARROS

centos traballos estarán presentes en Santiago de Compostela dende o 2 de agosto até o 5 de setembro nunha exposición onde se verán representados países tan diferentes como Albania, Colombia, China, Cuba, Irán ou Perú, entre outros.

Os afeccionados á fotografía non deben esquecer visitar, até o 4 de agosto, o Casino do Atlántico en A Coruña. *Queréndose*, do veterano xornalista gráfico Xosé Castro, é unha exposición composta por bicos. As imaxes alí recollidas segundo Castro "recollen o momento inmediatamente anterior ao bico e reflicten a tenrura do abrazo de despois". Por outro lado o Arquivo do Reino de Galiza en colaboración co Museo Etnolóxico de Ribadavia, fai unha mostra de fotografías de Xaquín Lorenzo onde o discurso expositivo alude os temas fundamentais da obra de Xocas, centrada no estudo da cultura material da Galiza tradicional. ♦



Obra de Muhit presente na mostra *Auga con humor* do Auditorio de Galiza.

Paseo arquitectónico con Manuel Gómez Román

LARA R. LORENZO

Na exposición da obra do vigués Manuel Gómez Román pódense contemplar os bosquejos do arquitecto e fotografías dos seus edificios. A mostra acolle tanto obras da súa colección particular coma proxectos regalados a Fernando Fernández del Riego, e doados por este á Biblioteca Penzol, da que o propio Gómez Román foi vicepresidente.

Nunha primeira estancia recóllense fotografías dos edificios máis representativos do modernismo en Vigo: o Edificio Siméon, na Porta do Sol, o edificio Mülder ou o Banco de Vigo. Os seus apuntamentos e bosquejos amosan a influencia de Wilhelm Kreis e do deseño industrial. Entre eles figura un

plano para a casa da Matanza, en Padrón. A exposición recolle tamén as súas fantasías reflectidas en tinta e acuarela sobre cartolina: "A cidade imaxinaria" é unha mostra dos debuxos de Gómez Román sobre posibles prazas, rúas e edificios. Tamén fixo proxectos para reformar espazos composteláns coma o fogar do doutor Bescansa ou a Rúa Nova.

A exposición continúa con mostras, en cartolina e papel cebolla, a tinta e lapis, dos diferentes proxectos do arquitecto e debuxante: vivendas e pazos, en arquitectura residencial, mesmo unha casa para el; en arquitectura relixiosa, diversos bosquejos para cruzeiros e santuarios; na institucional, o estudo dun pazo

para a RAG, da que foi membro numerario, para o SEG, onde tamén participaba no Departamento de Ciencias Aplicadas, ou unha Escola de Arquitectura e Belas Artes en Compostela; e tamén unha mostra do proxecto de reforma da factoría Massó, en Cangas, na sala de arquitectura industrial. É parte da obra dun arquitecto e debuxante que foi tamén secretario do Partido Galeguista e defensor da arquitectura coma alicerce do desenvolvemento económico de Galiza. No seu discurso de entrada na RAG xa afirmaba: "Disposmos de medios baseados no amor ao traballo, que aquí, en troques de se considerar unha condenación, é unha condición natural da nosa vida."

Manuel Gómez Román viviu dende a infancia vencellado á construción e á canteiría. Á influencia do modernismo, o *art nouveau* e o *Jugendstil* alemán sumóuselle a vontade de integrar forma arquitectónica e paisaxe, esteticismo e respecto á tradición. O "ensoñador de novas Compostelas", en verbas de Otero Pedrayo, iniciou unha etapa rexionalista inspirada polo barroco compostelán a partir de 1917, de cara a unha recuperación da identidade arquitectónica de Galiza.

A mostra, na Casa das Artes de Vigo, está organizada polo Concello de Vigo e polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galiza, e pódese ver ata o 29 de agosto. ♦

MARTA DACOSTA

Cando inicié a lectura do *Ensaio sobre a Lucidez* xa sabía que estaba ante unha reflexión sobre o estado das democracias, sobre o papel que xoga a cidadanía e cal pode ser a reacción da clase política ante un feito desacostumado como é o triunfo do voto en branco. Un triunfo que desde a realidade literaria nos achega a outro fenómeno: o da abstención maioritaria.

Mais non é isto o que máis me arrepiou. Leo o libro en xullo e conforme vai evolucionando a narración volvo atrás, vou á contracapa e consulto a data exacta da súa publicación: marzo. Aínda así volvo preguntarme se o autor na última corrección terá botado man dos acontecementos máis inmediatos, e esa frase: a realidade supera a ficción, ecoa unha e outra vez na miña cabeza. A intuición, a reflexión sobre a realidade fai que a materia literaria se adiante aos acontecementos reais.

O libro medra nas mans, ocupa cada vez un lugar máis extenso no lugar da reflexión, gozamos da ironía do narrador, e asistimos tan impasíbeis como na realidade diaria á competencia e á desconfianza, á falta de colaboración, á loita polo poder entre a clase política, ao abandono do traballo desinteresado pola colectividade. Os conservadores gobernantes desta capital non concretada esquecen a cidadanía, nunca reparan na necesidade de dialogar, interpretar, analizar, só consideran que están ante un desacato, ante un acto que non é legal, e fórmulanse a necesidade de reformar o sistema electoral para evitar esta situación (inspirárase Saramago nalguna ocasión real para abordar esta idea?).

Ao tempo vemos como a capital, abandonada da clase gobernante, é quen de reaxir se si, eles si, traballar unidos, xuntar esforzos para que nada se derrube (o pobo unido...). Unha sutil aposta do autor polo socialismo libertario que nos ofrece algunhas das pasaxes máis fermosas do libro, unha revolución silenciosa en que a presa se zafa unha e outra vez das gadoupas da rapina.

Canto hai de real, canto de ficción. Por que hoxe cando leo as páxinas dos xornais torno a repetirme que a realidade supera a ficción. Ou será unha especie de realidade virtual? Estaremos a enfrontarnos como personaxes literarias á inspiración dun narrador que quere experimentar coas reaccións humanas e pon ante nós as declaracións do Tribunal Supremo: "notábeis irregularidades observadas na confección das actas da sesión e do escrutinio perante as mesas electorais"?

Reflexionemos, positivamente a lucidez existe. ♦

Atopan unha *Lolita* que puido inspirar a Nabokov

MANUEL XESTOSO
Case cincuenta anos despois da súa publicación, a *Lolita* de Vladimir Nabokov segue a protagonizar escándalos literarios. Desta volta, foi Michael Maar, un estudioso alemán da literatura, quen informou en abril, no *Times Literary Supplement*, dun seu achádego poderosamente rechamante para os seguidores do autor ruso-americano: nun volume de contos publicado en Berlín, en 1916, baixo o título de *Die Verfluchte Gioconda*, atópase un relato que trata dun home de mediana idade seducido por unha menor. O título do conto é *Lolita*.

Parte da razón do "escándalo" desatado reside no feito de ser o autor deste conto un esquecido Heinz von Lichberg –en realidade, un pseudónimo de Heinz von Eschwege– quen, segundo a investigación de Maar, se converteu posteriormente nun propagandista ao servizo de Hitler. O feito é que Nabokov residiu no mesmo barrio que von Lichberg, en Berlín, durante a década dos vinte e parte da dos trinta, polo que a pantasma do plaxio abrollou de seguido en numerosos artigos que comentaban o achado de Maar.

En principio, as semellanzas argumentais entre as dúas *Lolitas* son abraiantes. En ambos os dous casos, o protagonista está de vacacións, aluga un cuarto e fica engaiolado pola filla do seu anfitrión. En ambos os dous casos, esta é unha moza suxeita a violentos cambios de humor que, en ocasións, se converte en sedutora, para sorpresa do protagonista que, tamén en ambos os dous relatos, remata obsesionado coa alta voltaxe erótica da ninfa.

Non embargante, calquera que lea a *Lolita* de von Lichberg decatarse da enorme distancia que separa un contido de 18 páxinas que se pode encadrar no xénero fantástico (o propio narrador compara, xa desde o primeiro parágrafo, a historia que vai contar cos relatos de E. T. A. Hoffman) e de moi limitado interese literario, dunha novela que constitúe unha das pedras angulares da narrativa do século XX.

As incógnitas multiplícanse. Por unha banguida, de Maar, as coincidencias son demasiado numerosas como para concluir que Nabokov non coñecía o relato de von Lichberg. Sen embargo, o autor nunca fixo referencia a esta primitiva *Lolita*. Doutra banda, se contemplamos a hipótese de que Nabokov tomou conscientemente certos elementos daquel primeiro relato pero quixo agochar a súa orixe –ben pola adscrición filonazi do autor, ben por razóns de simple egolatría–, por que entón escoller para a súa heroína o nome de Lolita, apunta Maar? Un nome que resulta bas-



Vladimir Nabokov.

tante axeitado no conto de von Lichberg –cuxa acción transcorre en Alacante– semella cando menos exótico na América que serve de escenario á novela de Nabokov.

Influencia inconsciente?


A tese proposta polo profesor Maar foi comentada con non menos polémica que o propio achado do conto de Lichberg. Para el, Nabokov probablemente leu a primeira *Lolita*, pero á hora de escribir a súa novela non era consciente de tal lectura. Posuía un nome e as liñas básicas dunha acción pero como unha idea disociada de calquera lembranza da experiencia de ler o relato de von Lichberg. A súa foi unha eli-

sión inconsciente, un acto de *cryptomnesia*.

O termo *cryptomnesia* ten unha longa historia na psicanálise e fai referencia ao fenómeno de alguén conservar un recordo na memoria aínda que de xeito latente e subconsciente, xa que logo, aparentemente esquecido. Nunha data tan temprá como 1905, Jung titulaba precisamente así un pequeno ensaio no que trataba de demostrar que *Así falaba Zarathustra* de Nietzsche procedía dunha experiencia deste tipo, a lectura duns artigos anteriores á redacción do libro que quedarán no subconsciente do autor e que agromaran posteriormente coma se fosen ideas propias. O propio Maar –en comunicación privada ao crítico Ron Rosenbaum, segundo conta este nun excelente artigo no *New York Observer*– rexistra polo menos outro caso de *cryptomnesia* literaria constatada: Robert Musil apuntaba no seu diario, en 1936, que tras ler por terceira vez o *Niels Lyhne* de Jens Peter Jacobsen decatárase de que, na escrita dun determinado diálogo do seu *O home sen atributos*, empregara unha pasaxe daquel outro libro como modelo. "Sen sabelo" escribe Musil.

Alén de crermos ou non na sinceridade de Nabokov (a súa habelencia como narrador parece quedar fóra de toda dúbida) queda a vella cuestión da orixinalidade, a dúbida sobre os escuros mecanismos mentais da creación, a sospeita de que as nosas verbas non sexan senón ecos doutras xa ouvidas. ♦

XERAIS CRÓNICA



Unha espía no reino de Galicia

Manuel O'Rivas

Un xornalismo que propón a rebelión do humor. Unha obra saíxada na ironía e cun chisco de saudade que aposta pola rebelión contra o «estado de excepción mental», o dominio do partido conformista e o imperio do absurdo e o balciro. Un libro que concibe Galicia como célula nai, como matria, como almeiro, como lugar de encontro continental e transatlántico.

1979-2004
XXXIX
VINTE E CINCO
ANOS DE
EDICIÓNS
XERAIS DE GALICIA

xerais
crónica
xerais
crónica
xerais
crónica

XERAIS

xerais@xerais.es • http://www.xerais.es

CINEMA

Kill Billponse serio

Tarantino deixa o mellor da serie para o volume dous

Título: Kill Bill, Vol. 2.
Dirección e Guión: Quentin Tarantino.
Interpretes: Uma Thurman, David Carradine, Michael Madsen, Daryl Hannah.
Nacionalidade: EE.UU., 2004. Thriller.

Se non queres caldo, dúas tazas. Logo de varios anos de seca pertinaz dous Tarantinos en menos de seis meses non é mala conta inda que a cousa teña trampa como é ben sabido. Este último xa non o presentan como o "Quinto Tarantino", non é outra cousa que o segundo rolo da mesma fita estreada hai meses despois dunha pausa bastante prolongada para saír ao ambigü a por pipas.

Vistas xa as dúas metades, o xuízo goblal que merece o retorno de Mr Reservoir Dog non desmerece en absoluto o valor que nos teña este antigo empregado de videoclip medido a cineasta vocacional, polo momento non hai quen o baixe do trono do desvalorizado de Hollywood, ou Off Hollywood tanto me ten, actual.

Dixo o propio Tarantino que a fita é a máis persoal que filmou até o de agora, tamén o dixo da anterior, e da anterior a anterior, e a bo seguro que o dirá da próxima; para xustificar tal aseveración chegou esta vez a noticia da xénese dun dos diálogos da secuencia final da fita, a da agardada confrontación final Carradine-Thurman, cando o vello David lle conta a Uma como a filla dos dous descubriu o sentido da morte, o conto do peixiño fóra da peixeira boqueando na moqueta, pois seica a historia é verdadeira, co propio Quentin na época na que o cativo inda lle puñan respecto papá e mamá Tarantino.

O conto é que non lle deberiamos facer demasiado caso ás pretensións confesionais de Quentin, nin a iso que anda contando por aí de que o seu díptico cinematográfico sobre Bill e Cia. sexa a crónica dunha nai solteira e do seu amor total polo fillo. Ás veces dise que as árbores non deixan ver o bosque pero nese caso a Tarantino con tanto tentativa de autoxustificación confesional o que lle está a piques de pasar é que o bosque conceptual non nos deixe apreciar a riqueza da follaxe.

Deixémonos de farrapos psicanalíticos e acudamos ao sinxelo onde se acubillan os moitos trunfos deste remexido cultural posmoderno que é o Kill Bill completo, a meirande parte deles

Se buscan golpes de xenio, no entramado da historia, e botaban de menos os diálogos de Pulp Fiction, é nestas dúas horas finais onde os van atopar.



David Carradine e Uma Thurman nun fotograma da película.

concentrados nesta segunda metade tal e como nos adiantaban os que xa tivesen a sorte de ver as dúas con anterioridade. A hora e media escasa do Volume Primeiro non era máis que unha estensa introdución con moito kung fu, moito virtuosismo formal e moito artifício pirotécnico, pero faltaba algo, escusabámolo porque partiamos da idea de que a cousa non quedaba aí, que logo do fundido a negro quedaban inda dúas horas de historia. E efectivamente, a historia chegou, tarde, pero chegou, non esperen nada especialmente orixinal no aspecto argumental, iso non vai co talento posmoderno de Tarantino, pero se buscan golpes de xenio no entramado formal da historia e se botaban de menos os diálogos de Reservoir dogs e Pulp Fiction é aquí, nestas indispensábeis dúas horas finais onde os van atopar.

É no segundo tempo do Kill Bill onde Tarantino saca todo o talento que leva dentro para engadir xenio persoal e completar

o melting pot cultural que xa nos deixara sobre a mesa nos primeiros 90 minutos de xogo. O tempo de reflexión nos vestiarios serviu sobre todo para destensar músculos e emprender o bloque final coa frescura dos vellos tempos. Os materiais cos que segue traballando neste segundo volume son os mesmos do primeiro, spaguetti western, Hong Kong serie B, cine noir de toque sesentas-setentas –das dúas beiras do Atlántico– e toque Tarantino, subindo aquí a intensidade no aspecto fronteirizo do remexido.

Se no primeiro volume primaba o tarantimismo hemoglobínico, o máis superficial e o que lle brindara toda a súa peculiar recua de detractores moralistas durante boa parte da pasada década, nesta segunda metade domina o mellor do cineasta estadounidense, sen ismos, coa violencia xusta e todos os diálogos e personaxes marca da casa que xa botabamos de menos. Será a presenza de Michael Madsen –antolóxica a súa se-

cuencia con Bill ás portas da súa caravana, case, case como se Sam Peckinpah filmase un diálogo entre Randolph Scott e Michael Ryan nun porche deses que sacaba John Ford nos seus mellores westerns. O caso é que moitas das sensacións da primeira vez que vimos Reservoir Dogs ou Pulp Fiction –ou da terceira vez que vimos Jackie Brown– retornan con toda a súa intensidade vendo este volume dous de Kill Bill.

Por certo, se hai uns meses escribiamos aquí sobre a previsión de que pagaría a pena desembolsar os euros de rígor para ver o segundo tempo da fita pola agardada reaparición de David Carradine agora haberá que deixar ben claro que, inda que ao mellor a cousa non dá para unha resurrección comercial como no caso Travolta hai agora unha década, os cinefílos menos académicos teremos que poñerle un novo cirio ao altar de San Quintín por deixámos desfrutar en todo o seu esplendor do mellor Carradine de todos os tempos. Todo o que se puidese intuír en tantas fitas de serie Z, e en contadas aparicións no serie A, do máis errático do clan Carradine –e mirade que a familia ten historia por aí– toma forma en toda a súa plenitude neste exercicio de madurez serena. Moitos actores de método e o cento por cento do novo catálogo de intérpretes "de carácter" xurdidos nos últimos 20 anos, poucos se salvan da queima, seguro que morreron de enveza cando viron como dominaba Carradine plano xogando co vasíño longo de tequila na crucial escena de confrontación final coa Thurman, sobre todo se teñen a sorte de vela en versión orixinal como este humilde escribente. Son detalles que teñan nos seus mellores anos tipos como Bogart ou Brando, antes de que o do método se convertese en bater co puño nas portas dos armarios e catro contos de repertorio máis. ♦

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

- 1. AMOR E MÚSICA LIXEIRA.**
Bieito Iglesias.
Galaxia.
- 2. SOBERANO.**
Adolfo Caamaño.
A Nosa Terra.
- 3. O CÓDIGO DA VINCI.**
Dan Brown.
El Aleph.
- 4. ROMASANTA.**
Alfredo Conde.
Sotelo Blanco.
- 5. ORIXE.**
Séchu Sende.
Galaxia.

NON FICCIÓN

- 1. A TERRA QUERE POBO.**
Xosé Luís Barreiro.
Galaxia.
- 2. HISTORIA DA COSTA GALEGA E OS SEUS NAUFRAXIOS.**
Fernando P. Cortizo.
Xerais.
- 3. HISTORIA DE GALICIA.**
Ramón Villares.
Galaxia.
- 4. ESPAÑÓIS TODOS.**
Suso de Toro.
Xerais.
- 5. RESISTENCIA, GUERRILLA E REPRESIÓN.**
Bernardo Máiz.
A Nosa Terra.

Librarías consultadas:

Cartabón (Vigo). Couceiro (A Coruña). Michelena (Pontevedra).
Pedreira (Santiago). Souto (Lugo). Torga (Ourense).

XOSÉ VALIÑAS

CONTA DE LIBROS

Sobre a enerxía atómica

¿Vuelven las nucleares? El debate sobre la energía nuclear, de Francisco Castejón, é unha reflexión sobre a polémica entre defensores e detractores deste tipo de enerxía. O autor, doutor en Físicas e membro de Ecoloxistas en Acción, explica os cambios de perspectiva sobre o tema xurdidos mercé á arela estadounidense de construír novas plantas deste tipo. Edita Talasa. ♦



Nenos e tele

Laivento edita A televisión, as novas tecnoloxías e a conduta dos nenos, de Xosé Durán, na súa colección "Breviarios".

O volume estuda a programación televisiva, os consumos e horarios e a presenza de oferta infantil na grella audiovisual. Ademais, o autor tamén reflexiona sobre o papel formador da televisión nos menores e na influencia da internet e do teléfono móbil na súa educación. ♦



A loita rural

O paso de asumir a inxustiza a rebelarse no campo galego, de ver atacados os intereses a saír de tractorada. Iso é o que explica Do descontento á acción. A construción social da protesta campesiña en Galicia, de Concha Fernández e Xosé Manuel Sabucedo. Os dous profesores analizan empiricamente as causas das protestas. Edita Xerais. ♦



Cemiterio celtibérico

Carolina Fuentes Mascarell publica agora A Necrópole Celtibérica de Viñas de Portugal (Osma, Sorlia). Trátase dun estudo arqueolóxico sobre os materiais atopados neste recinto. O volume inclúe fotografías, esquemas e cadros estatísticos sobre as pezas catalogadas, entre as que hai armas, aparellos de cabalos e ferraduras, adornos persoais, útiles e xoias. Edita Toxosoutos na súa serie 'Keltia'. ♦



Tempo exterior

Nº 8. Xaneiro-xuño de 04. Prezo: 10 euros
 Dirixe: Xulio Ríos.
 Edita: IGADI.

O estudo sobre o 'eixo do mal' centra a maior parte das colaboracións desta edición. Mabel González dá conta da situación actual do Irán. Rafael Bueno achégase á situación política de Corea do Norte. Ivo Mesquita escolca as tensións internas do Irak. E César Lorenzo Gil reflicte os cambios políticos dos últimos tempos en Siria e en Libia. Ademais, David Reineiro comenta a crise de Costa do Marfil e Néstor Osorio a queda dos prezos do café. ♦



Nova Escola Galega

Nº 50. Abril de 04.

Neste número especial, por mor do XX aniversario desta asociación pedagógica, Paco Veiga fai unha lembranza sobre os vinte anos da asociación. Pepe Álvarez lembra a presenza desta institución nas plataformas unitarias e Xosé Ramos a súa influencia en coordinadoras educativas galegas. Conchi Fernández e Alfonso Villares relatan as actividades actuais do colectivo. Xesús Jares desmizúa o programa do XVII Encontro Galego e X Galego-Portugués de Educadores pola Paz. Carmela Cons e Ana Pose explican as súas relacións coa asociación. ♦



Eco

Nº 158. Xullo de 04. Prezo: 3,50 euros.
 Dirixe: Gonzalo Vázquez Pozo.
 Edita: Equinoccio.

Gonzalo Vázquez Pozo entrevista o secretario de Organización do PSOE, Xosé Blanco. María Xosé Jorge conversa con Luis Valente, membro da Associação Empresarial de Portugal. Esther Garrido entrevista a María Camino, directora de Formación de Caixa Galicia. Gonzalo Fernández conversa co alcalde de Oleiros, Anxo García Seoane, e mais co rexedor ferrolán, Xoán Juncal. Alba Taladriz fai a crónica do congreso sobre lixo 'Residua 2004'. ♦



Cultura

Nº 1.139
 Do 29 de xullo ao 2 de setembro de 2004
 Ano XXVII

AN
 VOSA
 TERCERA
 27

NARRATIVA

Retrato dun século a través da vida de Lois Tobío

As memorias do diplomático unha boa lectura para o verán

Título: As Décadas de T.L.
 Autor: Lois Tobío.
 Edita: Edicións do Castro.

No prologo do libro *As Décadas de T.L.* déitase, en poucas palabras, o cerne da obra. "A vida do home leva en si varias vidas (e as correspondentes mortes) que o tempo vai facendo xurdir. Pero no caso do autor sucedeu que esas vidas tiveron, as máis delas, por escenario países distintos e tamén foron distintas as tarefas que en cada un houbo de cumprir; e se, coma dixera o outro, eu son eu e máis a miña circunstancia, en realidade viríase tratar de distintos eus unidos polo fio feble e falaz da memoria".


Conta Lois Tobío polo miúdo e amodiño, recreándose nos detalles, no que pode semellar insignificante e coa perspectiva que só dá o tempo e a distancia para escoller os acontecementos que encheron unha vida rica. Recréase o avogado, diplomático e fundador do Seminario de Estudos Galegos na *Primeira década* na recupera-

ción da patria da infancia como dicía Rilke polo seu Viveiro natal, as outras cinco décadas que son outros tantos capítulos do libro, deambulan polo tempo e os acontecementos, enchendo a retina do lector de sensacións e imaxes, incluíndo sabores e olores que o autor foi sacando terrón a terrón segundo foi sacando na memoria.

As Décadas de T.L. non son unhas simples memorias, non é soamente un libro do eu, é unha parte do testemuño en primeira persoa da historia contemporánea da Galiza, por el desfílan acontecementos e persoas senlleiros do e para o país, como se mostra na pequena galería de fotografías que ocupa a metade do libro.

O autor da tradución do *Fausto* de Goethe, publicado por Laiovento (volume 82), narra, coa sinxeleza que dan a intimidade e a reflexión, seis décadas de acontecementos políticos, sociais e culturais, rematando en 1986, nas súas propias palabras que fechan o libro. "Foi fermoso vivir coa ilusión de estar axudando a restaurar a vella casa común, encanestrada por alleos e alleiros, para despois enriquecela con novas construcións".

A mellor homenaxe que se lle pode dar a un loitador coma Tobío é ir paseando paseniamente pola súa vida coma se a estivese contando en voz baixa e coa intimidade que outorga a soidade da lectura. ♦



XOSÉ FREIRE

Lois Tobío.

XAN CARBALLA

Poesía

Estévez e a fugacidade do pracer

Título: Derrotas.
 Grupo: Eduardo Estévez.
 Edita: Espiral Maior

Cun certo aire decadente, tons grises nos seus versos e a lembranza asolagada de tristura, Eduardo Estévez tenta fixar a fugacidade do pracer, ofrecer a realidade peneirada polos sons esvaecidos da memoria, polo fráxil recendo da soidade: deter o tempo e apuntar ese instante irre-cup-e-rá-b-e-l, persoal e irrepitíbel que vai sempre connosco.

Non embargante, aquí, a palabra, espida e soa, unica-

mente debuxa a dimensión máis obvia da tristura. Sen o segredo da paixón nin a senlleira cualidade da distancia, a voz fica íntima efusión e os sons, a miúdo sen ritmo e sen misterio, sen o acento e a esencial intensidade da sensación, semellan máis ou menos porosas confidencias: a reflexión da monotona antes que demoradas sombras melancólicas.

Lonxe da afectación e dos enfeitos, Estévez, para min, poeta con futuro, malia as presentes carencias, procura a sobriedade e a emoción.



Eduardo Estévez.

A.N.T.

pera / prende un cigarro / e espéra"-, a soidade a debuxar o sentimento e a distancia- "non


permanece / non / o recendo do amor / no poema que o lembra"-, sinxelas mostras de tristura- "consulta o oráculo / pregúntalle / se este outono será tan gris"- ou secuencias tan ermas e evidentes como escasamente estimulantes.

Cunha íntima sensación de lonxanía busca o lirismo dos instantes máis espidos, a expresión máis persoal da tenrura e ofrece unha voz fragmentada, afastada da pompa estéril ou da secuencia escura, sen o ritmo e a penetración formal, o ton e a densidade que alteren a limitación e a excesiva morosidade das súas propostas. ♦

XOSÉ MARÍA COSTA



McCoy Tyner, John Scofield e Roy Hargrove en plena actuación.



Reportaxe Gráfica X. LUIS ALONSO

Arrecendos de lenda e futuro

McCoy Tyner, Scofield e Roy Hargrove confirman Pontevedra como a gran cita do jazz en Galiza

LEANDRO ABOAL

O lendario McCoy Tyner e o seu trio abriron a XII edición do Festival Internacional de Pontevedra e tiñan que superar todo un reto. Desde que a cita pontevedresa acadou a maioría de idade so pasaron cinco anos. A primeira xeira era unha mera especulación onde as contratacións tiñan como único norte procurar artistas de baixo caché co confesado fin de animar por uns días a noite veraniega. Mais de cinco anos a esta parte o reto do concello pontevedrés non se move pola improvisación nin pola cutrez e, polo contra, tenta programar con calidade e coherencia. O problema xurde cando o tradicional espazo da Praza do

Teucro convértese en estreito para as grandes figuras. E entón cando chega a necesidade de ofrecer concertos de pago e tamén a demostración que o acontecemento musical pontevedrés colleu altura enchendo o Pazo da Cultura logo de pasar por vez primeira pola billeiteira.

O reto solventouse cun sonoro cheo que refrendou a decisión de organizadores e patrocinadores até ofrecerlle ao mítico McCoy Tyner un demostrado e entendido público de jazz.

E este case non sentara na súa cadeira de pianista cando as notas do gran compañeiro de John Coltrane xa enchían e emocionaban. Todo o seu mundo creativo foi saíndo do seu piano

compacto e libre. Unha veces pegado as orixes americanas do jazz e as outras discorrido por territorios extremos ou veciños. Voltas e revirvolutas de influencias e necesidades que o achegaban ao seu mundo primixenio, avenciábano no Caribe, asentábano en Brasil ou voltaban a África. Mestría correspondida por Charnett Moffett e Eric Karnau, músicos propios de emparellarse con McCoy.

A segunda entrega agasalhou a John Scofield case perfecto pero excesivamente humilde en escena. O protagonismo dos seus músicos foi nesta ocasión excesivo pero nunca criticábel en termos musicais. O mestre da guitarra

concedeulles posiblemente máis do que un público coñecedor da súa discografía de culto agardaba. Scofield, con todo, asombrou desde ese xeito tan familiar e único de tocar unha guitarra da que se apropia até límites insospitados.

E si coa pulcritude de tantos anos de clubs e casinos chegou o soul de Bettye LaVette, na deradeira das sesións a sorpresa e tamén o novosoul apareceu de man dun máis que impactante Roy Hargrove. Con el voltou a Praza do Teucro a vibrar, a herba do país a cheirar e, sobre todo, a música a circular sen disimulo polo século XXI.

A proposta The RH Factor do músico texano de Waco foi

acompañada dunha comunidade de nove músicos entre os que a voz de Rene Neufille e o saxo de Keih Anderson sobrancearon dentro do alto nivel que Hargrove demanda aos seus acompañantes. Desta vez non apareceron os ritmos do seu cd "Habana" mais si conseguiu que o público se entregara á vitalidade dos novos ritmos saídos da evolución infinita do pop afroamericano. O trompetista admirado por Marsalis abriu portas novas ao jazz e moitas quedaron abertas con el por primeira vez na Galiza. Entre os mitos vivintes e as apostas de futuro o festival de jazz de Pontevedra xa entrou en algo máis que na maioría de idade. ♦

CONTA DE DISCOS



O camiño dos decibelios

Título: Xacobeo 04.
Grupo: Varios.
Edita: Fuerza 10 Audiovisual.

Co gallo do primeiro ano xacobeo do século véñse de



publicar unha escolma musical na que se inclúen os temas dos grupos representativos dos lugares por onde pasan os diferentes camiños que conducen a Compostela. Na Lúa, Kepa Junkera, Os Cempés, Chus Pedro, José Peixoto ou Rodrigo Romaní son algúns dos músicos seleccionados. O

compacto presenta ademais unha guía completa con mapas, rutas e información sobre o Camiño de Santiago. ♦

Quilómetros de Penide

Título: Kilómetros.
Autora: Silvia Penide.
Edita: Falcatruada.

Este non é o primeiro disco que publica a nova cantautora de Meicende, Silvia Penide, pero quizais sexa *Kilómetros* o que máis fondo vai calar no público. Música sen grandes complicacións e letras que falan de si mesma conforman este novo traballo, o pasaporte que a

acaba de levar de xira por Italia, Croacia e Eslovenia e co que viaxou por medio estado. Para este novo traballo contou coa colaboración dos músicos Alex Fernández, Vitor Iglesias, Pablo Candamio e Dani López. ♦

Londres-Galiza vía pop

Título: All loved up.
Grupo: All loved up.
Edita: Falcatruada.

All Loved Up é o novo proxecto de David Hernández, despois de traballar durante anos en grupos londinenses, con varios discos e centos de kilómetros de rodaxe ás costas. Mudou as illas



por Galiza e no 2002 formou xunto con Silvia Losada o grupo All Loved Up (ALU). Recentemente véñen de se unir a eles catro músicos máis, Manuel Maceiras, Angel Sánchez, Marcos Souto e Nacho Goris. Xuntos dan forma a un disco marcado polo pop e as influencias británicas. ♦

Manuel O'Rivas 'O xornalismo é un puxilato coa realidade'

XAN CARBALLA

Vén de saír *Unha espía no reino de Galicia* (Xerais), un libro que recolle a reportaxe ampliada *Galicia contada a un extraterrestre* e as colaboracións *A espía*, publicadas en *La Voz de Galicia* (1990-92) e maiormente n'*A Nosa Terra* (2003-2004) e *O blog de rumbar*, tamén neste semanario até o pasado mes de xuño. O escritor coruñés adoptou para este novo traballo, atravesado polo humor, o seu recoñecíbel heterónimo Manuel O'Rivas.



MANUEL VILARINO

Que é *Unha espía no Reino de Galicia*?

É o libro dun xornalista que descobre moita ficción na realidade, unha ficción moitas veces hilarante. É a obra dun observador que fornece claves que van máis alá dunha crónica que non incomode. Unha crónica inconformista e que lanza preguntas pola vía da retransmisión. Concordo con Ryszard Kapuscinski en que un xornalista non pode ser cínico e, na observación dunha realidade como a galega, o inconformismo pode ter fronteira co cinismo. Pode haber unha tentación cínica e escritores e xornalistas

teñen que estar alerta para non caer no cinismo. O acto de escribir é un test de liberdade e neste caso de ironía. A retransmisión é un instrumento contra o cinismo, que é unha característica do xornalismo que hoxe predomina, un cinismo entendido como aceptación e conformismo. É unha ollada binocular na que un dos feixes de luz é a crítica e a outra a ironía, que é a que devolve a esperanza.

Un libro anterior seu título *O xornalismo é un conto. Conto como literatura ou conto como trola?*

Xoguéi con ese duplo sentido. En case todos os títulos hai

ese xogo, esa chiscadela ao lector e ao propio contexto cultural. Pasou *Os comedores de patacas* e *Un millón de vacas* que xorden de obras moi célebres –un cadro nun caso e un poema de Lorca no outro–, pero ademais do poema tamén era a cabana de gando que existe en Galiza. Son xogos paródicos e o da espía tamén.

No libro abre cunha sorte de reportaxe longa...

Naceu como unha proposta de reportaxe, pero había intención de transgredir o xénero. Pedíase un traballo típico de diagnóstico do país, que esixe ás veces unha posición como

de observador da ONU que toma distancia, que é unha técnica moitas veces útil porque deixa que fales dunha cuestión histórica e a mestures cunha testemuña viva, unha estatística contemporánea posta a carón dos castros celtas. Aquilo foi derivando nunha viaxe polo tempo e no libro duplicácese sobre o tamaño orixinal.

...E desa descrición ampla pásase a recoller unha sección curta, que empezou na *Voz de Galicia* e seguiu n'*A Nosa Terra*, igual que as entregas d'*O blog do rumbar*, que pechan o libro. En cal está máis cómodo?

Son dous extremos. Na ollada animal a visión máis primitiva é a do verme que só sabe dirixirse á luz, que podería ser a ollada poética, envolvendo a escrita nun feitiço, sensorial. A min aquí interesoume por unha banda a da aguiña, con moita penetración frontal, cara ao obxecto que pretende capturar, que ten o defecto de que ten moito campo de cegueira. E pola outra a da arcea, a vivia dos bosques, que practicamente é quen de contemplar os 360 graos do círculo. Á hora de escribir nesta póla do xornalismo que é a literatura tes que equilibrar as dúas miradas. Agora sintome moi atraído pola fala entrecortada da realidade, que está presente sobretudo no *blog*, porque ademais deixa moito espazo para a reconstrución do lector. Para min o xornalismo é a mellor escola e mesmo unha vangarda para a literatura. Son algo moi de hoxe as contribucións das novelas tamén como ensaio xornalístico. Por iso o xornalismo é un puxilato coa realidade, porque mesmo aquilo que calas é un compromiso. Na ficción ningún te vai interpelar, porque se xogas máis coa invención non vai vir un lector a dicir que non te mollaches pero hoxe no xornalismo non se pode facer unha descrición da paisaxe sen falar do impacto visual dos muíños de vento, da violencia catastral ou das canteiras.

Da súa experiencia nese puxilato, quen é peor inimigo o poder político ou outros poderes menos explícitos?

Por exemplo, se falamos de feísmo parece que nos referimos a algo que xorde espontáneo da terra, pero o que sucede é que o poder que temos aquí actúa mesmo cando parece que non fai nada, e está a reflectirse sobretudo nas elites. Por iso falo dun poder feo. Pero o poder por moito que dure é pasaxeiro, e hoxe é unha santa compañía integrista con doses de "Aquí hay tomate", e causa desánimo e unha certa desesperanza na xente máis activa. O peor mal que produce é a indiferenza e o conformismo en sectores que están renunciando á súa propia individualidade e capacidade creativa. Hai unha hemiplexia derivada dese poder que se aplaude a si mesmo e fai que a sociedade poida renunciar ao mellor de si mesma que son a

creación e a liberdade. Galiza pode ser moito mellor do que é, porque na boca do poder é como un remullo que nin vai para dentro nin para fóra, que non se transforma en abono.

Cita no libro dúas revolucións na historia da ollada galega, de Rosalía, a melancolía rebelde e do porvir, e de Castelao, o humorismo que desvela o drama.

As dúas teñen unha dimensión individual e colectiva que son moi útiles. No caso de Rosalía é unha reivindicación porque non é unha melancolía que se consume en si mesma. A suma desas dúas compoñentes na nosa identidade cultural é moi valiosa pero están metidas nunha gaiola, porque vivimos nun escenario do absurdo e esas olladas viven na adversidade. Galiza precisaría agora unha revolución que teña como compoñente principal a idea de liberdade, a de imaxinar o futuro.

No tempo de xestación deste libro vivíuse tamén a marea branca contra o *Prestige*.

Se falamos de melancolía do porvir e do humor estamos falando dunha insumisión. Dalgunha maneira saír da gaiola de ferro. Xa existe a percepción de que Galiza é moito mellor, que hai máis potencialidade, que no campo da cidadanía, no que parecía que estabamos tolleitos pola propia caricatura que se fai de nós, houbo unha revolución cívica. As xeracións que probaron a liberdade de ocupar o baleiro, que saíron da súa cuncha e escribiron o relato común nas rúas e nas praias, fan que ese proceso sexa irreversible. Esa memoria da liberdade xa forma parte da identidade galega. Galiza actuou como unha célula nai na democracia cidadá que se estende polo mundo e que nós experimentamos na realidade, non como reflexión teórica ou experiencia de minoría. Todo iso xa pertence á nosa identidade de futuro. En fronte diso o fraguismo é unha metamorfose do franquismo, unha frecha que vai para atrás.

Nesa necesidade de permanente definición, manifestou preferencia por aquel ponto do galeguismo republicano: *Galiza, célula de universalidade*.

Esta é unha época de terxiversación das palabras, e hai unha tendencia a presentar o galeguismo como casticismo e obsesión polo propio embigo, pero se hai unha memoria do cosmopolitismo real e unha identidade real que teña a imaxe dun grande embarcador para exportar e recoller esa é a cultura do galeguismo republicano. Non hai máis que ler ou ver as contribucións culturais, por exemplo de Luís Seoane. O galeguismo foi unha cultura que tivo que desenvolverse no exilio e o contrapunto do enxebriismo reduccionista foron as obras de Rosalía, Castelao, Seoane ou o mellor do galeguismo. ♦



As pinturas nos balcóns

A bienal de Betanzos celebra a súa novena edición

SILVIA ROZAS GARCÍA

O 20 de xullo inaugurouse formalmente a mostra das Balconadas, un concurso bastante particular no que obras feitas para ser penduradas engalanan as varandas cedidas polos veciños de Betanzos. Estas pinturas plasmadas sobre tea han de cumprir unha serie de requisitos que lles permitan aguantar á intemperie durante toda a exposición.

Máis de douscentas cincuenta obras foron presentadas a concurso na data límite do 3 de xullo. Somentes cento corenta poideron ser seleccionadas. A participación de países como Brasil, Italia, Argentina, Francia, Escocia... deu unha dimensión internacional a esta mostra nacida na década dos oitenta. A idea xurdiu do grabador Jesús Núñez, director do Centro In-

ternacional da Estampa Contemporánea (CIEC), coa intención de facer unha caste diferente de arte, que fose divertida e próxima á xente e que servise de estímulo para os artistas.

O 23 de xullo reuniuse o xurado que fallou tres premios e un accésit. O xurado estivo presidido polo director da exposición deste ano, Javier Meléndez Urza. O poeta e crítico

de arte, Miguel Anxo Fernán Vello, o profesor da Facultade de Belas Artes de Valencia, Manuel Silvestre, a profesora da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Anne Heyvart e o artista Felipe Criado completan a formación do devandito xurado, que tivo serias dificultades para escoller os gañadores por mor do alto nivel dos artistas que se incrementa, de xeito notábel, en cada edición, en certa medida grazas á contribución da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Os criterios seguidos fixeron especial fincapé no aspecto técnico, sen esquecer a valoración do traballo e do talento, medidos segundo a súa

cristalización nas obras de arte.

As pinturas aparecen identificadas por un número, non polo nome do autor, para garantir maior obxectividade e facilitar a votación. O primeiro premio, de 4.300 euros correspondeulle curiosamente ao número 1, o madrileño Javier Albar. O segundo, de 3.000 euros foi parar a Pontevedra, ao número 106, Cristina Brea. O sirio Alí Alí -número 142-, afincado en Betanzos por estar a realizar un Máster no Centro de Grabado, foi galardoado co terceiro premio de 1.800 euros. Por último, o número 108, pertencente a Francisco Ruíz Gómez de Cambre, foi merecedor dun accésit valorado en 1.000 euros. Un cuarto premio de 1.200 euros será entregado polo público. A través do recuento dos votos da urna situada no Edificio O Liceo outorgárase un premio que fará que a xente se sinta implicada nun evento artístico consolidado dende hai uns anos.

Un amplo escenario mediático -que inclúe Telecinco, TVE, a TVG...- deu cobertura a esta mostra que comeza a converterse nun referente do mundo pictórico. A acollida do público é boa, pois a xente do lugar sente xa a balconada como algo de seu, tal e como acontece con outros acontecementos como é a Feira Medieval.

As balconadas son unha mostra do que se está a facer no eido da pintura e caracterízase pola pluralidade de estilos. Quen queira disfrutar desta exposición alternativa terá até as festas de San Roque, a mediados de agosto, para visitar o Casco Vello de Betanzos. ♦

Seguro Azar

Antón Tovar

DAMIÁN VILLALÁIN

Há pouco máis dun mes, o pasado 16 de xuño, morría en Ourense coma un paxariño, sen dor nin medo, Antón Tovar. Só unhas semanas antes, como se fose unha involuntaria e derradeira homenaxe ao poeta morto, a editorial Hipocampo Amigo, con sede en Poio, publicaba unha nova edición de *El tren y las cosas*, o libro co que Tovar iniciou en 1960 unha das aventuras poéticas máis intensas e puras, máis desprovistas de impostura e artificio. Era poeta por unha necesidade íntima de expresión persoal e de purga liberadora. Quedáballe inmensamente lonxe esa turba imaxe actual do poeta como conspirador silencioso, manobreiro atravesado, narciso inflado de vaidades e de envexas. Tovar escribía por motivos que hoxe nos poden parecer lamentablemente románticos: para escapar da angustia afondando nela, para buscarlle ao mundo sentidos e razóns, para implorar respostas. Todos os seus libros, os escritos en galego e os escritos en castelán, son fillos dunha sincera incompreensión da existencia da que non o aliviou nin sequera a súa fe comunista, que mantivo viva até o último suspiro. Deus acabou sendo o seu grande inimigo, un deus bíblico, mudo e inxusto ao que Tovar dedicaba tantas enerxías imprecatorias que remataba adquirindo unha presenza case física. Non houbo nunca un ateo tan crente, tan obsesionado por aquilo cuxa existencia negaba. Pero permaneceu firme na súa convicción, e no seu enteiro non houbo ningún símbolo relixioso.


“Entre outras virtudes -escribía con humor pero sen ironía Vicente Risco-, Antonio Tovar posee la capacidad de pasar muchas horas al día sin decir una palabra”. Así o coñecín eu, calado e meditabundo, xa vello, unha tarde no Liceo de Ourense. Presentoume Carlos Casares, quen se burlaba amigablemente das angustias tovarianas e mesmo conseguía por este método que o poeta rira algo de si mesmo e das súas metafísicas. Ficou francamente sorprendido cando lle pedín que me asinase un exemplar de *Diario sin datos*, punto de partida que un *cultureta* de Vigo, con gravata e *melenita*, puidese ter algún interese na súa literatura case clandestina. Vitor Campio Pereira, outro gran poeta ourensán que foi moi amigo del, conta no seu limiar á citada edición de *El tren y las cosas* que Tovar perdera unha carta manuscrita de Vicente Aleixandre moi eloíxiosa coa súa poesía. “Eis o talento de Tovar -escribe Pereira-: restarlle importancia a unha carta que outro poeta calquera, por aquilo da honrilla literaria, tería gardado coma ouro en pano no baúl das lembranzas máis prezadas”.

Se puidese saber que dentro de dez anos lle tocará pasar polo Día das Letras Gallegas, quedaría anonadado. ♦

O coxo de Vilarelle
AFONSO EIRÉ

Unha sátira implacábel
do novo enciñismo galego

Realismo crítico tinxido
de humor sabio e popular



BAILAR EN AGOSTO

MAR BARROS

Os Cempés, Scissor Sisters, Black Revel Motorcycle Club, Violadores del Verso, Josele Santiago, Orishas e Carlinhos Brown son algúns dos grupos que porán a marcha no país e no norte de Portugal nun mes de agosto para non parar de bailar.

Despois dun mes de xullo ategado de concertos e festas ao aire libre e sen que o empacho de velas glorias en peregrinaxe chegase ao punto máximo de saturación, agosto sube o listón de espectáculos e non deixa case instantes para o aburrimiento. Folk, hip-hop, pop, reggae... case todos os estilos a elixir nunha oferta moi ampla de festivais que se irán sucedendo por toda Galicia e alén do Miño.

O mes de xullo remata do xeito máis salvaxe, coas sacudidas eléctricas que darán en Ceadeira os grupos convidados do Festival 2004. Nesta quinta edición dun dos festivais máis tralleiros que se celebran no país, o Paseo Marítimo do concello coruñés será o escenario dun cartel potente coma poucos. O venres 30 actuarán *Lords of Altamont*, un grupo que se atopa dacadabalo entre o rock e o punk e que consegue co seu espectáculo facer saltar as pedras. Xunto a eles *Ultracuerpos, Chingaleros, Lascivos* e os *Black jujus*. O directo do sábado de *Cheetah Chrome, Sweet justice, Muletrain* e *Ultra 5* pecharán o festival.

Nesas mesmas datas Ferrolponse "a todo filispin". Precisamente ese foi o nome que escolleron para a primeira edición dun dos eventos que semella vai deixar pegada na cidade. Para comezar un cartel nada desprezábel. O sábado 31 o ex *Enemigos* Josele Santiago presentará na cidade os temas do seu primeiro traballo en solitario, que dará paso aos andaluces de *O'Funk'illo* co seu "funk embrutesio", como eles dan en chamar. A parte máis hip-hopera do evento correrá a cargo das rimas de *Violadores del Verso*.

Praia e música

Baixo a filosofía de amosar "os camiños da diversidade" cultural e artística e dentro da programación do xacobeo o sábado 7 de agosto arranca na praia de Santa Cristina, en Oleiros a Festa dos Mundos, unha das citas máis destacadas do verán. Carlinhos Brown, o bahiano máis creativo e inqueado da nova xeración de músicos brasileiros, converterase por unha noite en "Carlitos Marrón", nome que lle dá título ao seu último traballo discográfico. Dende Cuba achegaranse *Orishas* despois de sorprender a Europa hai uns anos, dos Balcáns os membros de *Fanfare Ciocarlica*, expoñentes da capacidade dos ciganos de executar ritmos acelerados que conducen á festa, da India *Malkit Singh*, de África *Ti* e dende aquí o *Zume de terra* de X.M. Budiño. Entre todos darán vida a un festival multidisciplinar no que se uni-



PACO VILABARRIOS

rán música, danza, circo, artistas dos cinco continentes e mostras de arte na area a cargo de Etual Ojeda e Oscar Rodríguez.

A ritmo de pandeiro

A nota folk destacada darase en Zas o primeiro sábado de agosto. A partir das seis da tarde comeza a XI edición da Festa da

Carballeira de Zas, todo un día de actuacións internacionais con recendo tradicional. O repertorio do grupo vocal masculino *Pandereteiros de Xacarandaina* abrirá o festival dando paso á murga de *Os Cempés*, un grupo que está a bater forte co seu novo disco *Moe a moa*. Dende Euskadi *Oskorri* traerá a súa proposta musical espontánea e anima-

da que se foi consolidando durante trinta anos. O estilo híbrido entre o rock celta e a canción francesa de Gwennann e os sons irlandeses de Dervish pechan o cartel deste ano.

O relevo folk será collido en Bueu o 13 e 14 de agosto no Noite do Trasno. Con entrada gratuita, acampada libre, praia, monte e boa música en directo, cada ano son máis os folkies que non se queren perder o evento. Nesta edición o aspecto máis lúdico e festivo correrá a cargo dos galegos *Xochilmica* e *Ardentia*, o reggae portugués de *Terrakota* e o hip-hop de *Black Baudelaire*, no primeiro día, mentres que o 14 *A Matraca perversa, La Fritanga, La Kinky Beat* e *Dyango FM* animarán a noite

En Limodre (A Coruña), celébrase ese mesmo fin de semana o xa clásico Felipop no que parti-

cipan grupos destacados como *The Shannons, Super Ratones, Surfin' Lungs, The Lucky Bishops* e *Nirvana UK*, entre outros.

Ruta sur

A praia fluvial de Tabuão volverá mutar, como vén sendo habitual a mediados de agosto. A causa vai ser a mesma: o festival de Paredes de Coura, con campismo gratuito incluído e borracheira da mellor música internacional. Scissor sisters, *Arested Development, Black Rebel Motorcycle Club, Mão Morta* ou *The Kills* son algúns das formacións que pasaran polo escenario principal do que xa se converte nun dos festivais máis potentes do país veciño.

Na cidade olívica continúa o festival *Para Vigo me voy*, que se prolonga até o venres 30 de xullo, noite que terá sabor latino da man das baladas de Carlos Baute e do arxentino Coti. Despois da agardada actuación de Bebo e Chucho Valdés do mércores 28, o auditorio de Castrelos acolle o xoves 29 a Dulce Pontes. A que tomara contacto co mundo da música grazas a un anuncio de xornal interpretará en Vigo algúns dos temas que lle reportaron fama internacional. ♦

25 ANOS DE PARDIÑAS

Boa música, festa rachada e moito esforzo para sacar adiante un dos festivais folk máis antigos do país. Ese podería ser o balance dos vinte e cinco anos do Festival de Pardiñas, que se celebra en Guitiriz en agosto e polo que pasaron algúns dos mellores grupos do país.

Para celebrar o vintecinco aniversario Pardiñas vístese de longo cun cartel destacado. O sábado 7 actúan *Graliers de sa factoría, Skalarjak* e Susana Seivane e o domingo *Quempallou* presentando o seu novo traballo, *Macfeck* e *Gwennann*. ♦



CLOWNS EN COMPOSTELA

SILVIA ROZAS GARCÍA

Chega a cuarta edición do Festival Internacional de Clown de Galiza, o Festiclown. A Concellaría de Cultura de Santiago organiza a que é a maior plataforma do clown do noso país, que terá lugar do 2 ao 8 de agosto.

Nesta imaxe, o belga Elliot, que chega co espectáculo Rock comedy show. A dereita, Chris Lynam, de Gran Bretaña, representará *The beast of theatre*.



O teatro Principal e a Praza da Quintana servirán de escenario para a sección máis esperada do festival, a *Mostra Internacional*. Nesta edición salientan o belga Elliot, quen comezou a súa carreira como educador social de nenos problemáticos decidindo poñer despois o seu enxeño ao servizo de todos; o inglés Chris Lynam, quen ofrece un espectáculo provocador e divertido e a compañía francesa Cie du Petit Monsieur, que se sitúa no terreo do burlesco.

Dez compañías terán a oportunidade de representar o seu espectáculo no *Certame Intergaláctico*, competindo en dúas modalidades: a de exterior, na Praza do Toural, e a de interior no Teatro Principal. Os seleccionados para o certame de interior son Jordi Mingueña, Nas Teatre, Muac Teatro Clown, Cía Punctoclown e Talía Teatro, que co espectáculo *Bicos con lingua*, unha análise da situación sociolingüística da nosa lingua, supón a única representación galega do certame. Na modalidade de rúa o Grupo Electrónico, Los Trifulkers, Dirk Van't Sirk, Teatro Circostanza-perta e Estupideces Company farán as delicias dos asistentes. Os

público e dar pulo a unha actividade que dende o mundo oficial non parece estar suficientemente considerada, pois é tratada coma o irmán pobre das artes escénicas. Na mesma liña no *Maraclown* os artistas actuarán libremente, dándose a coñecer e animando o ambiente das rúas de Santiago.

O *Festiclown* supón unha forma diferente de aproximarse a unha expresión artística que comeza a ser puxante no noso país. Pola demanda existente no tocante á formación do clown, o festival conta cunha vertente pedagóxica, a *Formaclown*. Johnny Melville, Avelino González, Carlo Colombarioni ou Eva H son algúns dos nomes representativos a nivel internacional que exercerán de mestres para os douscentos alumnos que se espera que asistan a estes cursos. A meta perseguida é que, algún día, todas as primeiras figuras que participen na Mostra sexan galegas.

A organización do *Festiclown* define a sección de *Descloownrol* como "a plena expresión de cultura democrática". Espectáculos de animación de rúa, demostracións e experimentacións de alumnos que participan nos cursos e pasaráns farán dos espazos públicos de Santiago unha fiestra para o encontro e a participación de artistas e público.

O cumio desta diversión sen límite, na que se celebrarán en torno a cincuenta espectáculos distintos, terá lugar o domingo 8 de agosto nunha festa de clausura na Sala Nasa, a *Clownsession*.

O prezo das entradas para o festival que xestiona Coper@ctiva Cultural é de seis euros e poderán adquirirse no Teatro Principal de 12:00 a 14:00 e de 19:00 a 22:00. Existen bonos de desconto de cinco (por 25 euros) e de dez pases (por 50 euros). A partir do 2 de agosto poderán realizarse as reservas no teléfono 981 528 706, debendo retirar as entradas como mínimo media hora antes do inicio do espectáculo. ♦

O *Clown-off* fará do pub Dado-Dadá un espazo onde crear un ambiente de estreita relación co

Enxeños e criaturas

O día de San Bertomeu

Na cidade de Pontevedra son moi celebradas as festas de San Bertomeu, non en van é esta unha das súas parroquias máis importantes. Así o destaca a cantiga:

*Pontevedra é boa vila
dá de beber a quen pasa,
a fonte na Ferrería,
San Bartolomé na praza.*

San Bertomeu, digámolo xa, celébrase o 24 de agosto. Din as xentes do campo que en agosto empeza de verdade o inverno. Pode parecer peregrina tal afirmación, non obstante destripemos un pouco o misterio e veremos que non lles falta certa razón. Oficialmente, o verán comeza en torno ao 21 de xuño, é dicir, no San Xoán, e

percorre os meses de xullo, agosto e a meirande parte de setembro. Pero esta oficialidade oculta que o solsticio de verán, o día 21 de xuño, marca o punto no que o sol está máis afastado do plano ecuatorial, na punta da súa órbita elíptica. Noutras palabras: é o momento no que a Terra está máis lonxe do sol, e a partir de entón os días empezan a diminuír. Os días máis longos do ano están en torno ó San Xoán e dous meses para adiante (poñamos ata o 24 de agosto) e dous meses para atrás (poñamos desde o 24 de abril), do mesmo xeito que os máis curtos van desde o 24 de outubro até o 24 de febreiro, máis ou menos. Por dicilo doutro xeito, en realidade o verán comeza antes do solsticio e remata despois do solsticio, o solsticio marca, certamente, o seu punto medio. A noite de San Xoán é, polo tanto, a noite do medio do verán, a noite máxica (e de aí o título da célebre obra de Shakespeare. O *soño dunha noite do medio do verán* é o soño dunha noite de San Xoán). En definitiva, o 24 de agosto, certamente, aínda que o

calendario oficial non o diga, é xa outono, os días acurtáronse, o estío e a canícula pasaron, xa comezan as xeadas nocturnas. Mesmo pode suceder que apareza unha mañá todo o campo cuberto por unha capa branca de xeo, e os labregos digan: *peñeirou a vella canto quixo*. Pero isto da vella é tema doutro artigo.

Diciamos que en Pontevedra se celebran as festas de San Bertomeu. Nestas festas sae unha figura grazosa, o Centulo, tamén chamado Choqueiro. É unha máscara que representa o Demo, pero no seu aspecto menos perigoso. Mesmo diríamos que é un demo menor, aínda con pouco poder e que podemos facer burla del. Sacábana en Pontevedra, e saía tamén no Entroido e entre o día de Trindade e o Corpus. Das dúas caras do demo, a do medio (que, no fondo, sempre lle temos) e a do riso, o Centulo representa a do riso, como os trasnos e outras figuras do entroido. Os nenos séguenas e fan burla delas. O demo aínda non medrou. Os días aínda non son tan pequenos. Pero xa se nota que

decrecen. Xa se nota.

Dise que San Bertomeu lle deu permiso ao Demo para saír ese día do Inferno. Unha hora só. Din en Pontevedra: *Día de San Bertomeu, anda o demo unha hora solto*. Pero noutros lugares da provincia cren que ese día pode ocorrer calquera desgraza, pois o demo anda solto, e ademais con permiso das autoridades celestes, facendo das súas. Din así: *Día de San Bertomeu di o demo: aló vou eu*. E neste punto lembrarei que para os latinos o día 24 de agosto era nefasto, pois era un dos tres días do ano que se abría o *mundus* (un furado que representaba o inframundo, o lugar dos mortos, da morte, da non vida, o lugar onde estaba Proserpina durante os seus meses do inverno) e os espíritos andaban soltos. Era día nefasto e non se podía traballar nin facer nada.

E así queda aclarado quen é o demo que representa o Centulo. Porque noutros lugares da provincia, aínda, dino con máis claridade: *Día de San Bertomeu, di o inverno: aló vou eu*. ♦

Xosé Miranda



Paco Maciñeiras

‘No teatro afeccionado, a risa do público é tan importante como os cartos’

A.N.T.

Do 16 ao 20 de agosto celébrase en Chantada unha nova edición da Mostra de Teatro Popular, da que vostede foi un dos creadores. Despois de 14 anos de representacións ininterrompidas como se presentan estas xornadas?

Hoxendía é unha das citas máis consolidadas e un dos referentes dentro do ámbito amateur. Dende que o grupo *Faro Miño* a botou a andar no 1991, polo escenario pasaron compañías importantes, cunha afluencia de público considerábel. Para este ano programáronse cinco días de actuacións que culminan co espectáculo de Mofa e Befa *Cultura para dar e tomar*.

Ten que ser complicado para un grupo non profesional organizar unha mostra e conseguir que se consolide.

Nin os máis optimistas pensaron que chegaríamos a 14 edición. Ao principio comezamos a organizalas mediante intercambio, grupos de fóra viñan a nosa mostra e logo nós participabamos na súa. Deste xeito os custos reducíanse moitísimo. Dende hai uns anos contamos coa axuda económica do concello. Con moito esforzo a mostra tirou para adiante e agora en Chantada non se conciben as festas sen que as preceda a semana de teatro.

Vostede tamén foi fundador do grupo *Faro Miño* e sigue traballando nel. Se as compañías profesionais xa atopan problemas, que sobreviva unha afeccionada semella un milagre.

É moi difícil. Tes problemas coas obras, cómpre escoller un guión que se axeite ao grupo e cos ensaios. Se non hai subvencións as cousas complicáncense porque montar un espectáculo e representalo é caro. Dificultades son case todas, pero unha vez que estas atopas a recompensa no público. A súa risa é unha axuda moral tan importante como a económica. ♦

A CORUÑA MUDA EN COMIC

MAR BARROS

A nova edición de *Viñetas desde o Atlántico* encherá de cadriños A Coruña dende o 16 ao 22 de agosto a través das ducias de exposicións nas que destacan o maior número de orixinais e a maior presenza feminina.

A prostituta máis famosa da revista *El Jueves*, a Clara de Noche que xurdiu das fantasías do debuxante Jordi Bernet; o demo Hell-boy, cóctel explosivo que resulta de remexer no mesmo frasco episodios de Expediente X, a Edgar Allan Poe, ironía e o inconfundíbel estilo dun dos grandes xenios do cómic americano Mike Mignola; e O Mercenario, o fenómeno de masa dos oitenta que desatou Vicente Segrelles; os tres personaxes internacionais tomarán a cidade da Coruña durante unha semana como se da Gotham de Batman se tratase, para ledicia de freakies e afeccionados do cómic. Este desembarco de personalidades da banda deseñada na cidade herculina vén da man da celebración da sétima edición de *Viñetas desde o Atlántico*, que este ano contará cun número máis elevado de orixinais expostos e con destacada participación feminina.

Fiel ao espírito que o viu nacer e converterse no referente do cómic no país, o festival coruñés de banda deseñada, organizado polo concello, volve ser do 16 ao 22 de agosto o punto de encontro dos afeccionados e os autores.

Nesta ocasión o Quiosque Alfonso, corazón do *Viñetas*, acollerá as exposicións de dez artistas invitados, que sobresaen a nivel internacional. Dunha banda, o francés Nicolas de Crécy, máis coñecido por ter creado a atípica saga familiar da tetraloxía *León La Came*, compartirá as paredes da sala xunto con outro representante da nova forma de facer banda deseñada, o belga Denis Deprès.

Xunto a eles mostraranse as novas obras de Silver, de nome real Guido Silvestri, artífice do triángulo namorada-pretendente-obstáculo máis famoso do cómic protagonizado polo lobo Lupo Alberto, a galiña Marta e o can Moisés, todo un clásico do cómic europeo que se vén publicando no suplemento infantil de *El País*.

O tándem Idígoras e Pachi, autores da serie *Pascual, mordomo real* da revista *El Jueves*, na que satirizan a realza española, tamén deixarán a súa pegada irónica en viñetas.

Ana Miralles, ilustradora española coñecida en toda Europa por *Eva Medusa* e *Djinn*, subliña a presenza feminina na Coruña a través dos seus traballos e das súas personaxes. A guionista italiana Bárbara Canepa, colaboradora do deseñador Alessandro Barbucci no magazine *Witch*, reafirma no salón este traballo feito por mulleres nun sector eminentemente masculino.

A participación galega corre a cargo dos lapis de Fernando Iglecias, máis coñecido como Kohell,

O francés Nicolas de Crécy, o belga Denis Deprès, o italiano Silver, Idígoras & Pachi, Ana Miralles, a guionista italiana Bárbara Canepa, o galego Kohell ou as mostras 30 anos de revolución portuguesa en cómics, Xabarin Club e a antoloxía de El Vibora protagonizan *Viñetas desde o Atlántico*.



cunha exposición retrospectiva na que se incluírán, entre outros, os orixinais feitos para a revista *Eclipse*, así como as portadas dos álbumes *H2Oil* e *Mmmh!!*.

Exposicións temáticas

Ademais das mostras individuais, no salón coruñés poderanse visitar diferentes exposicións colectivas

nas que se exhibirá parte do pasado e o presente da banda deseñada da península. Coa intención de achegarse ao cómic do país veciño, preséntase no Quiosque Alfonso a mostra *30 anos de revolución portuguesa en cómics*, no que se recollen diferentes traballos de autores lusos.

Coincidindo co aniversario do Xabarin Club, o porco bravo máis

famoso da TVG, creado por Miguelanxo Prado, tamén ten protagonismo en *Viñetas*. Aquí repárase a súa historia tanto televisiva como na banda deseñada.

A antoloxía de *El Vibora*, pioneira do *underground* no Estado e a selección feita por Antonio Martín baixo o título *Os piratas do cómic*, completan o programa de actividades do salón. ♦

CANGAS CARICATURÍZASE

Un presuposto máis modesto que o da Coruña, do 19 ao 25 de xullo celebrouse en Cangas a VIII edición do Salón do Cómic, no que se deron cita destacados debuxantes do eido da banda deseñada e unha gran número de visitantes.

Durante toda esa semana expuxéronse os últimos traballos do ilustradores galegos Víctor Rivas, que participou cos seus debuxos na revista

Golfiño e en *El País de las Tentaciones* e do coruñés Xosé Alberto Taracido, deseñador das personaxes da longametraxe de Dygra *O bosque animado* e que, nestes momentos, está a participar como director artístico na elaboración de *Soño dunha noite de San Xoán*, da mesma produtora. Xunto a eles tamén expuxeron Kano, aquel catalán que pasou de autoeditados os seus fanzines con catorce


anos a debuxar o Superman de Action Comics, e o barcelonés Montys.

Talleres de cómic e caricaturas, a proxección de diferentes películas relacionadas coa banda deseñada, charlas a cargo dos artistas invitados e a entrega de premios do Certame de Cómic foron os ingredientes esenciais da festa e que están a conseguir, ano tras ano, atraer un maior número de público. ♦

Inge Meysel

MARGA ROMERO

Unha estrela leva o seu nome. Faleceu en Beulenhäusen (Hamburgo) o 10 de xullo coa tranquilidade do sono, ela a activista do movemento que reclama a morte con dignidade. Todos os adeuses precisan o seu tempo e o día 23 tivo lugar a despedida no cemiterio de Ohlsdorfer (Hamburgo), entre cores alegres, xirasoles e algúns lirios brancos, fíxose a loanza da dama. Sen relixións. Entre as amizades estaba a política Angela Marquardt do PDS, a quen Inge axudou economicamente cos seus estudos. As súas cinzas fícan á beira do segundo marido John Olden. Media xudía por parte de pai e de nai danesa, naceu en Berlín en 1910 aprendeu que fora filla do amor ao ser concibida antes do matrimonio, logo adoptada polo pai. Quería ser actriz de teatro e foino nun tempo no que as actrices eran deusas e só había unha política: Rosa Luxemburgo. Até os 21 anos non quixo ter nada que ver cos homes. Non quería ter fillos, quería ser actriz e amou unha muller. En Berlín, Leipzig ubicáronse os seus primeiros escenarios axiña ameazados polo nazismo, o que obrigou a media xudía a trasladarse co seu primeiro compañeiro H. Rudolph a Danzig, afastada da súa profesión. Mentres o pai ficaba agochado e tiña con el a unha cápsula de cianuro que lle transmitiu en heranza, e que ela gardou por se lle facía falta, a nai inventaba para Inge un pasado útil: era filla dun heroe ario da I Guerra Mundial. O seu papel, a partir de 1959 na serie televisiva "Das Fenster zum Flur" como porteira e nai loitadora polo futuro dos seus fillos, converteuna na "nai da nación", denominación da que non gustaba xa que non se sentía maternal, senón unha loitadora nata, de esquerdas, símbolo das persoas que loitan por non deixarse suprimir. A súa vida honesta nada extraordinaria levouna a non aceptar a medalla de Honra da Alemaña en 1981. Dixo que abortara cando había que loitar polo dereito do aborto, e no 78 coa feminista directora de EMMA, A. Schwarzer e outras mulleres encabezou a denuncia contra a revista *Stern* pola representación sexista da muller. Defensora da liberdade sexual aseguraba que quen non fose bisexual non coñecía todo o gozo. Emociona vela nos seus últimos filmes televisivos, na defensa da dignidade da velez, é unha avoa que perde o sentido en "Die blauen und die grauen Tage" e unha encantadora velliña á que a policía é incapaz de ver como asasina na serie "Polizeiruf 110". Alemaña chiscala un ollo a esa estrela, mentres alguén se ve na obriga de gardar a cápsula de cianuro. ♦



IMAXES DE BAIONA NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX

A.N.T. *Baiona nas ondas do tempo* é o segundo libro de imaxes históricas que edita o Instituto de Estudos Miñoranos. O anterior recollía instantáneas de todo o Val Miñor e o terceiro, xa previsto, estará centrado en Gondomar. Decía Guy Debord que a historia é a medida das novidades actuais, de aí o enorme

valor que ten coñecela. A isto hai que engadir a masiva aceptación social da fotografía, como mostrou máis unha vez a presentación deste libro, o pasado día 27.

As imaxes locais permiten tamén esa autoidentificación, tan necesaria en países como o noso, onde se coñecen mellor as rúas de Nova York que os camiños

nos que disfrutamos da infancia.

Os libros do IEM teñen polo demais o acerto de acompañar as imaxes con textos ad hoc, asinados por veciños e personaxes variados, que nos contan algo sobre o que vemos.

Elvira Martínez Guisantes, a quen non lle falta xa moito para cumprir o século, aduba, por exemplo, a imaxe do carro competentemente

cargado, con esta descrición:

"Feixe molle, toxo pica, carro canga, vacas súan, home tangué, urra. Zamancas nos pés, varal longo para tanguer nas de atrás e nas de diante, que todas puxen! Dúas parellas, Pomba, Estrela, Negra e Pinta, camiño da tellera de Nigrán, dos fornos de Baiona —Adrianas, Fasquías, Columba (...)" ♦

De volta ao medievo

MAR BARROS

Viaxar no tempo semella ser nos últimos anos o destino preferido de moitos galegos. Cando menos iso desvelan as cifras, cada vez máis preto da estratosfera ou da avalancha humana, que se tiran tralo peche do último posto de artesanía ou de comida das feiras medievais. E é precisamente nos meses de agosto e setembro a época cando máis eventos deste tipo se suceden.

Despois de que Caminha se transformase por primeira vez en vila medieval, e de que en Corcubión sucedese algo semellante, Pontevedra, Ribadavia, Maceda e Catoira ultiman os respectivos programas das súas festas históricas.

A primeira, a de Maceda o domingo 15 de agosto, que comeza co desfile até o castelo. Vestidos de época, animación de rúa durante todo o día, danza, o concerto da coral Albricias e diferentes espectáculos de cetrería son algunhas das actividades que se desenvolverán paralelamente ao mercado. Pero o prato forte vén da man da comida medieval e da degustación do leitón no entorno do castelo.

O último fin de semana de



Participantes na Feira Franca de Pontevedra o ano pasado.

A.N.T.

agosto a cita é en Ribadavia, na Festa da Istoría. Quizais sexan os marabedís que poñen en circulación os organizadores e que se converten na única moeda de cambio para poder adquirir produtos artesanais e comida; quizais os es-

pectáculos musicais e de danza da época ou o desfile inicial con marcha o rei cos seus cabaleiros, a raíña, o bispo e toda unha comitiva que representa o xeito dunha época; ou se cadra é a voda xudía ou o torneo medieval. O que está

claro é que a de Ribadavia érguese como a festa medieval máis importante, xa declarada de Interese Turístico Nacional e Premio Canal da Historia.

E coa resaca aínda dos viños de Ribadavia, e tan só unha semana despois preséntase outro dos eventos que xa veñen sinalados no calendario do concello pontevedrés, a Feira Franca. Un ano máis, e con este xa son cinco edicións dende que se recuperou a festa, Pontevedra vestirase de época para recrear o mercado aberto que alí se celebraba a partir do século XV. A gastronomía, o mercado, o ambiente lúdico, música e animación de rúa son algúns dos ingredientes dunha festa que cada ano conta con máis público.

Invasión viquinga

O Desembarco viquingo que se celebra en Catoira o primeiro domingo de agosto é outro xeito de recrear a historia. Como cada ano os cornos toman a vila na procura de viño do país e esmorga. Despois de dez séculos, aquel capítulo sanguiniento do pasado muda en festa rachada. ♦

Xoias da Arte na Pedra

Xosé Lois Vil ar Pedreira

FRANCISCO CARBALLO

Amei as noites de luar. Nunca esquezo o Amieiral onde ollaba as estrelas até contar 12. Logo tanguía. O treito até a corte era dun quilómetro. Suficiente para tramar o “marro” ou as “escondidas” nas airas ou nas paleiras. Era unha vida.

Seguramente que daquela “arcadia” quedoume o rechazo dos conflitos e mesmo das regueifas que tantas había os días dos fiadeiros. Mais hoxe, inda neste Morrazo no que vivo, chéganme á diario os fognazos de guerras e as augas suxas de querelas. O 25 de xullo dixen que nos querían poñer irtos a nós, os que cremos na cidadanía igual para todos, e dixen pouco. O que queren é impedirmos o paso para o cambio.

Non me estou a referir ao BNG só, que é a creación máis querida da Galiza na actualidade e de porvir venturoso –ben o probaron os mozos de Galiza Nova no día da Patria e na Quintana co estribel de iluminación e forza–; falo da sociedade en xeral que pensa e busca algo confortábel. O neoliberalismo globalizador está empeñado en proxectos de dominio tan ameazantes que nos aterecen. O seu froito envelenado é a “tortura” estendida como un andazo por todas as partes. Deixa no esquecemento a *shoah*. “polos seus froitos os coñeceredes”, dixo o Mestre. Olo esa mácula do neoliberalismo económico e das “democracias” baixo o paraguas dos EE UU: torturan; en Guantánamo, en Abu Graib etc. etc. Este poder que utiliza a tortura psicolóxica, sexual, deshumanizadora, que conta coa connivencia dos gobernos, que mente, suborna, enmudece os *mass media*; tal conexión económica militar e política, desautoriza para sempre o sistema neoliberal. Só vale “o cambio”.

Mais, quedo; poden renacer noites de luar, ao estilo daquelas, que non das do Xosé Ramón Gaioso... Poden; se abrimos os ollos, se preguntamos. Desde os homes da escola de Frankfurt, pasando polas intuicións de posmodernos e de cantos participan, dunha ou de outra forma, nos itinerarios da alterglobalización de Porto Alegre, hai xa o aliñamento de propostas lúcidas, posibles, serias e seguras para o cambio.


Cando as comparo coas de Castelao, Bóveda e “máis nós”, vexo a resurrección e un futuro respirábel. Como lembro os merlos e xilgaros das sebes do Amieiral nos solpores do verán a cantar. Agora ese merlos e xilgaros son as mozas de GN. Algo a engadir á “Alba de gloria de Castelao”. ♦

O ñiñodagua dos petroglifos: Figueiredo e Regueiro de Vilar

Xa nos anos 20 o xesuíta portugués E. Jalhay preocupárase da arte rupestre na costa sur galega, nos 50 don Manuel Fernández Rodríguez, nos 60 o italiano E. Anati e nas dúas últimas décadas do século XX, X. Tamuxe, Costas Goberna, Pablo Novoa, Sanromán e outros. O esforzo de tanta pescuda ofrecéanos un panorama inigualado, non hai outro espazo en Galiza no que se concentren dous dos cinco labirintos do noso repertorio insculturórico, a Laxe Escrita de Bureguiera que comparte superficie cun cento de cruces e o do Pinal do Rei en Marzán (O Rosal) á beira duns deliciosos cerviños estragados polo lume.

Arte esquemática na Xestosiña e na Pedra do Cazador, medios circos concéntricos no Coto de Barcelos en Mougá, espirais, reticulados, escenas de monta, sen esquecer muíños naviculares de soporte fixo... Pero o ñiñodagua dos petroglifos da costa sur ocupou unha laxe dunha ducia de metros cadrados orientada cara ao oeste. A excepcionalidade manifestábase nos distintos puntos de análise, comezando polo asentamento mesmo no balcón do regueiro de Vilar. Na parte baixa da laxe representábase un barco (1,80 m.) –único que non ofrece dúbidas na nosa arte rupestre prehistórica–, desgraciadamente mutilado; cando o río baixa cheo, a auga forma parte da inscultura como un compoñente máis do tema representado, unha forza viva, eventual da natureza; intégrase así como factor dinámico e narrativo.

Quince zoomorfos constitúen o



Petroglifo de Pedornes, nun debuxo de Costas Goberna.

resto do panel nunha actitude de total mobilidade descoñecida en Galiza. Se seguimos a tradición maioritaria serían cervos, pero como carecen de grande comentario ou son cervos femia, ou machos sen as cornas medradas ou outra especie como gamos, corzos... O estudo do movemento delata unha aguda observación da natureza. Os exemplares novos amosan unha total mobilidade de todo o corpo, coa flexión das partes que nos queren indicar distintas posicións de salto co desequilibrio de tronco en varia posturas. Son tres os individuos adultos, percibidos polas maiores dimensións corporais e maior en-

vergadura veñen completar o estudio atlético plasmado na rocha con distintos tempos na acción do salto, patas dianteiras alongadas un e pregadas outros. Dinamismo, lixeira, brincadeira, recursos técnicos nunca antes acadados.

Ademais o gravador ou gravadores das figuras non empregan a técnica habitual consistente en marcar o contorno do animal cunha liña continua ou varias liñas que indiquen extremidades, tronco, pescozo, cabeza e detalles como rabo, falo, cornos, orellas, ollos. Aquí o corpo dos individuos indícase polo baleirado de toda a superficie do animal, recurso que

só coñecemos no gran macho do Coto das Sombriñas en Tourón (Pontecaldelas) e nos cervos do Pinal do Rei de Marzán (O Rosal).

Resumindo, a excepcionalidade do petroglifo de Figueiredo no Regueiro de Vilar fica patente no emprazamento, no representado, nos logros estéticos acadados e na técnica empregada. Unha pregunta no aire: cal é a cronoloxía deste petroglifo? Situámolo no III e II mil a.C. como a maioría dos petroglifos prehistóricos galegos? ♦

XOSÉ LOIS VILAR PEDREIRA é Director da Sección de Prehistoria do Instituto de Estudos Miñoranos.

O Bardo na Brêtema

Rudesindo Soutelo

O fio das lealdades

O amor e mais o ódio, a entrega e o rexeitamento, a confianza e a suspieta são as dúas faces duma mesma emoción. Na música culta galega esses dous extremos se manifestan con forzas muito desiguais.

A classe política en xeral é fanáticamente inculca e odeia tudo aquilo que desconhece. O cinismo político non permite sentimentos de amor. Mas essa inculca é premeditadamente selectiva e intransigentemente galeguizada. A aniquilación da nosa lingua, que subtilmente alicia o espanholismo excluyente, encontra no separatismo linguístico de certo nacionalismo galego o cooperator necesario para nos isolar internacionalmente e ir reduciendo a nosa cultura a un ermo baldío, inculca, rude e esmorecente onde só se nos reconheça o direito á ignorancia.

O lamentábel é que neste culturicidio participe propositadamente o ministro de Cultura do Brasil, Gilberto Gil, que no seu concerto en Compostela nos

aborregou por non submetermos á fala internacionalista, que seguindo ele não é o portugués, nem sequer o inglés, mas o castelhano. Vindo do ministro de cultura dum país que fala a nosa língua, essas palabras só se podem entender como un insulto aos duzentos millóns de utentes que tem a nosa lingua no mundo. Será asneira política ou cultural? Ou vai ser coisa da cooperación com o ministério de cultura espanhol? Nunca me interesei pela sua música, por simples, mas agora também não pelo simplório.

No outro extremo estão os amadores incondicionais, sem poder nem dinheiro, nem meios para dar pulo aos seus projectos. Uma amável leitora, Marilú, enviou-me o cd de *SonDeSeu* “Mar de Vigo” (BOA, do fol 32); uma iniciativa aliciente no requeima do eido do folque urbano. Também recebi a recuperación do repertório de *Os Deczas de Monexas* em cd (Ouvirmos VR0104),

que as nossas institucións devían ter feito há vinte anos, se fossem galegas.

Nesse trabalhar por amor á arte devo destacar o empenhamento de Glória Rodrigues Gil por dar a conhecer a nosa música. Envíame o programa dum concerto didáctico de música contemporánea que se vai celebrar o 5 de Agosto, as dez da noite, no Auditorio Municipal de Goião (Tominho) com obras de compositores galegos e catalães par quinteto de sopra. O programa contem quatro estreias absolutas de Julio Montero, Pablo Beltrán, Glória Rodrigues e Davi Llorens, e completa-se com obras de Jordi Sansa, Rudesindo Soutelo, Ignasi Adiego, Manel Ribera e Albert Sardá. A mágoa é que as institucións sejam surdas e não aproveitem esse esforço privado para sibi rem ao carro da nosa música.

O amor e mais o ódio, ainda que são absolutos e excluyentes, mantém-se unidos por un subtil fio que nos permite conhecer os

diversos graus de lealdade dos individuos intermedios, obliquos, mutantes, descorados, desonestos, indignos ou malicantes. Numa relação amorosa de par qualquer percepção da lealdade distinta do amor ou ódio absolutos é identificado com os ciúmes, e sempre tende a um dos extremos.

Uma apaixonada leitora, Isabel, extraordinária guitarrista mas que está a passar una etapa iconoclasta, zanga-se comigo cada vez que defendo o direito dos autores a vivermos do nosso trabalho. Infelizmente há muitas pessoas na Galiza que inconsistentemente cooperam com o poder galeguizado, e levo meses pensando se vale a pena o esforço que semanalmente dedico a estes artigos.

Para rematar este ano de colaboraciónes em *A Nosa Terra* quero invocar a memória de Borobó, quem de un modo póstumo me cedeu o espazo dos seus “Anacos” e aliciuo o decurso destes escritos. ♦

O Trinque

Historia en cómic

No mes de agosto, cos pés en alto e ao fresco, unha das cousas máis gustosas é ler. E para os se-ráns tépedos, boa lectura é o có-mic. Fran Jaraba vén de publicar *Campos de Cuba* (Xerais), a

continuación das aventuras de Maxi Torres na guerra da inde-pendencia da illa. Pepe Carreiro tirou do prelo a segunda aventu-ra dos Barbanzóns, *No solpor da prehistoria* (Toxosoutos). ♦

Allariz

ACTOS

NOITES CULTURAIS DE VERÁN

O *Roi Xordo* acolle este xoves 29, ás 23:30 h., e por unha entrada de 2 euros a actuación de **Antón Coucheiro Failde** co espectáculo de teatro cómico *Ramón o Camaleón*; o xoves 5 escoitaremos ao músico navarro **Pablo Líquido**; e o mércores 11 a compañía **Camaleónico** representará a peza *Romance del Mundo*.

Ames

MÚSICA

A MALTA

Esta agrupación faranos gozar cos fados portugueses, o xoves 5, ás 22 h., no Pazo da Peregrina de **BERTAMIRÁNS**. O xoves 19, **Sumrrá** vai dar un concerto de jazz na Praza do Porto, no **MILLADOIRO**.



le de lanchas polo río e, no *Salgueiral*, actividades lúdicas, xogos, xantar e baile.

MÚSICA

ACORDEÓN DE BILBAO

Esta orquestra vai dar un concerto na Praza Maior o próximo mércores 4 ás 11 da noite.

O SON DA VILA

Este programa cultural presenta, o venres 20 ás 23 h., no Campo da Festa, a actuación do **Ballet Galego Rei de Viana**; e o sábado 21 á mesma hora e no mesmo lugar, o concerto da gaitreira **Cristina Pato**. O venres 27 poderemos escoitar a **Susana Seivane**.

Bueu

EXPOSICIÓN

ANO LUGRÍS

Mostra conmemorativa, feita a partir de coleccións particulares, que se pode visitar no museo *Massó* até setembro.

TEATRO

¿SHSS... CALMA!

Obra de **Fulano, Mengano**

le CER

Coordinación: Xesús Vaamonde Cid

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

EXPOSICIÓN

ALBERTO SCHOMMER
As súas fotografías exhibense no *Quiosque Afonso* até o domingo 1 de agosto.

VACINAS PARA TODOS
A Domsu acolle esta mostra até o 1 de setembro.

OS RECURSOS XEOLÓXICOS DA TERRA
Esta mostra permanecerá na *Casa das Ciencias* até o 30 de decembro.

NOVA ARQUITECTURA ALEMANA

Amplio percorrido pola arquitectura xermana dos últimos anos con fotografías, planos e descrições de 25 edificios. Até setembro, no museo de *Belas Artes*.

PEDRO ÁVILA

O artista exhibe os seus cadros até o 17 de agosto na biblioteca *González Garcés*.

CON PÉS E CABEZA

Para coñecer mellor o mundo dos cefalópodos podemos visitar esta mostra durante todo o verán no *Aquarium Finisterrae*.

ARQUITECTURA CÍBER

O *Centro On de Caixa Galicia* presenta, até o 15 de setembro, esta serie de imaxes dixitais de edificios de recoñecidos arquitectos.

O TRAZO DOS MESTRES
De Guercino a Canova, así se titula a mostra que podemos ollar, até o 3 de setembro, na Sala de Exposicións da *Fundación Caixa Galicia*, de 12 a 14 h. e de 18 a 21.

SURREALISMO

A mostra *Max Ernst e os seus amigos surrealistas* encontrase na *Fundación Barrié*, onde a poderemos contemplar, até o 12 de setembro. Noventa obras que presentan, como núcleo central, o traballo do pintor alemán, ao que se lle unen

Para Vigo me voy

O festival latino, que se celebra no *Parque de Castrelos de Vigo*, achéganos, este xoves 29, o mellor fado coa marabillosa voz da portuguesa **Dulce Pontes**; e o venres 30 escoitaremos en directo a **Carlos Baute e Coti**. Xa fóra do festival, pero no mesmo lugar, o sábado 7 ás 23 h. estará **David Bisbal**, e o martes 31 os norteamericanos **Offspring**. ♦



Dulce Pontes.

Álex Ubago

O cantante presentará en directo as súas baladas o venres 30 no *Pavillón Multiusos do Sar* de

SANTIAGO; e o sábado 31 fará o mesmo no *Auditorio de Castrelos* en **VIGO**. ♦

Milladoiro



A veterana banda galega celebra os seus 25 anos cunha xira que os levará o vindeiro domingo 8, ás 22 h., ao *Xardín Humbro de Vilanova de Arousa*; o luns 16 escoita-rémolos no anexo ao *Campo de*

fútbol de **REDONDELA**, ás 23 h.; o xoves 19 ás 23:30, estarán no *Pavillón do Porriño*; o venres 20, ás 22:30 h., na Praza do Corgo, do **GROBE**; e o sábado 21, ás 21:30 h., no hotel *Cemar* de **MONDARIZ**. ♦

Feiras do Libro

Onde poderemos coñecer as últimas novidades editoriais ou mercar ese libro que andabamos buscando, beneficiándonos de descontos. Na **CORUÑA**, até o martes 10 de agosto; do venres 13 ao luns 16 en **VIVEIRO**; e do xoves 19 ao domingo 22 en **FOZ** e **CARBALLO**. ♦

Baiona

MÚSICA

CUBE

A banda porriñesa de new metal vai tocar o venres 13 na sala *Marrucho*.

O Barco

ACTOS

FESTA DA BARCA

O domingo 8 a asociación *Fisicocultural* promove este desfil-

Xacobeo Musical 04

Os distintos programas que engloban as actividades musicais dos próximos días do *Xacobeo* anuncian as actuacións de **Alejandro Sanz**, dentro da súa xira *No es lo mismo*, este venres 30 no *Coliseum* da **CORUÑA**; repetindo o domingo 1 en **CAMBADOS**. O sábado 31 poderemos escoitar a **Rubén Blades** e **Elo**,

na **BAÑA**; e a **Luar na Lubre**, **Cadillac** e **Manolo Tena** en **ARNOIA**. As galas televisivas de *La 2* contarán con **Mercedes Peón**, **Susana Seivane** e **Cristina Pato** en **SANXENXO**, o sábado 31. *Los Cien en Vivo* presentan a **Fran Perea** e **Domine Cabra** en **MARÍN** o sábado 31. Máis información en www.xacobeo.es. ♦

Ciclo Litúrxico de Santiago

Esta serie de concertos recollidos no *Codex Calixtinus* pretende ilustrar diferentes lugares de relevante tradición e reconstruír o ambiente musical da época. Poderemos gozar coas actuacións do **Coro Cirma** na Catedral até o sábado 31 ás 8 h., cos *Laudes de Santiago*; na igrexa de San Bieito até o mesmo día, ás 11 h., na *Misa de Santiago*; e ás 19 h., coas *Vesperas de Santiago*; e na igrexa de San Martiño Pinario até o ven-

res 30 ás 19 h., coas *Vesperas*. Ademais o **Ensemble Organum**, dirixido por **Marcel Pérès**, vai dar varios concertos na igrexa de San Martiño Pinario ás 22 h.; este xoves 29 escoitaremos *Aquitania: A Encarnación do Verbo* (s. XI-XII); o venres 30, *Benevento: O oficio gregolatin da adoración da Cruz* (s. IV-XII); e o sábado 31, *Xerusalén-Santo Sepulcro: O oficio noturno da Transfiguración* (s. XII). ♦

Carteleira

FÄHRENHEIT 9/11. Con trazo groso, Michael Moore ilustra sobre as tropelías de Bush para gañar as eleccións, as súas relacións coa familia Bin Laden e contáanos que Iraq non tivo nada que ver co 11-S. ¿Que notición!

SPIDERMAN 2. Nada novo sobre este home araña neorquirino (cidade na que, por certo, proliferan máis as cucarachas). Tobbi Maguire interpreta dignamente o seu monodorde papel. O guionista decidiu mesturar o tempo do cómic orixinal (os anos cincuenta) coa actualidade, o que non lle sae mal de todo. En todo caso, a película non pasará á historia do xénero.

ISI-DISI. Santiago Segura e Florentino Fernández son dous heroes de Leganés. Cando o primeiro se namora de Jaidy Mitchell, comezan os problemas. Humor pesado e moi groso. Ideal para gargalladas viscerais. Para fans de "Flo".

POR AMOR Á ARTE. Unha moza, que prepara o

doutoramento en Belas Artes, liga cun estudante doutra facultade, pero ela resulta ser unha manipuladora que lle fai cambiar de imaxe e que o enfrenta aos seus amigos. Fáltalle un fervor.

SPARTAN. A filla do presidente dos EE UU desaparece e o servizo secreto comanda a busca. Parece secuestrada para a trata de brancas pero informan de que apareceu o seu corpo. As intrigas do malévolo presidente americano.

SHIN CHAN. O famoso nenno de cinco anos retorna ao cinema, nunha aventura que parodia, en parte, o axente 007. En galego en todas as salas.

SHREK 2. O ogro das trompetinas convértese en príncipe, vía matrimonio, mais terá que superar a oposición do sogro, o rei. Nova bulra de Walt Disney. A fada madrriña é a mala e un príncipe acaba converténdose en sapo. A pesar de ser máis tópica que a primeira parte, segue pagando a pena. Mágoa que só haxa versións en castelán-andaluz (o andaluz ponllo a voz de Antonio Banderas) e non en galego.

tentacións e obstáculos do mundo real. Comedia alemá.

O ÚLTIMO BICO. Varios debidos fanse adultos e deben tomar decisións que os comprometen na vida, como casar, ter fillos ou facerse cargo dun negocio. A primeira reacción é botar a correr. Apoloxía do matrimonio.

SHIN CHAN. O famoso nenno de cinco anos retorna ao cinema, nunha aventura que parodia, en parte, o axente 007. En galego en todas as salas.

SHREK 2. O ogro das trompetinas convértese en príncipe, vía matrimonio, mais terá que superar a oposición do sogro, o rei. Nova bulra de Walt Disney. A fada madrriña é a mala e un príncipe acaba converténdose en sapo. A pesar de ser máis tópica que a primeira parte, segue pagando a pena. Mágoa que só haxa versións en castelán-andaluz (o andaluz ponllo a voz de Antonio Banderas) e non en galego.

SER E TER. As catro estacións do ano nunha escola unitaria rural francesa. Documental pedagóxico, apropiado para profesionais ou interesados no ensino.

MACHUCA. Os días anteriores ao golpe militar de Chile (1973) através da ollada de dous cativos de doce anos. Unha sociedade dividida e enfrontada. Admite comparacións coa nosa 1936 e coa Venezuela actual. Moi ben ambientada na época. Especialmente recomendable para os que non naceran ou non lembran aqueles anos. Federico Luppi, coma sempre, xenial, aínda que seña nun papel secundario.

¿QUE SE ESTÁ A COCER? Catro familias de procedencia moi distinta celebran o Día de Acción de Grazas como data que trata de unir aos americanos. Todos sofren algún contratezo co pavo, todos teñen prexuízos e todas as casas recibirán unha visita inesperada. ♦

Galiza Máxica

Os Monicreques de Kukas, a través de marionetas de gran formato, proponen un percorrido por diferentes lendas da tradición popular galega. Kukas ideou a súa *Galiza Máxica* como unha versión libre de mitos e lendas fantásticas da cultura popular, como os acalears, o demo enganado, o pescador e a meiga, o nubeiro, a coca de Redondela e as covas do Rei Cintoouto recollidos, na súa meirande parte, polos irmáns Carré

Alvarellos. Até o venres 30 no Cantón dos Moreno en **RIBADEO**; e do 3 ao 6 de agosto estará na praza de Alfredo Brañas en **CAMBADOS**; do martes 10 ao venres 13 representábase na Praza da Casa da Torre de **REDONDELA**; do martes 17 ao venres 20 na Praza de Sta. María de **VIVEIRO**; do martes 24 ao venres 27 na Praza de San Fernando de **TUI**; e do martes 31 ao venres 3 de setembro na Praza do Tapal de **NOIA**. ♦



Os Cempes tocan en FERROL este sábado 31.

exemplos destacados de artistas da talla de **André Masson**, **René Magritte**, **Victor Brauner**, **Giorgio de Chirico**, **Marcel Duchamp**, **Joán Miró**, **Francis Picabia**, **Oscar Domínguez**, **Alberto Savinio** ou **Yves Tanguy**. A *Fundación* organiza, parellamente, obradoiros didácticos, campamentos de verán e visitas guiadas para adultos. Máis información en www.fbarrie.org.

TEATRO

COSAS MÍAS
O polifacético **Moncho Borraxo** presenta o seu espectáculo, até o domingo 1 de agosto, no teatro *Rosalía*.

Fene

EXPOSICIÓNS

CURUXAS 04
Mostra conmemorativa dos premios *Curuxa*, con máis de un cento de traballos gráficos de todo o mundo, e a animación de *Diver-Show*. No Museo do Humor.

Ferrol

EXPOSICIÓNS

ESTADO DE SITIO
A galería *Sargadelos* organiza esta mostra que podemos ver na súa sala até o 31 de agosto.

SANTIAGO APOSTOL DESDE A MEMORIA
Obxectos cotiáns vencellados a Santiago e á cultura xacobea. No *C.C. Torrente Ballester* até o 31 de agosto.

ARTE AFRICANA
O *C.C. Carballo Calero* acolle unha mostra de pezas do continente negro que podemos visitar até final de xullo.

SGHN
A Sociedade Galega de Historia Natural abre ao público o seu museo, no que se poden contemplar esqueletos de diferentes animais e unha colección de pegadas e de minerais, entre outros elementos. O horario é de 9:30 a 13:30 e de 16:30 a 20:30, de luns a venres.

10 h. na oficina de turismo de Gaifar para facer a *Rota de Camos*, e o domingo 22 para gozar coa *Rota do Litoral*.

TEATRO

OS SETE MAGNÍFICOS
Esta compañía representará o venres 27, ás 22 h. na Foz do Miñor, a peza de monicreques *As cincuenta descowntonadas*.

Ourense

EXPOSICIÓNS

MESTIZAXE
A galería *Visol* acolle a retrospectiva, con traballos provintes de Venezuela, Chile, Xapón, Irak, Grecia, Cuba, Taskente e do Estado Español, até o 10 de setembro.

XABIER CASTRO
Os seus traballos ao óleo poderemos coñecelos no *Ateneo* até o 24 de agosto.

ESENCIA DE ESPIRITUALIDADE DE GALICIA
Mostra sobre a *Ribeira Sacra* que podemos visitar na *Catedral* até o 22 de agosto.

CUASANTE
Interiores titula a súa mostra de pintura que podemos ollar na galería *Marisa Marimón* até o 24 de setembro. A galería pecha durante agosto.

RAMÓN CONDE
O museo *Municipal* é o lugar onde este artista amosa as súas obras até final de xullo.

DE ONTE A HOXE
Esta retrospectiva de obras de artistas ourensáns, pertencentes aos fondos da Deputación, pódense ver até o 8 de agosto no seu *Centro Cultural*.

EUSEBIO RIVERO
O seu traballo pódese contemplar até o martes 20 na galería *Visol*. O mesmo lugar acolle a retrospectiva *Mestizaje*, con traballos provintes de Venezuela, Chile, Xapón, Irak, Grecia, Cuba, Taskente e do Estado español, até o 10 de setembro.

Padrón

EXPOSICIÓNS

BERCE DE ESCRITORES
Centrada nas referencias a *Rosalía*, *Cela*, *Macías* ou *Nicasio Pajares* poderemos visitala nas *Fundacións C.J. Cela e R. de Castro* até o 31 de outubro.



Ponteareas

EXPOSICIÓNS

DARA ESCRIBANO
A pintora viguesa expón no Centro Cultural *Xinzo* até o 31 de xullo (de 16 a 22 h.).

Pontevedra

EXPOSICIÓNS

CASTELAO NA BRETaña
Esta mostra permanecerá durante todo o verán no edificio *Sarmiento do Museo de Pontevedra*.

EUSEBIO RIVERO
Até o 24 de agosto na sala *Teuro* poderemos ver as súas pinturas.

LATITUDES II
Mostra, comisariada por **Xosé Manuel Lens**, de **Almudena Fernández** e **Álvaro Negro** realizada a pé feito para este lugar—na sala de *Caixa Galicia* até o 4 de setembro.

XXVIII BIENAL DE ARTE
Baixo o título *No principio era a viaxe* preséntase esta nova edición da Bienal de Arte no *Pazo da Cultura*, no Instituto *Valle Inclán*, na *Facultade de Belas Artes* e na *Escola de Restauración*, lugares estes que albergarán as obras expostas até o 5 de setembro. Os artistas deste ano son **Almudena Fernández**, **André Cepeda**, **Antonio Ortega**, **Bruno Serralongue**, **Catarina Leitão**, **Darren Almond**, **Eduardo Matos**, **Fernando Sánchez Castillo**, **Fikret Atay**, **Frank Scurti**, **Gert Robins**, **Graham Gussin**, **Grazia Todero**, **Ignasi Aballí**, **João Pedro Vale**, **Luis Palma**, **Massimo Bartolini**, **Mathieu Laurette**, **Melik Ohanian**, **Mónica Alonso**, **MP&MP Rosado**, **Nayia Frangouli**, **Paola Pivi**, **Peter Stel**, **Philippe Hoegen**, **Rubén Ramos Balsa**, **Simon Straling**, **Suso Fandiño** e **Yorgo Sapountzis**.

OS TRABALLOS DE XAQUÍN LOURENZO
O *C.C. de Monteporreiro* adicalle unha mostra ao último homenaxeado *co Dia das Letras Galegas*, até final de xullo.

Redondela
Até o 14 de agosto o N4 (Praza do Conservatorio)

LUZ CASTRO
Até o 14 de agosto o N4 (Praza do Conservatorio)

Redondela

EXPOSICIÓNS

LUZ CASTRO
Até o 14 de agosto o N4 (Praza do Conservatorio)

FESTIVAIS DE VERÁN

Festival

Este festival que se celebra en **CEDEIRA**, conta coa actuación, este venres 30, das bandas **Ultra-cuerpos**, **Chingaleros**, **Lascivos** e **Black Jujus**. O sábado 31 escoltáremos a **Cheetah Chrome**, **Sweet Justice**, **Jon Turbe & The Radioganser**, **Ultra5** e **Muletrain**. A entrada ten un prezo de 20 euros. ♦

A todo Filispín

Este sábado 31 a partir das 21 h. no parque *Rañía Sofía* de Ferrol celébrase este festival no que poderemos gozar co directo do ex **Enemigos Josele Santiago**, os andaluces **O'Funk'illo**, o hip hop dos **Violadores del Verso** e a banda **Loom**. Ademais haberá un grupo de percusión galego-senegalés e números circenses e animación de rúa. A entrada anticipada vale 15 euros e 18 na billeteira. ♦

Lugnasad

A asociación xuvenil *Auruxeira* promove en **BRETaña** (Patoriz), este festival celta, que comezará o venres 6 ás 19 h. cun pasarárías do grupo de gaitas **Cantigas** e **Frores**; ás 20 h. celébrase unha voda polo ancestral rito celta a cargo do *Druída Maior do Reino de Galiza*, **Manuel Aneiros Loureiro**, **Aneiros dos Árabos**; desde ás 21 h. haberá un cea de época, e a actuación do grupo tradicional **Arume** e as **Cartareiras de Tamborela**; ás 22:40 h. actuará a formación **Galitzia**, de Ugraina; e ás 00 h. festexarase a hora meiga cunha gran queimada. Para rematar poderemos bailar ao ritmo dos gaiteiros **Treixadura** e os coruñeses **Tiruleque**. ♦

XXV

Festival de Pardiñas

A mítica festa organizada pola asociación *Xérmolos* celébrase o sábado 7 e domingo 8 en **GUITIRIZ**, e nela poderemos gozar da mellor música e artesanía. O sábado desde ás 19 h. haberá unha mostra de instrumentos de música tradicional e un concerto dos cataláns **Triunfos Són-Oros**, e pola noite a festa chegará aos grupos **Veria**, os **Gralles de Sa Factoria** desde Mallorca, **Susana Seivane** e **Skalariak**. Desde as 10 h. do sábado poderemos visitar a mostra de artesanía, pintura, fotografía, escultura e cerámica, e escoitar a actuación de **Linho do Cuco**. A partir das 18 h. o festival contará coas actuacións de **Nómada**, **Quempallou**, os escoceses **Macfeck** e os bretóns **Gwenlann**. ♦

Festa dos Mundos

Que se celebrará o sába-

do 7 de agosto na Praza de Santa Cristina, en **OLEIBROS** e na que estarán **Carlinhos Brown** (Brasil), **Orishas** (Cuba), **Fanafare Ciocarlia** (ciganos de Moldavia), **Ty** (Nixeria), **Malkit Singh** (Punjab, India), **Ganga Giri** (Australia) e o noso **Xosé Manuel Budiño**. Ademais haberá circo a cargo de **Novo Circo** (Galiza), **Three Two Board** (England-Galiza), **High Flyers** (Africa), **Flying the Fish** (Reino Unido) e **Lee Hayes** (Holanda), como tamén arte na area a cargo de **Etnal Ojeda** (Canarias) e **Oscar Rodríguez** (Galiza). Pasarárías, pirotécnica, animación... ♦

Musicanza

O coñecido como *Festival da Paradanta*, na **CANIZA**, contará, entre o domingo 8 e o xoves 12, coas actuacións dos estadounidenses **Wellwater Conspiracy**, **Riccardo Tesi** e a **Banditalliana** desde Italia; o irlandés **Jerry O'Sullivan**; ou os suecos **Bazar Bia**, entre outros. ♦

XI

Revoltao

Que se celebrará o xoves 12 de agosto no Monte dos Pozos, en **Valdareas** (Vigo). Con entrada de balde, de momento contan coas actuacións de **Terroristas**, **Factor X**, **NOT**, **Coilbox** e **StiGmatribé**. Ademais convidan aos grupos noveis a participar (ver a sección *Anuncios de Balde*, nestas páxinas de Lecer). ♦

A noite do Trasno

Unha nova edición deste exitoso festival, con entrada de balde, acampada, comida e bebida a prezos populares, praia, monte, bo ambiente e música en directo, ao que poderemos asistir o venres 13 e sábado 14 de agosto en Cabo Udra, **BUEU**. O venres a partir das 22 h. van tocar **Xochimilca**, **Ardentia**, o grupo portugués de reggae **Terrakota**, e os franceses de hip hop **Black Baudelaire**, e despois gozaremos dunha gran queimada. O sábado pola tarde haberá xogos populares, pasarrúas, e clown e, ás 22 h, darán un concerto **Matraca Perversa**, **La Fritanga**, **La Kinky Beat** e **Django Fm**. Máis información en www.mozasemozozos.org.

Felipon

A parroquia de Limodre, en **FENE**, acolle o venres 13 e sábado 14 de agosto este festival, no que poderemos escoitar, do primeiro día, ás bandas **Aston Martins**, **Situation Vacant**; **Nirvana UK**, **Biscuit** e **The Lucky Bishops**, e o segundo a **The Shannons**, **Les Philippines**, **Guru Deva**, **Doctor Divago**, **Super Ratoones** e **Surfin' Lungs**. ♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do Lecer pregámosvos nosas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, antes do correo, Apido. 1-371-36200. Vigo: por Tel. 986 222 405, por Fax 986 223 101 ou correo electrónico info@ano-saterra.com

Vello mostrará as fotografías de New York e os traballos de vídeo desta enxeñeira informática ferrolá, reciclada en artista e residente en Santiago.

Ribadavia

■ EXPOSICIÓNS

IMAXES DE GALICIA
Fotografía etnográfica. En homenaxe a Xoaquín Lourenzo, no Museo Etnolóxico até finais de xullo.

Ribeira

■ EXPOSICIÓNS

ALFONSO COSTA
Esta retrospectiva do pintor e gravador galego está no Museo do Gravado de Artes até decembro. Neste mesmo lugar e durante as mesmas datas tamén podemos contemplar a mostra titulada *Os caprichos de Goya e de Dalí. A alma do xento.*

ANTON VAN DYCK.
ICONOGRAFÍA

Esta mostra de 125 estampas do s. XVII poderá visitarse durante este ano no Museo do Gravado, en Artes.

Sada

■ EXPOSICIÓNS

CARLOS BARCÓN
Podemos ver unha selección do seu traballo na Casa da Cultura até este venres 30. O mesmo lugar acolle unha mostra de *Maquetas Navales.*

Salvaterra

■ TEATRO

III MÓSTRATE
Esta mostra de teatro amador celebrábase entre este xoves 29 e o domingo 1 na Carballa das Fraguas, ás 23 h, con entrada de balde. Organizado pola A.C. *Solpor de Fornelos* da Ribeira, o xoves 29 estará *Solpor Teatro* (Fornelos da Ribeira) con *O anel máxico*; o venres 30 a compañía escénica *Tea-Tro* (Pontareas) con *A pousadeira*; o sábado 31, *A Esmorga* (Vigo) con *Farsas*; e o domingo 1, ás 20:30, actividades infantís, e ás 23 *Patatin Patatán* (A Coruña) con *Trafic*.

Santiago

■ ACTOS

FLASH-BACK COMPOSTELA
Este espectáculo de rúa sobre o *Xacobeo* encherá a cidade durante todo o verán de xigantes, cabezudos, boncos de trapo e distintos actores galegos.

■ EXPOSICIÓNS

ARQUITECTURAS NO CAMIÑO
As intervencións arquitectónicas, paisaxísticas e de

Convocatorias

III XORNADAS DE HISTORIA E CULTURA

Baixo o título de *A II República e a guerra civil na bisbarra da Barbanza*, entre o 12 e o 14 de agosto, celebrarase na Casa da Cultura do PORTO DO SON estas xornadas, organizadas pola Concellaría de Cultura, a Universidade de Santiago e a Fundación Comarcal Noia. O xoves 12 ás 10 h. serán inauguradas por **Isaac Díaz Pardo**; presentárase a novela *Aviones sobre el pueblo*, de **Carlos Montenegro**; *Da educación republicana á do primeiro franquismo: memorias dun escolar laicista* é a conferencia de **X. Alonso Montero**; *O fustamento de David Marín Ramos* (presidente da CNT de Portosín) é a conferencia de **Xerardo Agrafoxo**; a de **Manuel Mariño del Río** versará sobre a *II República e a guerra civil no Porto do Son*; e haberá un mesa redonda con todos os conferenciantes moderada por **Carlos Pereira Martínez**. O venres 13 farase unha *excursión a Rianxo* e o seu campo de concentración e pronunciaranse as conferencias *A mecánica represiva do franquismo: lexislación e aplicación*, por **Bernardo Máz Vázquez**; *II República e guerra civil en Ribeira e Póboa do Camariñal*, por **José A. Pérez**; *II República e guerra civil en Boiro*, por **Antón Rodríguez Gallardo**; *A guerra civil nos escribas da Barbanza*, por **Xoán Pastor Rodríguez Santamaría**; para rematar un recital poético. E o sábado 14, noua excursión, desta volta a **Muros** e ao seu campo de concentración; e as conferencias *O anarquismo na Galiza durante a II República*, por **Carlos Pereira Martínez**; *A II República e a guerra civil en Rianxo*, por **Xesús Costa Rodill**; **Xesús Santos Suárez** e **Xosé Comoxo**; *A CNT na Barbanza na II República*, por **Dionisio Pereira**; e a de clausura titulada *Galiza na diáspora: o exilio e a*

emigración a Buenos Aires, a cargo de **Xosé Luis Axeitos**. Máis información e inscricións no tel. 981 867 412, fax 981 767 358 ou no correo electrónico concilleriacultura@portodoson.net.

XII CERTAME LITERARIO DE NOVELA CURTA LUEIRO REY
O Concello do Grobe, xunto con *Sotelo Blanco Edicións*, promoven este premio para honrar a memoria desta figura, así como fomentar a promoción da literatura galega e os seus autores. Poderá participar calquera persoa, sen distinción de idade ou nacionalidade, cos textos en lingua galega, conforme ás *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do ILG* e a *RAG* aprobadas polo Parlamento galego. Os traballos, que deberán ser orixinais e inéditos, terán unha extensión mínima de sesenta páxinas e máxima de 120, tamaño DIN A4, de mil oitocentas matricas cada páxina, aproximadamente. Do texto enviaranse 5 copias, baixo lema, antes do 15 de agosto a *XII Premio Manuel Lueiro Rey, Concello do Grobe*, Praza do Corgo s/n, 36980-O Grobe (Pontavedra), coas que se adunará un sobre pecho no que figuren, fóra, o lema e título, e que conteña o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro. Máis información en cultura@turismogrove.com.

PREMIO DE NOVELA CURTA XULLÁN MAGARINÓS NEGREIRA
O Concello de Negreira, na conmemoración do centenario do nacemento do avogado e escritor local, promove este certame, ao que poderán concorrer todas aquelas persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, presentando unha ou máis obras, que deberán ser orixinais e inéditas e estar escritas en lingua galega. Nos relatos, cunha extensión non inferior a 30 folios DIN A4 nin superior a

50, por unha soa cara e a duplo espazo, figurarán o seu título e un pseudónimo ou lema do autor, que se enviará por quintuplicado e nun sobre pecho, no que incluíra os seus datos persoais. As novelas remitirase ao Concello de **Negreira**, rúa do Carme 3, 15830 -A Coruña, facendo constar no sobre o lema *Premio de Novela Curta Xullán Magarinos Negreira*, antes do 1 de setembro.

PREMIO DE INVESTIGACIÓN HUMANÍSTICA ANTONIO LÓPEZ FERREIRO

A Xunta de Galicia crea este certame de investigación humanística, dotado con 37.000 euros, para recoñecer o traballo dos investigadores prestixiosos. Poden concorrer aquelas persoas que veñan realizando investigación, polo menos desde hai quince anos, na área humanística e que estean adscritas a centros públicos ou privados empregados na Galiza, que sexan investigadores galegos non vinculados a centros do país, ou investigadores que sen cumprir os requisitos anteriores teñan abordado temas directamente relacionados coa Galiza. Para poder presentarse serán propostos por algunha institución académico-científica, pública ou privada, con personalidade de xurídica propia, ou estarán avalados, polo menos, por dez investigadores da área, no caso de que concorran por iniciativa propia. As solicitudes formalizaranse no modelo oficial que está a disposición dos interesados en www.dxid.org e www.xunta.es/concelle/in_xunto e dunha breve memoria na que se xustifique que o traballo do candidato faulle acreedor do premio, ademais da copia das publicacións máis relevantes, até un máximo de dez e calquera outra documentación que se considere oportuna, que serán presentadas, antes do 6 de setembro, no rexistro da *Dirección Xeral de Investigación e Desenvol-*

vimento da Xunta de Galicia, da rúa dos Feáns 7, local C 15706 de **Santiago de Compostela**. Tamén se promóveo o *Premio de Investigación Humanística para Investigadores Mozos*, dotado con 6.100 euros ao que poderán concorrer investigadores que cumpran as condicións de participación e entrega requiridas no premio anterior, sempre que non trascorresen máis de 6 anos desde a presentación da súa tese de doutoramento e que entreguen xunto cos oito exemplares do currículo e da memoria, copia das publicacións máis destacadas, até un máximo de cinco.

III PREMIOS GALICIA DE COMUNICACIÓN

A Secretaría Xeral para as Relacións cos Meios Informativos da Xunta pretende recoñecer e valorar, con estes galardóns, ás entidades, profesionais e empresas que contribúan a afondar na realidade galega. Para isto establece 6 modalidades de participación: *Premio á mellor iniciativa no campo da comunicación en medios informativos*; *Premio ao mellor labor de comunicación en medios impresos*; *Premio ao mellor labor de comunicación de xornalismo gráfico en medios impresos*; *Premio ao mellor labor de comunicación en medios radiofónicos*; *Premio ao mellor labor de comunicación en televisión*; e *Premio á mellor empresa ou institución*. Para cada categoría concédese un premio de 6.012 euros, e para participar os interesados deben presentar as solicitudes, antes do 15 de outubro, na *Secretaría Xeral para as Relacións cos Meios Informativos*, sita no Edificio Administrativo de Presidencia en San Caetano, 15771 de **Santiago de Compostela**, nun sobre pecho con 6 exemplares do xornal ou revista, caso de referirse a un artigo, ou dúas cintas co programa ou programas de radio ou televisión. ♦

A Casa Simeón de SANTIAGO acolle a mostra *Rosalía ilustrada*. No imaxe, o deseño de Pepe Carreiro que forma parte da exposición.



recuperación física dos camiños a Santiago. No CO-AG desde o 30 de xullo ao 31 de outubro.

A MULLER NA OBRA DE GRANELL
Podemos contemplar no Museo Granell esta retrospectiva na que, a través de 100 obras do artista, se tenta amosar a influencia do xénero feminino, tanto na súa produción plástica como literaria.

ROSALÍA ILUSTRADA
Até o 10 de setembro poderemos ollar na Casa Simeón

excelentes traballos dos mellores debuxantes do país inspirados na obra da ilustre poeta.

CAMIÑANTES
A galería *José Lorenzo* propuxo os artistas iste término, que cada quen interpretou como quixo. A consecuencia é esta mostra de pintura, escultura e fotografía de **Alexandro**, **Arturo Brea**, **Ramón Conde**, **Paco Pestana**, **Tomé**, **Xosé Luís de Dios**, **Felipe Criado**, **Alberto Gulías**, **Marcos López**, **Fernando Pereira**, **Victor Ferreira**, **Bucioño**, **Xabier Magalhães**, **Xabier Carrasco**, **C. Martínez**, **Casanova** e **Alfonso Costa**.

OUTRAS MENINAS
Versións de medio cento de artistas españois contemporáneos sobre o célebre cadro de Velázquez. Até o 1 de setembro na *Aula de Cultura* de Caixa Galicia.

ACISCLO MANZANO
As portas da luz, reflexión sobre a Porta Santa do coñecido escultor galego na Casa da Parra até o 30 de agosto.

EN OLOR DE SANTIDADE
Na igrexa de San Domingos de Bonaval podemos ollar, até o 29 de agosto, unha selección de relicarios procedentes de todas as diócesis de Galiza.

SANTIAGO E A MONARQUÍA ESPAÑOLA
A importancia iconográfica, documental, tipolóxica e histórico-artística do culto a Santiago desde a óptica dos encargos rexios. No Colexio de Fonseca até o 19 de setembro.

OLAF MOOI
A galería *Trinta* (Virxe da Cerca 24) recolle un resumo do amplo abano da actuación artística deste holandés nado en Rotterdam no ano 58. *Pirate wagons*, vellos semiremorques; *Haircars*, autos humanizados; caixas de luz, obxectos e pezas con son completan a segunda exposición individual do artista en España. Até o 4 de agosto.

A HOSPITALIDADE NO CAMIÑO
A asistencia hospitalaria ao peregrino foi unha preocupación constante para os custodiantes do camiño. A historia da fundación do Hospital Real, hoxe Hostal dos RR Católicos, no Museo do Pobo Galego até o 29 de agosto.

A ARAÑEIRA
Un cento de artistas da *Colección CGAC*. Por primeira vez, unha única exposición ocupa as tres plantas do edificio, entendéndose a zonas alleas ao percorrido expositivo habitual. Pinturas, esculturas, fotografías, vídeos e instalacións, que marcaron o curso da arte das últimas décadas, nun auténtico paseo pola arte. Até setembro

CRISTINA GARCÍA RODERO
O Museo das Peregrinacións acolle, até o 19 de setembro, esta mostra fotográfica sobre a *Peregrinación de Santiago en Haití*.

ALEXANDRE BÓVEDA
Na galería *Sargadelos* podemos contemplar unha mostra adicada ao ilustre nacionalista titulada *Aparentamentos biográficos*.

EXALTACIÓN DAS ARTES
Pintura e escultura da *Colección do Grupo Santander* até o 19 de setembro na Igrexa da Compañía.

TRAS O ESPELLO
Mostra adicada á moda española que se pode visitar nas *Fundacións E. Granell*, *G. Torrente Ballester* e *Caixa Galicia*, até o 1 de setembro.

COMPOSTELA E SAN CLEMENTE DE PASANTES
A capela do IES *Rosalía de Castro* acolle esta mostra até o 12 de setembro.

7.000 ANOS DE ARTE PERSA
Podemos ollar esta mostra no museo *Diocesano* até o 5 de setembro.

MANUEL RUIBAL
Os xardíns do Auditorio acollen a mostra *Campo de Estrelas* até o 27 de outubro.

VICENTE PREGO
Podemos coñecer o traballo deste artista, baixo o título de *Diario*, até o 30 de xullo na galería *Espacio 48*.

VALDOVIÑO
■ CINEMA

CUANDO MENOS TE LO ESPERAS
Iste xoves 29 podemos ver esta película na Casa da Cultura.

VERÍN
■ EXPOSICIÓNS

ANDRÉS SANTEIRO
O artista amosa a súa obra na Casa do Escudo.

VIGO
■ EXPOSICIÓNS

ANTONIO NOTARIO
Podemos contemplar o traballo deste artista do mercado 4 ao domingo 15 na sala II do Centro Social *Caixanova*. No mesmo lugar desde o mércores 25 de agosto ao 12 de setembro amosará a súa obra *Viruka Barreras*.

30º ANIVERSARIO DA CORAL DE VALADARES
Fotografías retrospectivas a historia da Coral Polifónica deste centro veciñal e cultural, que poderemos contemplar, até o 31 de agosto, na 1ª planta do Centro Cultural de Valadares.

JORGE CASTILLO
Presenta a súa obra máis re-

Verín

■ EXPOSICIÓNS

ANDRÉS SANTEIRO
O artista amosa a súa obra na Casa do Escudo.

Vigo

■ EXPOSICIÓNS

ANTONIO NOTARIO
Podemos contemplar o traballo deste artista do mercado 4 ao domingo 15 na sala II do Centro Social *Caixanova*. No mesmo lugar desde o mércores 25 de agosto ao 12 de setembro amosará a súa obra *Viruka Barreras*.

30º ANIVERSARIO DA CORAL DE VALADARES
Fotografías retrospectivas a historia da Coral Polifónica deste centro veciñal e cultural, que poderemos contemplar, até o 31 de agosto, na 1ª planta do Centro Cultural de Valadares.

JORGE CASTILLO
Presenta a súa obra máis re-

D.O.G.


CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN, ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Vénse de anunciar a convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a traballadores ocupados, cofinanciadas polo fondo Social Europeo. Poderán ser beneficiarios das subvencións os centros incluídos no censo de centros colaboradores de formación profesional ocupacional da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais ademais de outras empresas ou agrupacións de empresas e corporacións de dereito público. As solicitudes dirixirase a esta consellaría. Máis información na páxina oficial da Xunta de Galiza. ♦

Apóstolo 04

As festas da capital galega contiñan cun amplo e variado programa de actividades culturais. Este xoves 29 comeza o *XXVI Encontro de Chave* e o venres 30 ás 22 h. no paseo central da Alameda tocará a *Orquestra Embajadores*. O sábado 31 rematan as festas cos fogos de artificios na escahinata do *Campus Universitario* ás 23 h. O centro neuráxico da música vai ser a praza da *Quintana*, co concerto este xoves 29 de *Danza Invisible*; o

venres 30 a praza encherase para ver a *Seguridad Social*; e para remate das festas o sábado 31 *Los Secretos* presentarán o mellor pop dos 80. A música chegará tamén á Praza do Toral, de balde, o venres 30 cos cameruneses *Justin Tchatchoua Band*, ás 24 h; e ás 1 h. do sábado 31 danzaremos co mellor reggae da man da banda *Afro Brass*. Venda de entradas no teatro *Principa*, e no servizo de teletelisteira de *Caixa Galicia* e *El Corte Inglés*. ♦



Coreografía para 5 travestis, 2001, de Manu Arregui, que forma parte da mostra de vídeos Bad Boys no Maccó de VIGO.

cente na *Casa das Artes*, até o 12 de setembro.

UNIÓN DE EXPLOSIVOS ESPAÑOLES
Exhibe a súa colección até o 31 de agosto na fundación *Caixa Galicia*.

MARTA OLIVARES
Podemos contemplar o traballo desta artista na *Casa da Cultura* até o 29 de agosto.

OSWALDO GUAYASAMÍN
O pintor sudamericano expresa na obra a grande epopeia plástica de todo o continente. As súas raíces, andinas en esencia, son universais na súa proxección, xa que a súa inspiración é o ser humano cos seus sentimentos e emocións. Nado en Quito en 1919, de pai indíxena e nai mestiza, foi o maior de dez irmáns, dando mostras de poseer dotes excepcionais desde moi cedo. De longa traxectoria e amplo currículo de premios e galardóns, podemos contemplar a súa obra no Centro Cultural Caixanova até o 1 de agosto.

ATRÉVETE A SOÑAR
Mostra interactiva sobre o cinema, a historia e a tecnoloxía que podemos visitar, até o 30 de setembro, no C.S. *Caixanova*.

CAMIÑOS DE PORTUGAL A SANTIAGO
O Instituto Camões acolle esta mostra até final de xullo.

THE LAST PICTURE SHOW
Mostra sobre as *Tendencias conceptuais e os novos usos na fotografía entre 1960 e 1982*, producida polo *Walker Art Center* de Minneapolis. Poderemos ver as máis de 200 obras de 55 artistas, en todo tipo de formatos e soportes, até o 19 de setembro na planta baixa do *MARCO*.

LAUGHING ALLOWED
A galería *Ad Hoc* ten un novo espazo (Joaquín Lóriga 9) no que acolle esta mostra que reúne, até o 31 de xullo, obras de artistas como *Chele Matesanz, Xoan Anso, Juan Carlos Román, Josep María Martín, Artemio* ou *Silvia Gruner*.

A RECONQUISTA
Este episodio histórico recréase até o 25 de xullo no museo *Quiñones de León*.

O DESEÑO DO SÉCULO XX NA GALICIA
A creación do necesario. Aproximacións ao deseño do século XX na Galicia, mostra do *MARCO*, comisariada por *Marisa Sobriño*, adicada ao deseño de maquinaria, mobles, electrodomésticos, empacados, gráfico... no noso país. Proxogada até o 5 de setembro.

YANKA XL
A Casa da Xuventude acolle até o venres 30 as súas instantáneas en branco e negro.

MAGIC PENCIL
O British Council produce esta mostra sobre ilustracións de libros infantís no Reino Unido na actualidade, que permanecerá no *MARCO* até o 12 de setembro. Hai *talleres didácticos para crianzas* de martes a venres de 12 a 14 horas.

BAD BOYS
Até o 5 de setembro no salón de actos do *MARCO* poderemos ver gratuitamente esta serie de vídeos de artistas españois, producida polo *Ministerio de Asuntos Exteriores* gallo da *50 Bienal de Venecia*, na que se exhibirán en proxección monocrome, en continuidade, pezas de *Manu Arregui, Carlos Conzest, Jon Mikkel Ekba, Joan Morey, Sergio Prego, Pepo Salazar e Fernando Sánchez Castillo*. Os pasexos son ás 11, 12:30, 17 e 18:30 h. de martes a domingo, incluíndo festivos.

FIN DE CURSO EN VALADARES
Este sábado 31 ás 8 do serán o alumnado das distintas especialidades da Escola de Música dan un concerto no Auditorio do CVC de Valadares. Esta mesma sociedade organiza para o domingo 8 de agosto as

Anuncios de balde

■ **Tas un grupo e gustaríache tocar no Revolto de Vigo?** Nesta XI edición queremos apoiar ao xoves valeros da canteira musical. Calquer grupo novel, de calquer xénero poderá subirse ao escenario, por 15 ou 20 minutos, para darlle a oportunidade a todos. Só hai que cubrir unha ficha e entregala na Secretaría do *Centro Veciñal e Cultural de Valadares (Vigo)* en horario de oficina, ou na *Casa da Xuventude*, até primeiros de agosto.

■ **Alugo casa totalmente equipada e con garaxe en Nogueira de Ramuín**, na Ribeira Sacra. Para pasar uns días ou por semanas. Telf. 986 376 022 / 661 642070.

■ **Desexo facer amigas que amen a música clásica**, a literatura e o teatro. Fran, telf. 605 099 722.

■ **Alugo casa nos Ancares**, en Corneantes (próxima ao Piornedo) recén restaurada. Por temporadas ou todo o ano. Telf. 666 876 102.

■ **En Sanxenxo, alúgase no verán amplo estudo** con coziña independente, exterior, piscinas, praza de garaxe. A 500 metros da Praia de Silgar e a 7 min. da Lanzada. Telf. 986 691 174 ou 986 220 809.

■ **Os Oito Maravéis, novo albergue para peregrinos en Sarria**. Coziña, figorífico, lavadora, auga quente, servizo de sabas, prazas para bicicletas. Rúa do Conde de Lemos 23, Sarria. Telf. 629 461 770.

■ **Precisase camarreira ou camarero en Vilagarcía** para restaurante de próxima abertura. Telf. 986-627 555 560 ou 986 504 652.

■ **Véndese acordeón diatónico de botóns**, novo. Chamar ao telf. 986 227 039 a partires das 19 h.

■ **Alúgase casa na ría de Muros e Noia** para os meses de agosto e setembro. Telf. 615 864 477 ou 981 765 089.

■ **Alúgase piso na Avda. Fisterra da Coruña** por 365 euros. Telf. 607 638 045.

■ **Alúgase casa no Saviñao, perto do Miño, na Ribeira Sacra** luguesa. Restaurada con calefacción e cheminé. Fins

11.000 km, nova e económica. Chamar ao 607 950 511.

■ **Mentres contemplo unha exposición de Chillida**, penso nunha frase súa: "Cando entrei en Santa Sofía de Constantinopla olleei un grande espazo musical". Nese momento gustaríame ter ao meu lado unha muller coa que falar do espazo, da arte, de Estambul, de Chillida, da música... Creo que os corenta anos é unha boa idade para explorar o mundo, e disfrutar da arte, dos sons, dos silencios e da vida. **Se hai algunha muller sensíbel que comparta estes pensamentos, e queira vivilos conmigo**, pode escribirme a: *literario04@yahoo.es*.

■ **Alúgase casa en primeira liña de praia**, completamente equipada para 6 persoas e con garaxe. Telf. 981 761 158.

■ **Fanse traballos de carpintaría**, armarios empotrados, coziñas, mobles a medida, portas, tarimas, frisos... na Terra Cha. Presuposto sen compromiso. Telf. 982 501 066, 652 924 327 (Xoán Carlos).

■ **Música clásica para vodas**. Diferentes grupos de cámara e voz. Telf. 650 829 411 e 981 507 925.

■ **Rapaz de 33 anos fillo de galegos residente no País Vasco. Gustaríame coñecer moza xeitosa e cariñosa como min**. Se queres coñecerme, chámame. Meu nome é Alberto. 616 870 906.

■ **Psicoterapia, primeira consulta de balde**. Psicólogo formado na Arxentina (retornado) ofrece unha psicoterapia centrada na persoa, activa e adicada a problemas na familia, na parella ou para afrontar situacións límite (mortes, enfermidades terminais, intervencións cirúrxicas, emigración). Pedir cita no 981 134 144 ou no correo electrónico *centrosentidogaliza@hotmail.com*

■ **Alúgase piso novo para 4-6 persoas na praia de Agrelo en Bueu** (Pontevedra) en setembro. Telf. 986 321 233. ♦

A Rede



RADIO GALIZA
www.radiogaliza.net

Nacida para abrir un novo espazo cultural e como contrapeso ás liturxias folclorizantes con gusto polo exnberismo, a emisora en liña Radio Galiza comezou a súa programación na rede o Día da Patria deste ano. É unha iniciativa aberta e dinámica, unha plataforma de expresión libre que ademais recibe de bo grao colaboracións alleas. ♦

ATÉ O CONFÍN DO MUNDO
O Museo do Mar acolle, até outubro, esta mostra sobre a relación de Galiza co Atlántico e o Mediterráneo e as peregrinacións marítimas.

JOSÉ
A galería *Sargadelos* acolle a súa pintura até o venres 30 de agosto.

MAGIC PENCIL
O British Council produce esta mostra sobre ilustracións de libros infantís no Reino Unido na actualidade, que permanecerá no *MARCO* até o 12 de setembro. Hai *talleres didácticos para crianzas* de martes a venres de 12 a 14 horas.

YANKA XL
A Casa da Xuventude acolle até o venres 30 as súas instantáneas en branco e negro.

BAD BOYS
Até o 5 de setembro no salón de actos do *MARCO* poderemos ver gratuitamente esta serie de vídeos de artistas españois, producida polo *Ministerio de Asuntos Exteriores* gallo da *50 Bienal de Venecia*, na que se exhibirán en proxección monocrome, en continuidade, pezas de *Manu Arregui, Carlos Conzest, Jon Mikkel Ekba, Joan Morey, Sergio Prego, Pepo Salazar e Fernando Sánchez Castillo*. Os pasexos son ás 11, 12:30, 17 e 18:30 h. de martes a domingo, incluíndo festivos.

Festas dos Socios, dos Veciños e do Polbo no Monte dos Pozos. De interesarche amosar ou vender algo (pintura, artesanía, rosquillas, sidra...) chámalo, antes das 21 h. do 4 de agosto, ao telf. 986 467 053.

Viveiro

■ **EXPOSICIÓNS**

FOTOXORNALISMO EN LUGO
Podemos ver esta mostra na sala de *Caixa Galicia* até o 31 de agosto.

Ponferrada

■ **EXPOSICIÓNS**

XURXO LOBATO
O recoñecido fotógrafo amosa, até finais de setembro no *Museo de El Bierzo*, a mostra *El Camino Encantado*, na que presenta 50 instantáneas en color onde reflicte a súa ollada persoal do Camiño de Santiago nesta zona.

Porto

■ **EXPOSICIÓNS**

RICARD TERRÉ
Um ano de fotografía española. Imaxes dos anos 50 que fan del un documentalista estético e renovador da fotografía, de acordo coa visión de Cartier-Bresson. No *Centro Português da Fotografia* até o 5 de setembro. Entrada de balde.

VI PORTOCARTOON WORLD FESTIVAL
É o maior festival de Portugal e un dos tres primeiros do mundo. O tema desta edición é o de *Desporto Sociedade* e a mostra inclúe os traballos premiados e as mencións de honra, chegando a 228 orixinais. Até finais de setembro no *Museu*

Nacional da Imprensa.

■ **MÚSICA**

NOITES RITUAL ROCK
Nos Jardíns do Placío de Cristal a partir das 21:30 h. do venres 27 de agosto e até o sábado 28. Mais non só rock, o cartaz abre coa irreverencia dos *Fat Freddy* e o hip hop de *Sam the Kid*, a estrear a nova banda de *Manel Cruz e Peixe*, a encher o palco de *Rosa Carne*, con *Cla*. E despois coa forza dos *Blunder* ou o rock electrónico dos *X-Wife*; a nova fase dos *Zen* ou a confirmación dos *Mão Morta*. Con espazo, no Palco Ritual, para cantautores e novos valores. A *Feira Alternativa* celebrárase o sábado no Pavilhão Rosa Mota do BMAG.

Lisboa

■ **EXPOSICIÓNS**

FUNDAÇÃO CALOUSTE GULBENKIAN
Unha visita a esta fundación sempre é grata. Agora acolle diversas mostras como, *Uma obra em foco: Quotidiano familiares - Os meses do ano - Francesco Bartolozzi (1728-1815), William-Nelson Gardiner (1766-1814)*, unha ducia de gravuras representando os meses do ano, sublinhando as características de cada mes; no *Museu Calouste Gulbenkian* até o 18 de agosto. *Goa e o Grão-Mogol: o luxo e o requinte do Imperio Mogol* através de libros, pinturas, xoiás, téxtéis, porcelanas e mobiliario; na sede da fundación até o 5 de setembro. *Mnemonopolis*, doce pinturas acrílicas sob plexiglas de Gil Heitor Cortesão, de ambientes fétricos, que poden mesturar recintos públicos, multitudes, edificios, frases publicitarias, balóns de feira... no CAMIAP até o 26 de setembro. Pecha os luns. ♦



Alberto Almeida

O venres 27 e sábado 28 de agosto celebrárase no PORTO as *Noites Ritual Rock*. A esquerda, a actuación de *Terrakota* na edición do ano pasado.

Tui, cidade cultural

A vila terá na praza de San Fernando o centro neuráxico das actividades culturais do verán: este sábado 31 ás 22:30 h. vai tocar a *Banda de Música Popular de Tui*, xunto coa *Unió Musical Covarrina*, de Castellón; o martes 3 gozaremos do mellor folc internacional co directo de *Capercaillie*; o sábado 7 chegará o *Xove Ballet da Coruña*; e o venres 14 ás 22:30 h. os máis cativos gozarán coa proxección da película *Buscando a Nemo*; e o venres

20 o actor *Carlos Blanco* presentará o seu exitoso espectáculo *Dilei*; o sábado 21 vai ser o turno das bandas locais de rock *Heissel* e *Phantom*. Ademais o venres 6 ás 22:30, nos terreos traseiros da *Área Panorámica*, o *Grupo Lírico Calderón* chegará a zarzuela *La verbena de la palma*; e o venres 20 a A.C. *A Insua* organiza, na ribeira do río Caldelas, o *Festival Folc*, que protagonizarán *Treixadura, Deua Dubra* e as pandereiteiras *Donicelas*. ♦

Anxo Quintana ten un valor aínda pouco apreciado. O seu perfil e o seu discurso poden permitir que o nacionalismo consiga votos entre parte dese 53% do electorado que

vota PP. El sabe que aí se atopa moita da cidadanía máis desfavorecida do país e sabe tamén que as súas ideas non teñen porque estar tan afastadas das BNG, como a simples vistas pare-

ce. O de Allariz fará ben en non fiarse de definicións políticas estereotipadas e en ir ao fondo, que non é o mesmo que xirar ao centro. A tarefa non é para un ano só, máis é urxente. ♦

DIRECTOR: Alfonso Eliré López. EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Xosé Fernández Puga. PRINCIPAL: 22, planta baixa (36202) Vigo. TEL: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. FAX 986 223 101. info@anosaterra.com info@anosaterra.com Impreso en papel reciclado Greenrey 100 de 60 gr/m²



'Non nos moverán'

LARA R. LORENZO

Helena Álvarez, Maruxa López, Carlos Díaz, e Teresa Álvarez son habitantes da residencia da terceira idade de Meixoeiro, en Vigo. Levan moito tempo pedindo reformas no edificio, que xa consideran o seu fogar. Mais agora teñen que marchar e separarse dos seus compañeiros e monitores por mor das obras. Están a buscar una alternativa para non teren que deixar "a súa casa", e piden que as reformas se fagan pouco a pouco.

Como empezou a solicitarse que fixeran obras no edificio?

Maruxa: Nós mesmos, porque a casa necesitaba arreglo urxente.

Helena: Chovíanos dentro! Había moitas pingueiras, e precisaba amaño xa. Pero nunca pensamos que ía acontecer isto, que nos ían separar uns de outros.

Que acontece agora?

Maruxa: Lévannos fóra, así, de golpe, a unha casa nova na que non estamos cómodos. Para moitos é como levarnos para o manicomio. As persoas que aínda nos valemos non nos sentimos ben. Ese tipo de residencia está ben para xente que precisa coidados, que os bañen, que estean pendentes deles... Alguén día estaremos así, pero de momento gústanos a cidade e pasear. E é moi duro. O que queremos, en resumo, é estar todos xuntos.

Carlos: Aquí o problema é, sobre todo, que se trata de xente moi maior: a media de idade está nos 90 anos, e son persoas que teñen pasado de todo na súa vida, a maioría a Guerra Civil. E cando xa estamos tranquilos, lévannos a un sitio novo onde imos atopar un persoal totalmente distinto. Hai que buscar unha alternativa, que teñan o mesmo persoal. Podíase facer unha concesión a unha empresa particular.

En que condicións están?



PACO VILABARROS

Helena: Non temos teléfono nos cuartos. Hai unha cabina para botar moedas.

Maruxa: Tampouco temos sitio onde meter a roupa, e na residencia vella hai cómodas moi boas que igual tiran. Non pedimos luxos, só cousas necesarias. Preferiamos estar na parte vella da casa, por mal que estea. Témoslle tanto cariño que tanto nos ten o vella que sexa.

Teñen bo ambiente?

Maruxa: Aquí témonos todos moito agarimo, somos unha familia.

E cos monitores?

Maruxa: Tratábannos coma nun hotel de cinco estrelas, ou mellor, que temos ido de excursión e non tiñamos ese servizo en hoteis. E o máis importante non é iso, senón o afecto. Son xente que ten que traballar e terá que aguantar moitas cousas, pero sempre nos tratan con todo o cariño. Dende que quedei sen fami-

lia, sempre dixen: "eu non quero cartos, quero agarimo". Tiñamos ao noso cociñeiro, ás enfermeiras... Iso, como unha familia.

Como xurdiu a idea de escribirille unha carta á conselleira de Asuntos Sociais, María Xosé Cimadevila?

Maruxa: Foi unha carta moi bonita, sen ofender a ninguén, pola contra: estamos contentos de que se fagan as obras, pero non de que se arreglen as cousas así, de sócato. A casa fómola amañando entre todos, pagando o aluguer. O que pretendemos é, polo menos, estar todos xuntos.

Helena: Era todo o que tiñamos, paz, tranquilidade e agarimo, e estamos a perdelo. Iso é o que nos doe.

Maruxa: Eu non durmo, sempre estou a pensar no mesmo. Non o dou asimilado. Se isto non se abandoa tanto, se dende o principio o foran arre-

gando... Pero tampouco se lle poden botar as culpas a ninguén. O que tentamos é pedir axuda a quen cremos que nola pode dar.

E cal foi a resposta? (A carta é do 29 de xuño)

Teresa: Veu onte o concelleiro delegado, que xa era para vir a semana pasada. Pero dixo que xa estaba todo arreglado: cando menos o do teléfono e o do transporte. Ían falar con Vitrasa.

Carlos: Aquí cadaquén mira os seus intereses, pero non se responsabiliza ninguén. Non sabemos se teñen conciencia para facerlle isto a persoas maiores. O único que queremos, e pensamos que se pode facer, é estar xuntos, co mesmo persoal e a mesma dirección. Estamos ben, dentro do que cabe, pero hai que buscar unha solución para o grupo enteiro. Hai moitas persoas que están colendo depresións, porque perden todo o que tiñan, sintense soas. ♦

Botas un peso no tocadiscos.
Méteslle unha profunda calada ao longo e afinado pitillo mouro.
Escollés canción de vagar, expulsando o fume. Premes a tecla cun súpeto toque que ecoa fachendoso. Axiña estala, eléctrico, libremente, o *Smoke on the water*. Todo estaba perfecto. O tempo ao teu favor, parecía. ¿A que hora vai vir o futuro?

Soberano

Unha novela de
ADOLFO CAAMAÑO



COLECCIÓN CENTRAL LITERARIA

A NOSA TERRA

Pobo

XOSÉ A. GACIÑO

Entre néboas e confusións, entre agresións e autoodios, entre complexos de inferioridade e manipulacións sistemáticas, entre manifestacións de indignación popular e votos vergonzantes de resignación supostamente pragmática, este país roto, tantas veces derrotado polos erros e traizóns de indignos señores e polo desprezo de ocupantes e dominadores, camiña incerto, envolto na súa melancolía e na súa ambigüidade defensiva, tanteando a decadencia do vello estilo caciquil que converte en favor do poder calquera dereito do pobo, e achegándose con timidez e receo ás novas propostas —en realidade, tan vellas como os anxeos de liberdade sucesivamente reprimidos e silenciados— sen decidirse a cortar definitivamente a súa inercia dependente e pasar á iniciativa propia, sen condicións e sen prexuízos, sen intransixencias pero tamén sen pasividades, e vacilante fronte a modernidades diversas que tanto lle poden axudar a enriquecer a súa identidade como empuxar a frivolidades consumistas que desembocan na uniformidade dos súbditos do imperio.

Quizais a sabedoría retranqueira deste pobo, supervivente ao longo de séculos de opresións, aínda poida ter folgos para manter a dignidade no medio da difusa marea de conformidades desmobilizadoras, arroupadas pola chantaxe non declarada dos que deciden sobre o traballo e o poder. Pero, polo de agora, e recordando uns versos do lembrado Novoneyra, temo que hai que esperar algunhas xeracións máis para salvar esta terra (e non sei se salvar é a palabra axeitada) e marchar do Caurel a Compostela por terra liberada. De todas maneiras, Uxío, a forza do noso amor nunca será inútil.